

**GALICIA QUERE,  
GALICIA PODE.**

**Pachi** | **PSG**  
**VÁZQUEZ** | **PSOE**

Candidato do PSdeG-PSOE á  
Presidencia da Xunta de Galicia.



**GALICIA  
QUERE,  
GALICIA  
PODE.**

**PSG<sup>DE</sup>**  
  
**PSOE**

---

***Pachi***  
**VÁZQUEZ**

# ÍNDICE\_

## **Introdución**

### **1. Recuperar o emprego cun novo modelo de crecemento**

- 1.1 Creación de emprego: a nosa axenda prioritaria
- 1.2 Producir, exportar, competir
- 1.3 Novos recursos financeiros
- 1.4 Sectores produtivos: claves para o desenvolvemento

### **2. Defensa do Estado do Benestar**

- 2.1 Atención social
- 2.2 Sanidade
- 2.3 Deporte

### **3. Un pulo á formación e á creatividade**

- 3.1 Cultura
- 3.2 Lingua
- 3.3 Educación
- 3.4 Universidades
- 3.5 Investigación científica

## **4. Territorio equilibrado e sostible**

- 4.1 Medio ambiente
- 4.2 Urbanismo e vivenda
- 4.3 Mobilidade

## **5. Mellor democracia e participación**

- 5.1 Calidade democrática e revalorización da política
- 5.2 Participación, menos palabras e máis feitos
- 5.3 Un goberno aberto, eficaz e áxil
- 5.4 Un bo goberno precisa dunha gran función pública
- 5.5 Os concellos: o valor do próximo
- 5.6 Igualdade real e efectiva
- 5.7 Novos dereitos e liberdades públicas
- 5.8 Unha política para a mocidade
- 5.9 Autogoberno
- 5.10 Xustiza
- 5.11 Cooperación ao desenvolvemento
- 5.12 Cidadanía no exterior: galegos de primeira
- 5.13 Acción exterior: regreso a Europa e axenda propia



# Introducción\_

---

***Pachi***  
**VÁZQUEZ**

**PS<sup>DE</sup>G**   
**PSOE**

Candidato do PSdeG-PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia.

Hai catro anos alguén prometeu milagres, pero non pasou nada, salvo a realidade. Incluso demasiada realidade, algo para o que o PP de Alberto Núñez Feijoo –pese a anunciar o Paraíso no seu programa– non estaba preparado. Así que preferiu fuxir das cousas que ocorrían. As cousas que ocorrían eran 275.000 galegos e galegas sen traballo, 88.000 familias sen ningunha prestación, 50.000 persoas mozas condenadas a mercar unha maleta, 133.000 mulleres á busca dun emprego, 300.000 persoas nas listas de espera da sanidade pública, as tres entidades de crédito galegas desaparecidas, 3.500 médicos e profesores despedidos, pensionistas abonando os medicamentos por duplicado. E isto só é unha parte do que pasa. Pero a Feijoo non lle importa. Desentendeuse do país. Cada vez que aparecía un problema procuraba non tanto unha solución como un inocente a quen culpar. Bastante tiña con capitalizar de cando en vez un éxito. Naturalmente, así goberna calquera. Incluso Feijoo. Pero iso non é gobernar. Isto é o único que o PP nos pode ofrecer. E mentres presume de que Galicia inventou os recortes, o país desangrase a maior velocidade que o resto de España.

A dereita galega só ten un programa de austeridade, que consiste en recortar, e cando temporalmente non hai que recortar, pensar en que recortar a próxima vez. Os socialistas temos un programa de goberno, que substitúe a idea de recortar pola de crecer. Esa é unha diferenza substancial. Pero a máis importante é que nós recoñecemos a realidade.

O falso discurso da austeridade de Feijoo non resiste a análise das cifras. No ano 2005 a Débeda Pública de Galicia ascendía a 3.380 millóns de euros. A finais do ano 2008 era 573 millóns de euros máis alta. Con Feijoo incrementouse en case que 3.700 millóns de euros, un 93 % superior. Pero esa débeda tan alta non fomentou o emprego, nin evitou os recortes en sanidade, ensino, dependencia. Agora debemos máis e temos peores servizos públicos. Sen dúbida Núñez Feijoo é un exemplo de mal xestor.

Hai tempo que a política galega é unha inercia, un xogo de mans diante dun espello. Gobernar, segundo o modelo de Feijoo, só foi unha operación cosmética. Primeiro desmontou o que fixera o goberno Touriño, xerando a sensación de que se facía algo, e cando golpeou a crise, alegou que tocaba practicar a austeridade, e instaurou o sono na Xunta de Galicia.

Pero o PSdeG está preparado para espertar ao país. Gobernar pasa por enfrontarse á realidade, e iso é algo que hai anos que o PSdeG sabe facer. Non prometeremos milagres. Nin sequera optimismos de moitas cores. Hai que traballar coa crúa realidade. E ter claro que non se supera a crise se non saímos todos xuntos.



A realidade é a xente. No noso proxecto de cambio só importa a xente. Nin os bancos. Nin a prima de risco. Nin as amnistías aos defraudadores fiscais. Só importa a xente. Non algunha xente. Toda a xente. O noso proxecto reivindica o público, o que é de todos e todas, como parte da nosa identidade e único camiño para saír dunha crise na que nos afundiron os intereses privados. O eixo do cambio será o público. O público non só é pagar para obter servizos de calidade. Tamén é contribuír a vivir nunha Galicia baseada na igualdade de oportunidades, na que ninguén fiquese apartado.

Nun escenario de crise total, sempre haberá ámbitos que nunca estean en crise. A igualdade, a solidariedade, a distribución equitativa de bens e oportunidades, non poden estar en crise, na mesma medida que non o poden estar a cor vermella, o ángulo de 360 grados ou a simpatía. Son valores socialistas, e hoxe cómpre máis que nunca aferrarse a eles.

O modo de estar coa xente a través do exercicio dos valores da solidariedade ou igualdade, é a ferramenta máis potente para chegar ás persoas, e a garantía de que unha organización como a do PSdeG será a opción máis fiable para os galegos o 21 de outubro. Na medida que asumamos isto e, ao mesmo tempo entendamos que os proxectos políticos non son globais senón que teñen que adaptarse aos lugares, tamén o PSdeG acabará por converterse na verdadeira esperanza do pobo galego.

A política ten que regresar á persoa. Dende o punto de vista económico, é preciso que as novas xeracións herden máis activos que pasivos. Necesitamos que no futuro existan máis oportunidades que no presente. Iso requirirá un cambio. E o PSdeG é o único capaz de liderar o cambio posible.

No peor momento da crise, o gran reto que afrontamos é como actuar para evitar a quebra da cohesión social. Faremos o único que pode facer un goberno responsable: apostar pola xente, amortecer os dramas que desencadea a perda de emprego, e dispor as medidas que nos permitiran superar este período. Un goberno socialista xogará o papel de provedor de protección. Non será a causa da desprotección. Cómpre investir nos sectores máis dinámicos e crear novas oportunidades para todos, propiciando novas fontes de ingresos.

Traballemos esta idea. Traballemos, de feito, con ideas. Máis ideas. Ideas antagónicas ás que nos conduciron á situación actual. As ideas novas son medios de transformación, e nesa medida momentos dalgún cambio.



# Recuperar o emprego cun novo modelo de crecemento

---

***Pachi***  
**VÁZQUEZ**

**PSG**   
**PSOE**

Candidato do PSdeG-PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia.

**1.1**

# **CREACION DE EMPREGO\_**

**A NOSA AXENDA PRIORITARIA**

## 1.1.1

## A FALSA AUSTRIDADE

Hai tres anos e medio Núñez Feijoo prometeu milagres. O PP gañou as eleccións asegurando que ía acabar co paro en 45 días. Só conseguiu que cada día que gobernou Galicia houbera 95 persoas paradas máis. Hoxe hai 113.200 parados máis que cando chegou ao goberno, e 134.800 postos de traballo menos. Por primeira vez na nosa historia, milleiros de persoas novas, as mellor formadas, están en risco de vivir peor que os seus pais e nais. A dereita está facendo recaer o peso da crise sobre os sectores máis febles, asalariados, pensionistas, mocidade, rentas máis baixas. Tamén está depauperando ás clases medias, ós profesionais e cadros.

O **falso discurso da austeridade** de Feijoo non resiste a análise das cifras. No ano 2005 a Débeda Pública de Galicia ascendía a 3.380 millóns de euros. A finais do ano 2008 era 573 millóns de euros máis alta. Con Feijoo incrementouse en case 3.700 millóns de euros, un 93 superior. Pero esa débeda tan alta non fomentou o emprego, nin evitou os recortes en sanidade, ensino, dependencia. Agora debemos máis e temos peores servizos públicos. De representar o 7 % do PIB, agora resulta ser superior ao 13 % do PIB galego. Sen dúbida Núñez Feijoo é un exemplo de mal xestor.

.Feijoo non é austero, simplemente carece de ideas. Presidiu un goberno máis preocupado por **derrubar o estado de benestar** baseado nuns servizos públicos que en saír da crise. Esa carencia de políticas e a falsa austeridade fixo que a crise, que cando accedeu á Presidencia afectaba menos a Galicia que ás demais comunidades, nos golpease máis fortemente.

Os nosos **sectores produtivos** sufriron máis que ningún outro, polo que o seu emprego perdeu peso no conxunto do Estado: o sector agro forestal perdeu o 16% do seu peso no Estado, a pesca o 2,3%, a confección o 3,5%, a metalurxia e a automoción o 3,4%, o naval o 15,1%, a enerxía o 13,9%, a hostalería o 2,9%, as comunicacións o 5,5%, o financeiro o 2,1%, a administración o 3,1%, a sanidade o 3,1%, os servizos sociais o 5%.

### 1.1.2

## **SOLUCIÓNS ACTIVAS AO PARO XUVENIL**

Dentro dos parados, hai quen por razóns de sexo, idade ou tempo no paro ten máis dificultades para incorporarse por primeira vez ou de novo a un posto de traballo. En Galicia hai 51.967 mozas e mozos menores de 30 anos parados e inscritos no Servizo Público de Emprego. A crise cebouse coa mocidade: de cada tres afiliados que había cando chegou Feijoo, un perdeu o seu emprego. Afecta en especial aos que deixaron a escola e se incorporaron ao mercado, e aos que acadaron unha formación universitaria ou profesional.

A aqueles que acadaron o Premio de fin de carreira en 2011 Feijoo regaloulles unha maleta. Os que abandoaron a escola foron tan marxinados que nin tiveran acceso ás políticas de formación para o emprego ao carecer do Graduado en Secundaria. Aos que teñen **formación de tipo profesional**, nos, en vez da maleta, proporcionámoslles bolsas contrato e ós que carecen dela incorporaránse a programas mixtos de emprego e formación vinculados aos sectores de futuro e con certificado de profesionalidade. Neste programa atenderemos a mais de 25.000 persoas de menos de 30 ano na próxima lexislatura.

### 1.1.3

## **PARADOS DE LONGA DURACIÓN REMATAR CA SÚA POSTERGACIÓN**

Dende que chegou Feijoo ao goberno, as persoas desempregadas con máis dun ano no paro pasaron de ser un de cada catro parados a un de cada dous. Hoxe hai 134.400 persoas paradas de longa duración. Boa parte carece de prestacións por desemprego.

Estableceremos un **programa mixto de emprego e formación** para **15.000 parados** con cargas familiares e que esgotasen as prestacións por desemprego nos últimos dous anos.

## 1.1.4

**AS MULLERES, ESQUECIDAS POR FEIJOO**

O salario medio das galegas é un 23% inferior ao dos homes. As mulleres sofren especialmente a incidencia da crise: dunha banda a dereita pretende relegalas de novo ao fogar e doutra están incorporadas ao mercado de traballo dun xeito máis precario. En moitos casos figuran con contratos a tempo parcial e realizan xornadas completas.

Para rachar con esta discriminación impulsaremos o “Plan Muller porque si”. Serán **actuacións de información, orientación e formación para o emprego** en ocupacións **nas que a contratación supere o 60% de homes**. Definiranse anualmente as profesións sobre as que se actuará, e as mulleres participantes, de cumprir cos requisitos, poderán acceder ao salario de inserción mentres dure a formación. Neste programa participarán **non menos de 10.000 mulleres**.

## 1.1.5

**PERSOAS PARADAS DE MÁIS DE 50 ANOS,  
UN COLECTIVO AO QUE ATENDER.**

En Galicia hai 77.500 parados inscritos con máis de 50 anos. As persoas desta idade e que carezan de prestación serán un dos colectivos que definiremos como prioritarios para que accedan a **programas de cooperación** e, deste xeito, poidan continuar coa súa vida activa. Tamén estableceremos un **incentivo** para paliar os efectos negativos que ten a eliminación que fixo o PP da bonificación na Seguridade Social pola contratación de persoas perceptoras de subsidios.

### 1.1.6

## SEN INVERSIÓN NON HAI POLÍTICA

En 2005, último orzamento de Fraga, había 264 millóns de euros para **políticas de emprego**; o esforzo nos anos do bipartito elevaron os fondos dispoñibles ata os 420 millóns en 2009. Con Feijoo volveu o PP ao goberno e recortan outra vez os fondos, esta vez por debaixo de 2005. **O goberno de Rajoy** sigue pola mesma liña e en 2012 transferirá 133 millóns euros menos. Desesperanzador.

Os socialistas consideramos que as políticas de emprego son un dos instrumentos necesarios para mellorar a empregabilidade e implantar un novo modelo productivo. Comprometémonos a incrementar os orzamentos destinados ás políticas de emprego ata acadar outra vez ratios **do PIB similares a 2009**, mantendo unha actitude máis exixente respecto aos fondos a transferir dende o goberno central.

### 1.1.7

## UNHA SAÍDA SOLIDARIA

A **calidade no emprego** condiciona a **calidade de vida**. As nosas preocupacións deben ser a procura de condicións de traballo decentes para todos. Porque o concepto de decencia laboral volve estar cuestionado, tantos anos despois. Quen o diría.

O PSdeG **rexeita a reforma laboral do PP** que precariza o emprego e abarata o despido e os salarios. Nós defendemos un modelo que fronte a precaridade do emprego sexa competitivo en innovación, emprendemento e produtividade, á vez que xera alto valor engadido e calidade de vida para os galegos.

Para conseguido, potenciaremos **acordos marco entre sindicatos e empresarios** que poñan en valor a calidade do emprego. Asemade, propiciaremos nos convenios cláusulas que manteñan a súa vixencia alomenos catro anos despois da súa denuncia ou caducidade.

Naquelas empresas que recaden **sacrificios** económicos aos seus **traballadores** eses sacrificios redundarán nunha maior **participación social nas decisións a adoptar pola empresa**.



Crearemos un distintivo de “**empresa responsable**” de acordo cos principios definidos e darémolles tradución nos **procesos de contratación** administrativa.

Os Pactos **territoriais de emprego**, que actúan nos mercados locais, serán reinstaurados e dotados axeitadamente. Para iso, derogaremos o Decreto 192/2011, para que se reactiven os pactos que estaban funcionando en 2009 e promoveremos a súa ampliación.

Noso **obxectivo** é rematar a lexislatura **con máis empregos cos actuais**: as políticas combinadas de promoción económica e emprego debe ser capaces de dinamizar o tecido local. O obxectivo é superar **de media outra vez o millón de afiliados**.

Estableceremos obxectivos á Inspección de Traballo para que vele pola igualdade efectiva de mulleres e homes, pola vixianza do cumprimento da xornada nos contratos a tempo parcial e de formación e da non utilización fraudulenta dos contratos temporais

Elaboraremos unha **Lei de promoción do emprego para persoas con discapacidade**, co obxecto de mellorar a súa inserción laboral.

**Afondaremos na normativa existente para mellorar as condicións de traballo das que se derive un menor risco laboral e unha redución da siniestralidade.**

### 1.1.8

## UNHA FORMACIÓN PARA O FUTURO

Seis de cada dez desempregados carecen das competencias clave para poder acceder a cursos de formación de nivel II, que supoñen máis do 75% das accións formativas. As actuacións de formación non responden ás necesidades do tecido produtivo. Cómpre, pois, facilitar a capacitación necesaria en **competencias-clave** a aqueles demandantes que carezan dela. Estableceremos un módulo de formación laboral vinculado ao convenio 140 da OIT, con carácter transversal e obrigatorio.

Vincularemos a oferta formativa de cada territorio coas necesidades contempladas en cadanseu Plan de emprego, dando prioridade aos demandantes que teñan incluída esa acción no seu itinerario de inserción profesional. Asemade, recuperaremos o **Salario Galego de Inserción**:

### 1.1.9

## POLO APOIO AO EMPRENDEMENTO INDIVIDUAL E COLECTIVO

Feijoo e Rajoy recortaron substancialmente os fondos destinados ao emprendemento, co que hoxe hai un 58% menos de fondos que en 2009. Os socialistas consideramos necesario apoiar a **economía social** como forma de xerar desenvolvementos sostibles en novos enclaves laborais. Crearemos instrumentos para definir proxectos economicamente rendibles e socialmente necesarios. A posta en marcha destes proxectos terá a consideración **de iniciativa local de emprego**.

Garantiremos, cando menos **durante o primeiro ano**, o importe do **85% da cotización ás persoas desempregadas** que se establezan como autónomos non dependentes sempre que carezan de posibilidades de capitalizar unha prestación. Na mesma liña, garantiremos o 85% do aporte que deban facer os parados que se incorporen a unha cooperativa ou sociedade laboral xa en marcha sempre que carezan de posibilidades de capitalizar unha prestación ou a diferenza entre a súa capitalización e o 85% do aporte. Tutelarase a posta en marcha desas iniciativas durante o primeiro ano, e en caso excepcional dous anos, por medio da participación de capital público que permite a lei.

O mundo cooperativo representa o 2% do PIB de Galicia, e as súas empresas son precursoras da creación de emprego estable e de calidade, da igualdade entre homes e mulleres, e da posta en marcha da responsabilidade social empresarial. A tarefa de promover o seu emprendemento debe ser unha das nosas prioridades

No último ano, os autónomos e autónomas afiliados á Seguridade Social seguiron diminuíndo. Galicia ten o 7,1% dos autónomos de España e rexistra o 10,7% das diminucións. Este é o apoio do PP ao emprendemento. A destrución do crédito, tanto de orixe privada como pública; a drástica diminución da demanda interna; a destrución de emprego e a alta morosidade interempresarial e coas administracións públicas, fan difícil a súa supervivencia. Dado que foi o Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero o que aprobou o **Estatuto de Traballo Autónomo**, reivindicamos o seu desenvolvemento así como a posta en marcha de políticas que fomenten o emprego deste xeito de facer empresa.

Asemade, é necesario desenvolver a **Lei de emprendemento e traballo autónomo**. Para consolidar a nosa liña de acción, cremos imprescindible: a posta en funcionamento dos órganos de representación deste colectivo para consolidar a súa interlocución coa administración autonómica e participar na construción do modelo socioeconómico; loitar contra a economía mergullada e a competencia desleal que os afoga; acadar máis dotación nos plans de fomento do autoemprego, etcétera.

Na situación actual de paro débese posibilitar aos emprendedores, individuais e colectivos, que teñan a posibilidade de usar as prestacións por desemprego recoñecidas, para **satisfacer os custes de Seguridade Social** do seu propio posto de traballo.

## 1.1.10

# AXENCIA GALEGA DE EMPREGO

A vinculación das políticas mencionadas pasa por unha forma diferente de definir as funcións do Servizo Público de Emprego. De feito, é o noso propósito crear unha **Axencia Galega de Emprego, que absorberá as funcións do Servizo Público de Emprego** e asumirá os programas de apoio para a promoción económica a emprendedores, microempresas, cooperativas e sociedades laborais, en coordinación co Instituto Público de Crédito e Finanzas. Un dos seus obxectivos será potenciar a orientación laboral- .Na súa dirección estarán presentes sindicatos e empresarios. O proceso de diálogo social incluírá o debate da xestión do emprego e avaliación das actuacións.

Comprometémonos a que o Servizo Público de Emprego teña a dotación de **personal promotor e orientador** suficiente para atender os itinerarios personalizados de inserción e de busca de emprego, posto que a inserción laboral das persoas demandantes así o require e na actualidade a dotación é insuficiente debido aos despedimentos do goberno Feijoo.

Elaboraremos a Lei de emprego de Galicia que estableza os dereitos e deberes dos demandantes de emprego e dos empregadores.

1.2

# **PRODUCIR, EXPORTAR, COMPETIR\_**

## 1.2.1

### **O PP RESIGNOUSE, O PSdeG NON**

O goberno de Alberto Núñez Feijoo renunciou a crear riqueza e emprego, o PSdeG non. Nesta organización temos unha obsesión: impulsar a actividade económica en Galicia, e que conduza á xeración de postos de traballo novos. Necesitamos fonte de ingresos para as familias pero tamén recuperar cotas de benestar social para a cidadanía. Esta é unha obriga dos poderes públicos.

Forma parte dos nosos obxectivos a consolidación do postos de traballo xa existentes así como o mantemento do tecido produtivo dos sectores primario, secundario e terciario. Sectores como o agroalimentario, a **pesca**, o **naval**, a enerxía, a **automoción**, o **textil**, entre outros, falan do noso futuro como país. Onde está escrito, como suxire a rendición do goberno do PP, que Galicia non é un lugar idóneo para a actividade económica de traballadores autónomos, de empresas de economía social (cooperativas, asociacións, fundacións), sociedades mercantís e, por suposto, das persoas asalariadas.

#### **Pretendemos potenciar as vantaxes competitivas de Galicia:**

- Focalizando a Investigación e a Innovación na aplicación a proxectos empresariais creadores de emprego.
- Mellorando a competitividade vía custos, calidade e incremento de valor engadido
- Mellorando a formación, adecuación e destrezas dos traballadores, en relación coas necesidades do sistema produtivo.
- Optimizando as infraestruturas físicas e intanxibles que conduzan á redución de custos e á mellora da competitividade.
- Racionalizando e simplificando as Administracións, reducindo custos e prazos, e liberando de tarefas burocráticas aos recursos humanos cualificados cara ás áreas de coñecemento e asesoramento de máis valor económico.

Apoiando a competitividade das actividades con máis incidencia económica, de emprego e con perspectivas de sostemento a longo prazo no mercado doméstico e internacional Farémolo mediante plans de competitividade sectoriais, plans por ramas de actividade e de empresa .

Pero tamén compre incrementar a **valorización social do emprendemento** e crear as mellores condicións para desenvolvelo con actividades como:

- **Educación para emprender.** Introducción no currículo educativo de contidos, metodoloxías e materiais para crear valores e visión do emprendemento, co apoio de expertos externos.
- Formación en xestión empresarial e titorización do proceso de racionalización dos recursos humanos de apoio a emprendedores, actualmente dispersos en distintos centros (Cámaras de Comercio, organizacións de empresarios, Axentes locais de emprego, Igape, etcétera). Asemade, potenciaremos as **redes de inversores privados- Business angels**, para o financiamento e asesoramento privado de proxectos.

É imprescindible establecer unha estratexia para a **revitalización demográfica**, que contemple o incremento dos índices de fecundidade e a inmigración; unha consideración específica dos retos que coloca o avellentamento poboacional; e unha dimensión territorial.

**As medidas que poremos en marcha serán:**

- Favorecer a incorporación da muller ao traballo, a conciliación da vida laboral e familiar e a estabilidade no emprego de mozos e mozas (accións sobre o mercado de traballo).
- Extensión dos servizos sociais (tanto na súa dimensión de facilitar a crianza dos fillos, como de atención ás necesidades derivadas do avellentamento).
- Facilitar a emancipación, a través do acceso da mocidade á vivenda en réxime de propiedade ou aluguer e outras medidas.
- Impulsar a mobilidade laboral e o saldo migratorio positivo para Galicia, con políticas que teñan en consideración aos galegos no exterior e a integración dos inmigrantes.
- Impulsar unha política de incentivos en distintos campos, e singularmente, na utilización da fiscalidade propia da Xunta de Galicia.
- Promover a fixación de poboación nas zonas de forte despoboamento, contrastando a tendencia á polarización espacial interna.

## 1.2.2

# PORTOS E PLATAFORMAS LOXÍSTICAS UN RETO A ACOMETER

A veciñanza con Portugal, e as inmejorables condicións dos nosos **portos**, da Zona Franca de Vigo e do Depósito franco da Coruña, dos aeroportos e da chegada do tren de Alta Velocidade, fan do noso país un ámbito adecuado para a **inversión nacional e estranxeira**. A ampliación do **canal de Panamá** conectará o Atlántico e o Pacífico a través de grandes buques, polo que captar estes tránsitos para descargar, almacenar e distribuír as **mercadorías** permitiría crear empregos directos e indirectos (reparación naval, transporte interior, centros loxísticos, entorno favorable para o asentamento de empresas)

Gobernar é atopar solucións, innovar outras actividades económicas: empresas tecnolóxicas, empresas de enerxías renovables, empresas de economía social, spin off, empresas formadas por xente nova, empresas innovadoras, empresas en proceso de internacionalización. Cando sexamos capaces de atraer a implantación de novas empresas –favorecendo o uso de solo industrial e de servizos, fortalecendo as actividades derivadas do turismo, etcétera– estaremos máis preto de superar a crise.

O PSdeG afondará nas **potencialidades loxísticas** de Galicia para convertela en punto de entrada e saída de mercancías por mar e aire mediante a utilización dos grandes portos e dos portos complementarios, así como dos aeroportos para abastecer ás grandes áreas industriais de Ferrolterra, Coruña e Vigo. Instaremos o compromiso do Ministerio de Fomento para garantir a pronta finalización das conexións ferroviarias e da rede de alta capacidade cos portos exteriores.

A implantación de novas **zonas e depósitos francos** nos portos exteriores de Ferrol e Coruña e na plataforma loxística de Salvaterra- As Neves, permitirá reforzar a posición de Galicia como punto loxístico para almacenar e transformar mercadorías. Máis cómpre vindicar a creación de solo industrial e mellorar as plataformas de información sobre o emprazamento e os requisitos para a disposición de terreos. Iso non é óbice para racionalizar e especializar o solo industrial e de servizos para sectores como a loxística, a innovación, as enerxías renovables ou as empresas auxiliares da automoción.



1.2.3

## **AXUDAS PÚBLICAS ÁS EMPRESAS MAXIMIZAR A EFICACIA**

Maximizarase o aproveitamento dos **fondos comunitarios** e estatais **evitando convocatorias redundantes**. As axudas concentraranse nun único organismo, mellorando a valoración técnica dos proxectos, racionalizando as liñas de axuda e concentrando os recursos que contribúan directamente á creación e sostibilidade do emprego.

A concorrencia competitiva será o método xeral de convocatoria.

## 1.2.4

### **MEDIDAS DE APOIO Á INTERNACIONALIZACIÓN**

Elaboraremos plans sectoriais cos representantes empresariais, sindicais, asociacións, clusters, etcétera, definindo as accións e os apoios públicos. A estratexia e os plans de Galicia estarán coordinados co Goberno de España para reforzar a **imaxe de marca**, evitar duplicidades e aproveitar a infraestrutura de embaixadas e oficinas comerciais no exterior.

Prestaranse servizos de asistencia e asesoramento técnico para o comercio internacional no inicio do proceso de internacionalización. A Xunta porá a disposición das empresas servizos de información de mercados, oportunidades comerciais, estudos de mercado, normas técnicas, etiquetado, embalaxe, información sobre competencia, canles comerciais, loxística de transporte, réxime de aduanas, etcétera.

Ofertarase unha **convocatoria de bolsas en comercio exterior** para coñecer e avaliar oportunidades comerciais en países de especial interese para a exportación. Asemade, crearemos a **Fiesta Única Empresarial** que, co emprego das novas tecnoloxías e da Administración electrónica, facilitará a creación de empresas e a actividade industrial.

Crearemos unha **Oficina Empresarial e do Emprendedor** que asuma a función de informar ás empresas e aos emprendedores de todas as cuestións necesarias para a creación ou o desenvolvemento dunha actividade económica.

Concertarase unha póliza de aseguramento de cobro e información de solvencia con compañías especializadas, dirixida ás Pemes galegas.

Concertarase unha liña de crédito á exportación con entidades financeiras especializadas, para financiar operacións das pequenas e medianas empresas. A Xunta promoverá coas organizacións empresariais e financeiras a formación en Loxística e Comercio Internacional, orientada a profesionais e empresarios, segun-

do os modelos internacionais máis contrastados. Igualmente promoverase a formación en inglés técnico e de negocios.

A Xunta colaborará coas empresas no financiamento da incorporación de especialistas en comercio exterior ás empresas así como na creación de empresas *trading* ou de servizos de loxística.

Promoverase coas grandes empresas galegas unha estratexia conxunta de achegamento e implantación produtiva de provedores cando a demanda interna e os custos así o xustifiquen.

Promoveremos a atracción de investimentos en actividades intensivas en emprego, preferentemente en sectores tecnolóxicos así como en actividades de explotación empresarial dos resultados da I+D+i.

A Xunta recuperará o control das oficinas de promoción comercial no exterior.

**1.3**

# **NOVOS RECURSOS FINANCEIROS**

---

## 1.3.1

## UNHA AXENCIA TRIBUTARIA GALEGA: GAÑAR EFICIENCIA, LOITAR CONTRA A FRAUDE

A presente crise prodúcese porque o capitalismo mundial abandona o sistema produtivo en favor de prácticas **financeiras especulativas**, favorecidas por políticas desreguladoras erráticas, sistemas fiscais inxustos e falta de controis por parte de poderes públicos. As consecuencias tradúcense en custes sociais que supoñen un deterioro das condicións de vida. Con máis de 275.900 parados, a política económica de Galicia non pode seguir baseándose, exclusivamente, nos recortes e no control do déficit.

Os socialistas apostamos por un modelo de economía produtiva capaz de xerar emprego estable e ben remunerado. En consecuencia, queremos que teña **fontes de financiamento** á súa medida. Na actual situación é fundamental a utilización da **capacidade de locomotora do sector público** cara ao conxunto dos demais sectores. No eido socioeconómico apostamos pola **competencia**, tanto como sexa posible, pero tamén pola **intervención**, tanto como sexa necesaria.

Un bo Goberno debe exercer as súas funcións, centrándose nestes escenarios para xerar riqueza. Neste senso, tentaremos abordar nun primeiro lugar as posibilidades de **financiamento alternativo e/ou complementario** ao existente. É preciso analizar as opción de novos tributos que afecten dun xeito moi específico a aqueles que eluden vías máis tradicionais a aquelas persoas ou entidades con niveis de riqueza ou beneficio elevados, así como analizar as novas posibilidades da denominada **fiscalidade verde**. Analizaremos as grandes vías de gastos existentes na actualidade para establecer aqueles elementos que pola súa escasa funcionalidade poden contar con menor dotacións para que sexan **transferidas** a eidos con máis rendibilidade económica e social.

Se ingresos e gastos non poden ser dissociados, temos que acadar un mellor e máis eficiente funcionamento da **nosa administración tributaria**, co obxectivo de que se afofunde na eficacia e xustiza distributiva do sistema tributario, no desenvolvemento da nosa autonomía fiscal e na coordinación entre as distintas administracións. Hai que **penalizar os comportamentos insolidarios, improdutivos ou especulativos**, avanzando na cultura fiscal, un referente esencial para reforzar o combate contra a fraude.

Por todo isto defendemos a creación dunha **Axencia Tributaria Galega**, que desenvolva con profesionalidade as funcións tributarias da administración galega, singularmente, a loita contra a fraude fiscal.

Igualmente, nos comprometemos a realizar unha contabilidade pública realista e que reflicte os verdadeiros datos da situación financeira galega, fuxindo da súa maquillaxe.

### 1.3.2

## **NOVAS VÍAS DE INGRESOS MAÍS EQUITATIVOS**

Galicia debe **garantir un nivel de ingresos que permita** elevar consecuentemente os orzamentos de gasto da nosa Comunidade, co obxectivo de aproximarse ao 20% do PIB. Iso permitirá manter o nivel de recursos necesario para asegurar a redistribución da riqueza, a igualdade de oportunidades, uns servizos públicos de calidade e a solidariedade e inclusión dos máis desfavorecidos. Tal que así, é imprescindible camiñar na senda dunha maior progresividade fiscal, para consolidar o Imposto sobre o Patrimonio e lograr que contribúan máis os que máis posúen. A vez que reformar á alza a imposición para os tramos de rendas máis elevadas. Só así acadaremos un sistema impositivo que iguale a todos os cidadáns e procure un trato máis equiparable ás rendas do traballo e do capital. Uns impostos que establezan **prezos de referencia** xustos e vinculados aos de mercado para os **bens inmoables**. Un sistema impositivo **que non outorgue beneficios fiscais aos propietarios de segundas** ou máis residencias mentres moita mocidade e familias galegas non poden acceder a unha vivenda digna.

É preciso someter a un escrutinio rigoroso o conxunto dos beneficios fiscais nos impostos para decidir cales están en consonancia coa nova situación económica. Igualmente, a Xunta invitará aos concellos á revisión das exencións fiscais na tributación local, promovendo criterios uniformes.

Revisaremos o sistema autonómico de ingresos en busca dunha **maior progresividade fiscal**, de xeito que **os que mais teñen máis contribúan**, principio solidario fundamental nunha época de crise económica como as que estamos a atravesar. Así propoñemos o aumento dos tipos impositivos nos tramos autonómicos no IRPF **para gravar ás rendas máis elevadas**; dotar de carácter permanente ao imposto sobre o patrimonio, modificando aqueles elementos impositivos para que os que posúen patrimonios máis cuantiosos tributen en maior proporción; e examinar as condicións de excepcionalidade para determinadas taxas ou prezos públicos co obxecto de poder beneficiar ás familias con escasos ingresos ou máis desfavorecidas socialmente.

Eliminaremos ineficiencias en figuras tributarias como nos Impostos sobre sucesións e doazóns, e sobre transmisións patrimoniais, co obxectivo de incrementar a súa equidade. **Regularemos novas fontes de ingresos fiscais:**

a) Promoveremos a implantación dun **novo imposto sobre a banca**, en función dos seus depósitos, do seu uso e rendibilidade, coa prohibición de transferir o seu custe aos clientes, de xeito similar á imposición que xa existe noutras comunidades autónomas.

b) Profundizaremos no ámbito da **imposición medio ambiental** ampliando a denominada **fiscalidade verde**. Incorporaremos posibles gravámenes sobre a emisión de contaminantes á atmosfera, o aproveitamento empresarial das augas, das terras e dos recursos naturais, así como sobre o transporte de enerxía.

c) Estableceremos un **imposto sobre grandes superficies comerciais**, logo do fallo do Tribunal Constitucional que declarou a súa constitucionalidade noutras comunidades autónomas.

### 1.3.3

## UN MODELO DE FINANCIAMIENTO SUFICIENTE

O **modelo de financiamento autonómico** que vén de ser aprobado no ano 2009, representou un avance en termos de autonomía financeira e permitiu achegar máis recursos ás facendas autonómicas. Pero resulta imprescindible avaliar a súa aplicación para acadar os principios de suficiencia e igualdade.

Apoiaremos os factores que fortalezan os principios de solidariedade e suficiencia financeira, así como a ponderación axeitada da totalidade dos costes de prestación de servizos.

Do mesmo xeito, é imprescindible reformar o **fondo de cooperación interterritorial** (FCI), que debe, polo menos, duplicar os fondos e proporcionar a Galicia unha discriminación positiva que permita a nosa converxencia co PIB per cápita medio de España, actuando como complemento á redución dos fondos da UE a partir do 2013.

As dificultades financeiras da comunidade e dos concellos fan preciso **ampliar o período de devolución dos anticipos** percibidos do Estado, mentres que este se compromete a incorporar os axustes positivos derivados da maior recadación sobre as previsións no seguinte exercicio orzamentario.

Igualmente é necesario acadar un reparto máis favorable para as comunidades autónomas e concellos no que respecta á distribución do déficit total do Estado, fixado moi claramente na actualidade a favor da Administración central. Propugnamos un **novo modelo de financiamento local** que garanta a suficiencia financeira dos concellos.

Procederemos a revisar o sistema autonómico de ingresos en busca dunha **maior progresividade fiscal**, de xeito que **os que mais teñen máis contribúan**, principio solidario fundamental nunha época de crise económica como as que estamos a atravesar. Así propoñemos o aumento dos tipos impositivos nos tramos autonómicos no IRPF **para gravar ás rendas máis elevadas**; dotar de carácter permanente ao imposto sobre o patrimonio, modificando aqueles elementos impositivos para que os que posúen patrimonios máis cuantiosos tributen en maior proporción; e examinar as condicións de excepcionalidade para determinadas taxas ou prezos públicos co obxecto de poder beneficiar ás familias con escasos ingresos ou máis desfavorecidas socialmente.



As fórmulas sobre o **financiamento público- privado** poden resultar oportunas cando se refira a investimentos produtivos que poidan acadar unha mellora substancial da produtividade e da competitividade da nosa economía. Pero **rexeitámo-las, radicalmente**, na execución e xestión de infraestruturas **sanitarias, educativas ou sociais**.

Demandaremos do goberno do Estado, cunha actitude máis esixente, **o establecemento dunha política económica e financeira que supoña un mellor trato para Galicia**. Reclamando cuestións como: a aposta por programas europeos que posibiliten fondos cara á recuperación económica e creación de emprego; o establecemento de prazos axeitados para compatibilizar os obxectivos de consolidación fiscal con medidas de estímulo económico, tendo en conta ademais a situación real de cada unha das comunidades autónomas; a revisión dos límites e da ponderación actual do déficit público entre os distintos niveis de administración; o aumento da imposición no Imposto de Sociedades para as empresas de gran tamaño e grandes entidades empresariais; o establecemento de **límites para as SICAVs**; o apoio a implantación a nivel europeo do imposto sobre transaccións financeiras; a implantación de medidas de apoio ás iniciativas que incentiven a reinvestimento dos beneficios das empresas na creación de emprego; así como a defensa do mantemento dos fondos europeos “phasing out”.

En relación **aos investimentos públicos por parte do Estado** para a próxima lexislatura, Galicia deberá contar cunha porcentaxe nunca inferior á media dos últimos catro anos en relación ao investimento territorializados do Estado.

### 1.3.4

## **A RECUPERACIÓN DO CRÉDITO E A BANCA GALEGA**

Unha das facianas máis problemáticas desta crise para as economías occidentais é conseguir **desatascar os canais do crédito** para permitir financiar de xeito suficiente a produción e o consumo. En Galicia, ás dificultades xerais únese a **preocupante situación de NG Banco**, pola súa implicación no territorio e co empresario galego, e no que se dá unha forte compoñente de incerteza futura, da que é responsable o actual goberno autonómico.

Apoiamos a existencia dun banco **competitivo con presenza de capital galego** e vinculado ao noso territorio, integrado nun modelo de banca serio e cun proxecto rigoroso. E ao mesmo tempo cun alto grao de implicación nos obxectivos sociais e cos sectores produtivos estratéxicos do país, coa necesaria busca da supervivencia **da obra social** das antigas caixas e á blindaxe fronte a chamada exclusión financeira.

Resulta imprescindible garantir que os **directivos** de calquera institución financeira que precisase recursos públicos, manteñan **niveles razoables de remuneración** e que o seu nivel de incremento salarial estea en consonancia cos que se lle apliquen aos traballadores.

Procederemos á inmediata creación dunha **comisión parlamentaria de investigación sobre as nosas caixas**, dado que no actual período de sesións a posición contraria do Partido Popular non fixo posible a súa constitución, pese ás reiteradas solicitudes que realizamos os socialistas.

Aprobaremos unha Lei para a regulación e desenvolvemento das fundacións especiais en relación ás entidades financeiras, garantindo os seus fins e servizos sociais e dando cabida a unha participación plural nos seus órganos.

Impulsaremos **medidas de protección** dos consumidores de servizos financeiros, de modo que os cidadáns poidan tomar decisións informadas e coñecer as condicións de rendibilidade e os riscos dos servizos que adquiren, para evitar as prácticas abusivas das entidades financeiras.

Reclamaremos do Goberno central unha solución xusta para **os afectados pola estafa das participacións preferentes** que implique a total recuperación do seu investimento.

## 1.3.5

## UN NOVO INSTITUTO PÚBLICO DE CRÉDITO E FINANZAS

Entendemos relevante a creación **dun Instituto Público de Crédito e Finanzas** de Galicia, que virá a substituír ao actual e inoperante IGAPE. Atenderá os proxectos empresariais con capacidade de creación de emprego, con efecto multiplicador, as empresas de alto potencial de crecemento e xeración de emprego, as empresas con capacidade exportadora, e as que introduzan novas tecnoloxías ou procesos.

Un dos seus elementos novos consistirá no substancial recorte **das subvencións a fondo perdido** da actualidade. Estas deberán transformarse en figuras que permitan un máis rigoroso control das axudas e os fondos achegados. Neste instituto deberán concentrarse as funcións que actualmente levan a cabo un conglomerado de organismos e entes públicos no ámbito de axuda á labor empresarial.

Fiscalizaremos ás **empresas galegas** que teñan recibido axudas públicas directamente da Xunta de Galicia para que, durante cinco anos dende a concesión da subvención, **non poidan mudar os seus centros de produción** e fabricación fóra de Galicia.



1.4

# SECTORES PRODUTIVOS

CHAVES PARA O DESENVOLVIMENTO

**1.4.1**

# **UNHA INDUSTRIA GALEGA**

**MÁIS COMPETITIVA**

## 1.4.1.1

## ESFORZO TECNOLÓXICO

A actividade industrial é a que concentra o maior **esforzo tecnolóxico** e a que posúe a maior capacidade de tracción sobre a economía en xeral. É o sector que crea máis postos de traballo e onde se alcanzaron os maiores niveis de posta en valor das capacidades dos recursos humanos, ademais de fixar poboación, e estrutura a sociedade e o territorio. Pero é tamén o sector onde se **perderon 40.000 empregos** nesta lexislatura.

Urxe pór en marcha un programa de **investimento de I+D+i**, que represente unha maior porcentaxe sobre o total do **gasto e sobre o PIB**, ata alcanzar, como mínimo, a media estatal nos próximos catro anos.

## 1.4.1.2

## SOLO INDUSTRIAL

A creación de áreas empresariais en zonas rurais, vinculadas as actividades características das zonas, permitirá o arraigo da poboación no seu territorio. E con iso potenciárase o sector agrogandeiro. Non obstante, haberá que **evitar a especulación** no solo industrial, de tal xeito que todo o solo promovido pola iniciativa pública que non xere actividade produtiva estable nos seguintes tres anos da súa compra, deberá **volver ao patrimonio público**.

Neste ámbito é necesario unha maior implicación por parte da administración autonómica nos procesos de planificación territorial para os sectores empresariais, contribuído ao seu impulso, o que require da **unificación** das entidades de **Xestur** que hai actualmente en cada provincia, nun organismo superior único de ámbito galego.

A **loxística** transformouse nunha **prioridade** para a nosa comunidade, xeograficamente afastada dos principais mercados e cun peso importante de produtos procedentes da transformación de recursos naturais que posúen un valor engadido limitado. Crearemos **plataformas loxísticas intermedias** no **interior** de Galicia, estratéxicamente situadas nos nós de confluencia de comunicacións. Isto paliará a escaseza de solo dispoñible na proximidades dos grandes portos galegos e contribuirá ao desenvolvemento do interior de Galicia, así como á desconxestión dos grandes centros portuarios.

### 1.4.1.3

## POTENCIACIÓN DO TRANSPORTE MARÍTIMO

Concertar unha política de **abaratamento de custos portuarios**, como pretendemos, facilitará unha mellor frecuencia do transporte marítimo cos portos internacionais. Ademais, desenvolveremos unha política de atracción de mercadorías doutras rexións para alcanzar a masa crítica necesaria.

Estruturaremos unha infraestrutura multimodal, que relacione de forma eficiente os mecanismos de comunicación de Galicia. Iso garantirá conexións entre as redes viarias, ferroviarias, marítimas e aéreas. Á súa vez, esta interconexión encadrarase na política de solo industrial e tecnolóxico.



## 1.4.1.4

## SAÍDA CONCERTADA Á CRISE DO SECTOR NAVAL

O sector naval de Galicia está atravesando unha situación crítica diante da indiferenza do Goberno de Feijoo. No ano 2009 había 80 buques en construción nos estaleiros galegos, no ano 2012, só 12. Milleiros de traballadores altamente especializados están en desemprego, en situación de ERE ou agardando o seu despedimento. A factoría de **Navantia** en Ferrol fica sen actividade. Os anuncios do goberno sucédense pero a realidade é teimuda. Non hai *tax-lease* e polo tanto dificúltase a contratación de novos buques, as promesas de contratos tantas veces reiteradas esgótanse sen resultado.

Nos **primeiros cen días** de goberno convocaremos ás empresas do sector naval, estaleiros e industrias auxiliares, aos seus directivos e aos representantes dos traballadores, para deseñar unha estratexia de saída da crise do sector. Esta debe considerar a situación real das empresas, as necesidades de financiamento, os aspectos de xestión, os nichos de mercado e as medias transitorias que permitan soste os cadros de persoal.

Manteremos toda a presión posible sobre o Ministerio de Industria e sobre as autoridades comunitarias para unha rápida solución do sistema de bonificacións fiscais *tax-lease* que permita a recuperación da competitividade exterior.

Insistiremos no cumprimento do compromiso do Goberno do Estado con Navantia para a construción dun **dique flotante en Ferrol** que permita a reparación de buques de maior eslora e tonelaxe, mellorando así a ocupación de estaleiros e industria auxiliar. Tamén para o impulso dun centro de reparacións de buques que recupere o emprego de estaleiros e auxiliares.

Impulsaremos os procesos de certificación no sector naval que fagan posible a diversificación produtiva.

### 1.4.1.5

## **OUTROS SECTORES INDUSTRIAIS**

No sector da **automoción**, a Xunta impulsará coas empresas do sector o desenvolvemento dos vehículos eléctricos, na fase de investigación, e no impulso da comercialización. Tamén reclamaremos a posta en marcha dun novo Plan Renove que permita recuperar os niveis de venta e actividade no sector de concesionarios e talleres de reparación.

No sector **téxtil** a Xunta apoiará a recuperación das empresas de confección, fomentando a economía social, a contratación dos procesos de maior valor engadido e a competitividade en calidade, con medidas de financiamento e formación.

Na industria do **metal** promoveremos un parque tecnolóxico arredor da industria aeronáutica, en colaboración co sector.

Impulsaremos un Plan de Apoio ás Empresas de Base Tecnolóxica e as spin- off universitarias, cun fondo de capital- risco específico, un fondo de I+D e axudas para a contratación de tecnólogos e investigadores.

A Xunta promoverá o acordo das industrias galegas do **audiovisual, das TIC e do libro** para impulsar a creación de contidos dixitais multimedia, do libro electrónico e de plataformas dixitais, a medio de liñas específicas de financiamento e coa colaboración das universidades.

A **minaría** galega aporta á sociedade recursos como áridos, rochas ornamentais, lousa, cerámicos, rochas industriais, augas minero- medicinais, xeotermia, mine- rais, e lignito. Falamos dun sector estratéxico, cuxo principio fundamental, a asumir por axentes políticos e pola cidadanía, é a consideración dos recursos mineiros como recursos naturais de dominio público, que inclúen tanto recursos renovables como non renovables.

Faise necesario acometer **reformas no modelo actual**, derivado da lei de Minas estatal de 1973, e da lei da minaría de Galicia de 2008, na procura de optimizar os procesos de investigación, explotación, dos recursos mineiros públicos, e a clausura e restauración dos espazos afectados.

Fixaremos mediante norma as condicións de viabilidade técnica e financeira dos permisos, autorizacións e concesións. Un dos fenómenos negativos presentes no sector mineiro éa presenza de **permisos de investigación “especulativos”**, que

teñen por obxectivo bloquear espazos fronte a expansión doutros dereitos mineiros, procurar indemnizacións por expropiación, ou ser obxecto de mera transmisión lucrativa.

A administración debe exercer con máis rigor as labores de policía mineira no control da realización de investigación e explotación. **Neste afán, propoñemos concentrar a tramitación administrativa, na procura de uniformidade de criterio.**

Aprobaremos o **Plan Sectorial da Minaría**, que fixará que a investigación dos recursos é libre en todo o territorio galega, e que a explotación rexerese por proxectos sectoriais concreto, caso a caso. A concesión de novos permisos, autorización ou concesións terá en conta a reservas dispoñibles para cada recurso, e o volume en explotación en cada momento.

**1.4.2**

# **INNOVACIÓN**

---

### 1.4.2.1

## UNHA APOSTA VERDADEIRA

Se a dereita cre no pasado, e que a evolución consiste en dar pasos atrás, os socialistas temos fe no fomento e na xestión transparente da innovación. Pasos cara a adiante. Centros tecnolóxicos, infraestruturas e resultados son fundamentais na creación de valor e emprego. Baixo esa idea, integraremos un **catálogo de infraestruturas e servizos** que optimice os recursos e facilite o seu acceso, incluíndo recursos económicos, parques científicos e tecnolóxicos, incubadoras de empresas, laboratorios e servizos como vixilancia tecnolóxica, prospectivas, mercado, simulacións, etcétera.

No últimos tres anos asistimos a un retroceso no impulso da innovación das empresas. Evidenciamos unha posición moi conservadora e falta de visión que sen dúbida terá custes para o país. Galicia non pode tardar máis en apostar polo incremento da competitividade do sector empresarial a través da innovación. As nosas empresas necesitan un marco de actuación estable que lles facilite a realización dos grandes cambios organizativos, produtivos ou tecnolóxicos.

### 1.4.2.2

## PERSOAL E ACTIVIDADE EMPRESARIAL

É importante promover a motivación nas empresas para que se sumen **aos procesos de creatividade**. En parte do noso sector empresarial hai moitos traballadores que están por diante dos seus empresarios en canto a creatividade. Débese xestionar o **talento** da xente nova, impulsando a súa incorporación ao sistema produtivo galego en proxectos de mellora.

### 1.4.2.3

## **OBSERVATORIO DE INNOVACIÓN**

A innovación non pode propiciarse de costas á **transparencia**. O actual goberno da Xunta abandonou un servizo esencial para o sistema galego de I+D+i: o **Observatorio de Innovación**, que se mantíña activo no ano 2009 como unha ferramenta de transparencia e planificación. É básica para a xestión do sistema, xa que permite **buscar as sinerxías** entre todas as iniciativas de observación orientando e aliñando a información relativa á innovación.

O Observatorio da Innovación deberá xogar un papel destacado na identificación de recursos e formación de redes. Iso permitirá mobilizar medios para a creación de empresas innovadoras, parques científicos e tecnolóxicos, incubadoras de empresas, etcétera

### 1.4.2.4

## **FINANCIAMENTO E AXUDAS**

Fomentaremos a creación de redes **de investidores de capital** que aposten por proxectos innovadores. Deben identificarse todos os potenciais investidores galegos, e incentivar a súa participación neste tipo de proxectos. Asemade, débense identificar redes de **investidores estranxeiros** dispostos a apostar por empresas e proxectos galegos. Os mellores proxectos non deben quedar sen posibilidade de acceder a financiamento.

As **subvencións directas** á innovación non están a provocar cambios nos indicadores da nosa comunidade en materia de innovación. Debemos definir axendas de innovación sectoriais tutorizadas e apoiadas pola rede de expertos en xestión da innovación-

Revisaremos as condicións de acceso aos fondos FEDER- INTERCONECTA e Fondo Tecnolóxico para adaptalos ás características das PEMES galegas.

#### 1.4.2.5

### **NOVOS PRODUTOS, PROCESOS E SERVIZOS**

No actual contexto, procede apoiar os cambios nos procesos internos baseados non exclusivamente na adquisición de maquinaria, senón no desenvolvemento de innovacións internas e/ou incorporación de tecnoloxía externa a través de patentes.

Deseñaremos un plan específico para empresas de base tecnolóxica (EBT), e as spin off, liberando recursos para tarefas con valor e habilitando liñas de comercialización. Fomentaremos o desenvolvemento do produto e a súa comercialización.

#### 1.4.2.6

### **NOVOS MODELOS DE NEGOCIO**

Consideramos preciso avanzar no valor dos produtos e servizos das empresas galegas impulsando novos modelos de xestión e comercialización. As actividades de I+D+i no mercado deben ser clave para acadar o apoio a proxectos. Por iso, haberá que promover a implantación de ferramentas de xestión da innovación (ISO 9000, UNE 16600, etc), previsión tecnolóxica, xestión por procesos, etcétera.

### 1.4.2.7

## **SOCIEDADE DO COÑECEMENTO E NOVAS TECNOLOXÍAS**

O programa de goberno do PSdeG abordará o desenvolvemento da sociedade do coñecemento cun triplo obxectivo: axudar ao desenvolvemento dunha economía competitiva, eficiente e innovadora; mellorar a vida dos galegos e galegas á vez que se reducen as desigualdades, e reforzar o funcionamento da nosa democracia.

**As tecnoloxías da información e a comunicación estarán ao servizo dunha economía competitiva e innovadora**, coas elevadas doses de capacidade innovadora que precisa. O impulso de novos sectores tecnolóxicos non perderá de vista que estes deben actuar tamén de panca da modernización de sectores económicos tradicionais.

Implantaremos políticas que faciliten a cohesión e a colaboración no sector, como mecanismos facilitadores do crecemento e a internacionalización das pequenas e medianas empresas TIC galegas, a través da creación e a mellora de mecanismos de cooperación e diálogo e de financiamento da innovación.

Realizaremos un traballo serio e a longo prazo na formación tecnolóxica dos estudantes, así como no desenvolvemento das súas capacidades creativas e innovadoras..

Fomentaremos o desenvolvemento e utilización de aplicacións baixo diferentes modelos de software libre e licencias abertas, reducindo custos. Asemade, estableceremos acordos e convenios para fomentar que, sempre que sexa legalmente posible, o software que se desenvolve no ámbito da actividade docente e investigadora das universidades e centros públicos de investigación en Galicia sexa liberado baixo licencias abertas. Estas permitirán ás empresas tecnolóxicas xerar máis innovación e desenvolver novos produtos ou servizos.

Deseñaremos un Plan de desenvolvemento das **infraestruturas de telecomunicación** de uso público, a través da empresa pública **Retegal**, que poña a disposición dos operadores privados as infraestruturas básicas e os servizos portadores en réxime de aluguer.



A distribución xeográfica e demográfica en Galicia fan imprescindibles a implantación de políticas que axuden á **eliminación das desigualdades provocadas pola fenda dixital e garantan a cohesión social e a igualdade de oportunidades**, especialmente no mundo rural. Continuaremos avanzando nunha maior conectividade da cidadanía a través de infraestruturas tecnolóxicas de elevado ancho de banda, así como no desenvolvemento de máis e mellores servizos *on line* relacionados con ámbitos como a sanidade, a educación, a atención á dependencia e a discapacidade, o lecer, ou a propia relación coas administracións.

Apostaremos decididamente pola **e- Administración** que permita tanto ás entidades autonómicas como ás locais aforrar recursos e, aos cidadáns, gañar en comodidade, en tempo e en accesibilidade. Neste esforzo priorizaremos a participación das empresas galegas do sector TIC.

Incentivaremos o desenvolvemento de servizos tecnolóxicos dirixidos a **persoas maiores e dependentes**, especialmente en zonas rurais, cunha poboación altamente envellecida.

**1.4.3**

# **A ENERXÍA**

---

## 1.4.3.1

## A IMPORTANCIA DO AFORRO ENERXÉTICO

Galicia padece un **desequilibrio** grave no reparto das fontes de enerxía. En termos produtivos somos **excedentarios**, con grandes centrais e cun potencial interesante de desenvolvemento das fontes renovables. Pero temos unha **dependencia** moi importante en recursos fósiles (derivados petrolíferos), que nos obriga a importalos. Efecto? A debilidade da nosa economía, que fica exposta ás **continuas fluctuacións** do prezo dos combustibles. O petróleo supón o 50% da enerxía primaria que consumimos. É posible reducir a taxa de dependencia enerxética. Sabemos que as mellores opcións son a **enerxía eólica, a solar, a xeotérmica, a undimotriz e a hidroeléctrica**. Avogüemos por elas.

Galicia é a comunidade con mellores recursos eólicos, de biomasa e hidráulicos en toda España. Nestas tecnoloxías, dispoñemos de bos enclaves, ademais dunha estrutura **para a I+D+i** que poderían facernos líderes **a nivel mundial**.

As liñas básicas da **política enerxética** estrutúranse sobre a diminución da importación de recursos enerxéticos mediante o fomento dos recursos propios, en particular as fontes de enerxía renovables; o fomento das fontes alternativas aos derivados petrolíferos, en particular do gas natural; e a mellora da eficiencia enerxética e redución do consumo de enerxía final.

Actuarase na mellora da xestión económica do consumo de enerxía e servizos enerxéticos asociados para a propia Xunta, apoiando tamén ao resto de administracións públicas e ás Pemes.

Os mercados enerxéticos (electricidade, gas natural, gasóleo...) están regulados por un réxime de libre competencia, e consideramos que é importante aproveitar a **liberalización** do sector para optimizar os custes da compra de subministros.

Outro aspecto importante é a preparación da infraestrutura galega de cara ao escenario **posterior á crise económica**. Debemos adaptarnos para os aumentos nos consumos de enerxía durante os vindeiros anos, mediante a mellora das infraestruturas existentes.

### 1.4.3.2

## **FOMENTO DA ENERXÍA EÓLICA EN GALICIA**

A **potencia eólica** instalada en Galicia equivale a tres centrais nucleares de tamaño medio. Ademais do seu valor intrínseco, a enerxía eólica, pola vía da xusta valoración dos terreos onde se emprazan os parques, ten unha gran capacidade para xerar rendas e ingresos complementarios para os habitantes do medio rural. Pero para iso deben existir mecanismos polos cales parte dos **beneficios** da xeración e venda da enerxía eólica repercute nas persoas que viven no medio rural.

O PSdeG aposta pola implantación de **novas infraestruturas enerxéticas** respectuosas co medio ambiente. Dispoñemos de abundantes recursos en enerxía eólica e biomasa pero a potencia instalada está por debaixo do noso potencial. Os obstáculos do marco xurídico son un **drástico freo** para a economía galega. Poden incluso ser letais.

Hai que impulsar a aprobación de normativa eléctrica que recupere as **primas** para as novas centrais eléctricas de orixe renovable, suspendida este ano. As competencias para primar a enerxía eléctrica de orixe renovable son estatais, no obstante a Xunta debe esforzarse para que dende o Ministerio de Industria se modifique a normativa e a instalación de novos parques volva ser un investimento.

**A anulación do concurso eólico aprobado en 2008** supuxo un retraso de dous anos na construción de novos parques e a suspensión temporal das primas derivou na **paralización total** do sector en Galicia. Encabezamos unha aposta firme para implantar os novos parques eólicos xa concedidos, evitando máis retrasos por motivos administrativos. Ata 2009 Galicia era a primeira comunidade autónoma na implantación de potencia eólica, actualmente é a terceira. Ademais, a parálise do Goberno de Núñez Feijoo afectou gravemente á industria galega de compoñentes para parques eólicos, hoxe en proceso de deslocalización. Pasamos dunha posición punteira e internacionalizada nun sector de alto valor engadido, con incidencia no sector do metal, na enxeñería, no I+D, a unha posición secundaria.

Un dos problemas para o desenvolvemento dos novos parques eólicos é a necesidade de mellorar as **liñas de transporte eléctrico** que comunican Galicia co resto do país, xa que a interconexión actual é insuficiente. Tamén é necesario mellorar as liñas eléctricas para a implantación completa da **Alta Velocidade ferroviaria**.

A Xunta reclamará do Goberno central a urxente aprobación do Real Decreto de **Balance Neto** que facilite a instalación de aeroxeneradores de baixa potencia para pequenas industrias, explotacións agrogandeiras ou núcleos de vivendas.

Asemade, impulsarase a modificación da lei 8/2009 para autorizar instalacións de ata un megavatio sen consideración de parque.

A Xunta promoverá coa FEGAMP un marco homoxéneo de ordenanzas municipais que facilite o desenvolvemento das instalacións de autoabastecemento enerxético.

Promoveranse axudas para formación de instaladores, para estudos de vento e de deseño de instalacións.

### 1.4.3.3

## REDE DE GAS NATURAL

Fronte á **dependencia** do petróleo, vemos no **gas natural** o substitutivo. Mellora o rendemento enerxético para calefacción e produción de auga quente sanitaria, e o **prezo** por cada unidade de enerxía é máis baixo. Asemade, produce menos emisións. Convén substituír progresivamente os derivados petrolíferos a nivel doméstico (caldeiras) e industrial (combustións industriais). Para iso é necesario mellorar a rede de distribución de gas natural. Actualmente chega a 55 concellos. O obxectivo do PSdeG é, ao final da lexislatura, alcanzar a todos os **núcleos de máis do 5.000 habitantes, e ao 60% dos galegos.**

#### 1.4.3.4

### **APROVEITAMENTO DA BIOMASA EN GALICIA**

Galicia posúe os mellores recursos en biomasa pero o aproveitamento está moi por debaixo das súas posibilidades. Non existe unha infraestrutura para a súa explotación. O prezo da biomasa é inferior ao gas natural. É unha solución idónea para o abastecemento de calor as vivendas dos pequenos núcleos. A coxeneración de enerxía eléctrica e calor, a partires da combustión de **biomasa**, ou da gasificación, é unha oportunidade de futuro que debe ser regulada.

Activaremos a posta en funcionamento das **plantas de biomasa xa autorizadas** ao abeiro do Decreto 149/2008, superando os atrancos administrativos que as teñen totalmente paralizadas. Na mesma liña, promoveremos a súa repotenciación e fixaremos perímetros de cobertura que faciliten o seu desenvolvemento. Ademais impulsaremos un Plan de viabilidade que faga posible a posta en valor dos excedentes forestais así como as entresacas.

#### 1.4.3.5

### **FOMENTO DOUTRAS FONTES RENOVABLES**

O PSdeG defende a produción difusa de enerxía baseada en fontes enerxéticas renovables. Neste sentido a **enerxía solar** é unha excelente alternativa a potenciar nos edificios públicos.

Existen formas de explotación de enerxía relacionadas co mar con boas condicións en Galicia, como son a enerxía eólica offshore, near shore, e undimotriz. Iso esixe impulsar a I+D+i por parte da Xunta. Galicia poderían liderar o sector a nivel mundial.

Non podemos postergar a **internacionalización** sectorial. Ata 2009 Galicia foi unha das primeiras potencias mundiais en enerxía eólica instalada, o que supuxo un desenvolvemento de todos os sectores afíns (investigación, tecnoloxía, formación...). Necesitamos unha política sinérxica e planificada que facilite a exportación de tecnoloxía galega en países en desenvolvemento, en particular de eólica. Actualmente moitas empresas galegas están instalando parques eólicos no exterior, polo que é necesario establecer plans de apoio á internacionalización, así como potenciar as tarefas de I+D+i e de formación sectorial.

## 1.4.3.6

## **DIMINUCIÓN DE CUSTOS ASOCIADOS AO CONSUMO**

Ademais da redución no consumo cuantitativo de enerxía é importante reducir os custes económicos asociados; estas actuacións concentraranse nas tres unidades de consumo: administracións públicas, empresas e familias.

Proporemos rebaixar os custes enerxéticos para a administración autonómica mediante a implantación da xestión centralizada da enerxía nunha plataforma de compra de enerxía. Consideramos prioritaria a agrupación en alta tensión para aqueles centros de transformación con consumos anuais superiores aos 300.000 euros. Asemade, hai que implantar a poxa electrónica dinámica para a compra dos restantes subministros enerxéticos (electricidade en baixa tensión, gas natural, gasóleo...).

É necesario que universidades, concellos, deputacións, etcétera agrupen aqueles servizos de mantemento preventivo e correctivo das instalacións (eléctricas, calefacción, aire acondicionado, ascensores, pararraios...) coa fin de aproveitar as economías de escala e buscar unha mellor eficiencia enerxética.

No canto da política de tarifas eléctricas, o PSdeG propondrá ao Goberno central **a rebaixa dos impostos eléctricos para as comunidades produtoras de enerxía eléctrica**: Galicia é unha das primeiras comunidades autónomas na produción de enerxía, asumindo os custes ambientais que isto supón.

Tamén demandaremos da Administración central a implantación de **tarifas eléctricas específicas con contratos a medio prazo**, para empresas como **Alcoa** e outros grandes consumidores de enerxía co obxecto de garantir a súa viabilidade futura en Galicia.

### 1.4.3.7

## **APOSTA POLA EFICIENCIA ENERXÉTICA**

A eficiencia enerxética e o aforro de enerxía son dous aspectos básicos para a economía galega, polo que a aposta debe ser forte nesta liña, e apoiada en dous eixos: a obrigatoriedade de que todos os centros de traballo con máis de 50 traballadores dispoñan dun **Xestor Enerxético**, coa formación recoñecida; e o mantemento de campañas de sensibilización entre a poboación para fomentar o aforro de enerxía. Estarán orientadas a un desenvolvemento das técnicas e tecnoloxías con menor consumo asociado e serán desenvolvidas dende a consellería con competencias na materia.





**1.4.4**

# **MEDIO RURAL\_**

## 1.4.4.1

## EMPREGO ESTABLE E CALIDADE E VIDA

O medio rural e os sectores produtivos agrogandeiros e forestais constitúen o motor da dinamización económica, social e ambiental, e deben integrarse no proxecto económico e social do país. Se queremos avanzar cara a un proxecto global, de país, que contemple a todas as persoas e que non deixe a ninguén no camiño, debemos incorporar **como prioridade na nosa axenda a realidade rural**. Esta atravesará unha situación límite, consecuencia en gran medida da inacción do goberno galego.

A estratexia socialista de desenvolvemento rural pasa por establecer programas concretos para os sectores estratéxicos vinculados ao medio rural. Para iso poñeremos a disposición das políticas de desenvolvemento rural todos **os recursos económicos da UE** destinados a Desenvolvemento Rural, Políticas Estruturais e de Cohesión, garantindo o seu cofinanciamento.

Chegou o momento de apostar por un cambio de modelo que conciba o medio rural como unha **fonte de oportunidades** para o emprego estable e a calidade de vida. Faremos políticas de medio rural que ofrezan solucións, para que dentro das singularidades de cada territorio poidamos garantir a igualdade de oportunidades. **Vivir no mundo rural non é só unha elección ou unha circunstancia, é tamén un dereito.** o PSdeG será garante dese dereito para fixar poboación.

#### 1.4.4.2

### **O SECTOR LÁCTEO, MOTOR DO MEDIO RURAL**

Trátase dun sector estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico, territorial e medioambiental. Del dependen **máis de 500.000 persoas** e o 30% dos concellos do rural. As preto de **11.400 explotacións leiteiras** que quedan en Galicia conforman o grupo máis dinámico da nosa agricultura. Un grupo que se enfrenta ás practicas abusivas das áreas comerciais que especulan cos prezos do leite á baixa, á reforma da PAC, á liberalización da produción, a alza do 40% dos custes de produción e á desaparición das cotas lácteas en 2015.

Para acadar un sector vertebrado e competitivo dimensionaremos as explotacións lácteas, con políticas efectivas de mobilidade de terras como a **reactivación do Banco de terras**, que permita reducir os custes de produción. No actual contexto, precísase un programa específico de **refinanciamento das débedas das explotacións**.

Para acadar un sector máis vertebrado sentaremos co sector para promover a **negociación colectiva** dos produtores coas distribuidoras e a industria, implantando de xeito xeralizado os contratos lácteos e o desenvolvemento efectivo das fusiões das organización de produtores de leite.. Trátase igualmente de **impulsar un grupo lácteo** forte e asentar organizacións interprofesionais, que apliquen restricións ás prácticas anticompetitivas. Aspiramos a implantar contratos homologados que garantan prezos xustos aos produtores. De defenderemos a mantemento do sistema de continxencia para o futuro.

Naquelas comarcas nas que se advirta un retorno á actividade agrogandeira, convén reforzar as oficinas de extensión agraria. Na mesma medida, racionalizaranse os procesos **de concentración parcelaria** priorizando as comarcas agrogandeiras.

#### 1.4.4.3

### **GANDEIRÍA EXTENSIVA CONTRA O ABANDONO DAS ZONAS RURAIS**

Consideramos primordial fortalecer a actividade agrogandeira, con carácter extensivo, que evite o abandono das zonas rurais máis sensibles e contribúa á conservación do territorio. Para asegurar o futuro das explotacións de carne cómpre **mellorar as condicións nas que se desenvolve a produción** e aproveitar o seu potencial real a partir dun **Plan Estratéxico da Gandería Extensiva** que contemple os principais aspectos que inciden na súa rendibilidade. Estará centrado na mellora da **trazabilidade e o etiquetado** de carne que se produce ao amparo da IXP Tenreira Galega, e no apoio de estratexias de marca (VAC.1) coa fin de amparar toda a produción cárnica.

Garantiremos a continuidade do contrato de explotación sustentable (CES), reforzando esta figura como fórmula prioritaria para valorizar as múltiples funcións que levan a cabo as nosas explotacións como xestoras do medio rural

#### 1.4.4.4

### **EXPLOTACIÓNS INTENSIVAS RENDIBLES**

As producións intensivas, a cunicultura, a avicultura, a produción de ovos e o sector porcino, aínda que con menor incidencia, tamén contribúen á economía e ao emprego agrario e á fixación de poboación. Cómpre apoialos con medidas de **fomento de competitividade, reforzando a capacidade negociadora**, aportando medidas de promoción do consumo e de mellora da comercialización ou que fomenten o asociacionismo.

Garantiremos a sustentabilidade da actividade prestando apoio técnico ao cumprimento das esixencias en materia medioambiental e de benestar animal. Estendemos os contratos homologados a todo o sector.

#### 1.4.4.5

### **O MONTE UN PATRIMONIO ACTIVO A PROTEXER**

Faremos valer o **Pacto polo monte galego** e apostaremos por unha **lei** que valore o **potencial forestal** de Galicia para crear emprego, fixar poboación e frear os lumes forestais.

**Impulsaremos a xestión forestal agrupada** das pequenas propiedades, que constitúen o 70% do monte galego, e o **monte veciñal** en estado de grave abandono.

Desenvolveremos unha **lei** que incentive a **constitución de cooperativas** de cultivos forestais como fonte de emprego sostible e que impulse a subscrición de **“acordos de custodia”** con propietarios e titulares do montes. Estableceremos **programas de pastoreo** para a prevención de lumes, como xa existen noutras comunidades (Andalucía), **establecendo retribucións axeitadas**.

O monte representa máis do 67% da nosa superficie como país, é un patrimonio de valor incalculable, porén, un millón de hectáreas deste monte está en estado de abandono. A ordenación, a regulación dos usos e o coidado do monte son un dos piares fundamentais da ordenación do territorio. Os recursos que aporta benefician ao conxunto da sociedade tanto polos servizos de produción de recursos naturais e ambientais como pola produción forestal que acada ao redor do 50% da produción de España ou a oportunidade para o desenvolvemento da gandería e dos cultivos forestais que van gañando peso en moitas áreas do territorio (micoloxía, amorodos, castaña...)

Na actualidade as SOFOR con forma xurídica de SL non se adaptan as necesidades dunha agrupación forestal.

O noso monte está ameazado, a súa riqueza ambiental e paisaxística moi gravemente afectada e as actividades agroforestais e gandeiras feridas polos lumes que cada ano nos afectan. Nesta situación de recesión económica teremos que priorizar e analizar moi polo miúdo que investimentos facer que sexan creadores de riqueza e emprego. Cremos firmemente que en materia de medio ambiente e ordenación do territorio a prioridade debe ser o monte galego.

Faremos da **prevención** dos incendios e da loita contra as causas estruturais que os causan unha prioridade da lexislatura, sumando ás distintas forzas políticas ao maior consenso posible.

Regularemos os usos do monte a partir do diálogo social para converter os cultivos forestais nunha fonte de emprego estable e sostible de modo que contribúan a asentar un tecido económico de base territorial no medio rural.

#### 1.4.4.6

## **IMPULSAR AS NOSAS DENOMINACIÓNS DE ORIXE**

O modelo produtivo galego seguirá a apostar pola calidade diferenciada dos nosos caldos e polo reforzo das denominacións de orixe. Para acadar este obxectivo garantiremos a **transparencia** nas **elección aos consellos reguladores**, e convocaremos a **Mesa do Viño de Galicia** para garantir os contratos homologados, e establecendo medidas que aporten estabilidade ao sector.

Actualizaremos os rexistros de viñas a través dos consellos reguladores das DO para os viños galegos, optimizando os recursos dos que dispón a Administración.

#### 1.4.4.7

### **OUTROS CULTIVOS**

O sector da **pataca** segue sen dispoñer dunha regulación específica, polo que se autorregula e depende das cantidades ofertadas e demandadas e das importacións doutras comunidades autónomas, incluso doutros países. En casos como o da Limia, Lemos ou a Terra Chá, a esta situación hai que engadir o incremento das contribucións dos agricultores aos plans de regadío. Iso provoca inestabilidade. Os cometidos son claros: **impulsar contratos homologados** de compra- venda, crear **unha liña de axudas específica para os custos de produción e** negociar unha redución das contribucións dos agricultores aos plans de regadíos.

#### 1.4.4.8

### **UNHA PAC FORTE PARA DAR ESTABILIDADE**

O proceso en marcha da reforma da PAC (Política Agraria Común) terá un impacto directo no medio rural coa desaparición das cotas lácteas no 2015 e os pagos ligados á superficie. O PSdeG asume dous retos para paliar os efectos negativos desta reforma: recuperar as **500.000 hectáreas** de terreos de cultivo que foron abandonados e blindar o mercado interno con contratos homologados.

A PAC ten que contribuír **á seguridade alimentaria** dos consumidores e ás **rendas dignas dos gandeiros**. Os socialistas defenderemos unha PAC que oriente **as axudas cara ao recoñecemento dos beneficios que aportan as actividades agrarias** á custodia e xestión do territorio, a seguridade e calidade alimentaria e á conservación medioambiental.



## 1.4.4.9

**UN MEDIO RURAL SOSTIBLE**

Reformularemos o papel da **Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)** para que se sexa **un órgano áxil, próximo e de participación real** e efectiva que interactúe no territorio dando respostas inmediatas a colectivos, comunidades de montes, concellos e cidadanía.

**Promoveremos a agricultura ecolóxica** como un modelo que aporta un valor engadido aos produtos e ao medio ambiente. Hai que **aproveitar as súas potencialidades** con accións formativas de emprego.

Reforzaremos os servizos das **oficinas de extensión agraria** naquelas comarcas que están a experimentar retorno á actividade agrogandeira. Na mesma medida, racionalizaranse os procesos **de concentración parcelaria ligados á actividade agrogandeira**. Impulsaremos as reformas normativas necesarias para democratizar o acceso do sector agrogandeiro ás enerxías renovables e apoiaremos a industria forestal con base territorial no rural.

**1.4.5**

# **A PESCA SOSTIBLE**

QUE CREA EMPREGO

## 1.4.5.1

## RESTITUÍR A PESCA GALEGA AO SEU ESTATUS

Os socialistas aspiramos a devolverlle á pesca galega a dignidade e o papel protagonista que chegou a ter, e que o Goberno de Núñez Feijoo lle retirou. É preciso retomar as políticas que nos permitiron ter voz na pesca nacional, europea e internacional. As **aldraxes do PP** ao sector son moi numerosas. Empezando pola desaparición da Consellería de Pesca. Ou a incapacidade para acadar alianzas nos órganos onde se debaten as políticas pesqueiras europeas. Ou a privatización do servizo de rescate e salvamento aéreos; ou a venda dos dous helicópteros públicos existentes: eliminación do Seguro colectivo de accidentes no mar e do seguro de mal tempo. Ou a restrición das condicións para o acceso das mariscadoras, maiores de 65 anos ao período mínimo de cotización da seguridade social. O chamado Plan de Pensións ou o aumento do furtivismo e da conflictividade nas organizacións do sector. E un longo etcétera.

A parálise á que se viu sometido este departamento no goberno Feijoo ten un paradigma: **a acuicultura industrial**. Paralizado o Plan de Acuicultura, nestes catro anos o goberno galego foi incapaz de outorgar un só metro cadrado de territorio a unha actividade na que somos punteiros en produción e en tecnoloxía.

Hoxe a pesca galega ocupa a menos persoas, ten menor peso internacional e máis problemas de competitividade que hai catro anos. A flota non superou os problemas de acceso aos recursos, mesmo acabamos de perder o acordo pesqueiro con Mauritania, nin de falta de competitividade polo incremento desmedido do combustible. Tampouco na flota artesanal se avanzou na xestión dos recursos e a lexislación creada para as artes complicou máis a vida dos mariñeiros.

Xa non abonda continuar coma sempre, é preciso que as novas propostas de uso de enerxías alternativas, de aforro enerxético, de eficacia nos tempos de pesca e de comercialización dos produtos, se abran paso con forza para asentar solidamente as bases de futuro do sector.

A acción de pescar debe reformularse, é preciso ser competitivos tamén nesta actividade, buscando menos permanencia no caladoiro e un mellor tratamento a bordo das capturas, así conseguiremos melloras na calidade de vida, no valor dos produtos e aforraremos custos enerxéticos.

Urxe fortalecer **as relacións bilaterais** cos países nos que temos presenza de flota ou de industrias pesqueiras. É preciso recuperar o protagonismo de Galicia nos proxectos de cooperación pesqueira internacional.

Galicia debe estar presente no debate da reforma da Política Pesqueira Común para cambiar a orientación reduccionista e antieuropea da proposta de reforma. Necesitamos unha PCP forte, social, que promova a pesca sostible, que elimine as discriminacións cara a pesca galega e poña en valor a pesca artesanal e remate coa discriminación das mulleres galegas que traballan no mar diante das liñas de financiamento dos proxectos europeos.

**As reservas mariñas** de Lira e Cedeira e os Plans de repoboación deben retomarse para á posta en valor do noso mar e a recuperación dos recursos pesqueiros e marisqueiros. Proponemos **ampliar en seis** as reservas actuais.

### 1.4.5.2

## A ACUICULTURA COMO SECTOR DE FUTURO

A acuicultura ofrece moitas **posibilidades de emprego** e desenvolvemento. O seu incentivo e implantación, en harmonía coas producións tradicionais, ten que ser un dos obxectivos prioritarios da acción dun goberno socialista. Precisamos trasladar esta planificación ao mar, aos cultivos mariños, definir que zonas de Galicia serán aptas para a instalación de cultivos e que tipo de cultivos serán máis sostibles.

A acuicultura tradicional precisa dun tratamento diferenciado dentro da próxima reforma da Política Común de Pesca. Apostamos claramente pola DOP do Mexillón de Galicia, por crear novas marcas de calidade, xeográficas, etcétera. noutros produtos da acuicultura tradicional e por promover os contratos homologados neste sector, para evitar as continuas oscilacións de prezo en orixe.

No eido da acuicultura debemos favorecer un modelo **de aforro enerxético e novas tecnoloxías** no aproveitamento da auga, sistemas de recirculación, alimentos alternativos ou complementarios como substitución da proteína animal por determinadas fontes de proteína vexetal. Asemade, convén fomentar a diversificación mediante a **investigación en especies de cultivo**: abadexo, ollomol, linguado, polbo, pescada, solénidos, pectícnidos, etcétera. Proporcionaría eficiencia o traslado da **competencia da ordenación da acuicultura** continental á administración de pesca galega.

### 1.4.5.3

## FORTALACER O MARISQUEO

A **renovación das autorizacións** e a conversión en concesións administrativas de moitos dos espazos dedicados ao **marisqueo** é un deber ineludible. Os socialistas entendemos que urxe impulsar os sistemas de produción masiva de sementes de ameixa e outros moluscos bivalvos de cara á conversión dos mariscadores e mariscadoras en cultivadores profesionais. Sería beneficioso a creación dunha **Rede galega de criadoiros e minicriadoiros** de bivalvos que dean resposta a dependencia histórica de Galicia nesta materia.

#### 1.4.5.4

### **A DIGNIDADE DA XENTE DO MAR**

O **Plan de pensións para as mariscadoras**, o **seguro de mal tempo** que promove a permanencia en terra dos mariñeiros cando as condicións son adversas, son políticas que **deben recuperarse** e incentivarse nos vindeiros catro anos.

A **visibilidade da muller** na pesca terá que ser unha realidade, en pé de igualdade na dirección das confrarías de pescadores e tamén a través de incentivos para constituír cooperativas de base, sobre todo no marisqueo, formadas maioritariamente por mulleres. Cómpre fomentar a creación de cooperativas de mulleres mariscadoras, así como a incorporación de mozos ao sector marisqueiro.

#### 1.4.5.5

### **MÁIS SEGURIDADE MARÍTIMA**

A **seguridade marítima** e a **loita contra a contaminación** deben ser obxecto prioritario das nosas políticas dotándonos de mellores medios e perfeccionando os existentes. Algunhas das medidas a activar serían: dotar aos mariñeiros e aos buques do litoral galego de **localizadores para a súa seguridade**, a actualización do Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña e aumentar a cooperación coa Axencia Europea de Seguridade Marítima.

1.4.5.6

## **A INVESTIGACIÓN, ESENCIAL PARA O SECTOR MARIÑO**

A **investigación** mariña debe orientarse cara a rendibilidade económica para facela compatible coa conservación dos recursos pesqueiros e do medio mariño. O obxectivo é aportar datos científicos fiables para axudar aos lexisladores a tomar decisións dende o punto de vista da xestión integral e da sostibilidade do medio.

Necesitamos activar liñas prioritarias de investigación: sistemas de produción de semente, toxinas, patoloxías de moluscos e peixes... Da mesma maneira, precisamos crear equipos técnicos de investigación especializados en programas de repoboación e reservas mariñas.

A **transferencia tecnolóxica** mediante accións piloto dirixidas a minicriadoiros e a mellora da eficiencia enerxética serán unha liña máis a desenvolver.

### 1.4.5.7

## **A POSTA EN VALOR DAS PRODUCCIÓNIS: UNHA OPORTUNIDADE DE CREAR EMPREGO E RIQUEZA**

Acostumamos a dicir que temos os mellores produtos do mundo cunha calidade contrastada. De feito as denominacións de orixe, indicativos xeográficos e marcas de calidade que vamos adquirindo para os produtos do agro e do mar certifican esta calidade. Mágoa que non sempre pode ser contrastada polos consumidores. Temos que traballa moito máis decididamente pola **trazabilidade dos produtos**, para que os consumidores saiban en cada momento que están mercando, cal é a súa procedencia.

Apostamos por manter e reforzar e mellorar a implantación das marcas de calidade, indicativos xeográficos, denominacións de orixe e todos aqueles distintivos que permiten diferenciar diante dos consumidores os produtos galegos.

Ao mesmo tempo, a transformación dos produtos alimentarios galegos no seu conxunto (mar e terra) aínda é unha cuestión pendente que, ben desenvolvida, pode xerar mellores rendementos para os produtores e unha diversificación das actividades vinculadas ao mar e ao agro que permitan crear emprego.

Hoxe non podemos tolerar que se vendan o leite e o peixe como se facía hai 50 anos. Existen novas demandas de consumo e moitas posibilidades de elaboración (dende iogures a filetes) que permitirían aos produtores mellores rendementos económicos

Promoveremos unha liña de incentivos á transformación e elaboración dos produtos dirixida a produtores para favorecer a creación de valor.

Precisamos tamén avanzar en novos sistemas de comercialización, novas formas de presentación e innovación dos produtos mediante a aplicación da I+D+i.

Desenvolveremos os Plans Estratéxicos da Conserva e do Conxelado, hoxe paralizados, atendendo, sobre todo, á **innovación en produtos** e á utilización por parte das industrias **das marcas de calidade** e identificación de orixe

Para avaliar na súa xusta medida o comportamento dos mercados, a flutuación dos prezos e os distintos chanzos da cadea alimentaria, crearemos **un Observatorio de Prezos** común a todos os produtos básicos na cesta da compra e máis significativos dos nosos sectores primarios.



**1.4.6**

# **O TURISMO\_**

#### 1.4.6.1

### UN PLAN ESTRATÉXICO

A demanda turística en Galicia caracterízase pola súa expansión. O emprego nas diferentes ramas que integran o sector creceu ata representar o 17,7% dos ocupados no sector terciario e o 11,1% dos ocupados totais. Unha importante contribución que agora sofre os efectos da crise. En especial, na hostalería e nos colectivos de autónomos, que supoñen preto do 22% do emprego total, e contratados temporais.

O PSdeG, consciente da contribución do sector turístico ao noso PIB, urxirá o deseño dun **Plan estratéxico** concertado coas administracións locais e o sector privado, que permita articular os diferentes recursos. O obxectivo é diversificar a comercialización de produtos e mercados, superando estacionalidade e apostando pola formación do capital humano e a protección das contornas naturais.

### 1.4.6.2

## MELLORA PERMANENTE DA CALIDADE

O PSdeG considera necesaria unha política de mellora permanente da calidade é esencial para **manter a fidelidade** dos visitantes e non defraudar as súas expectativas. Propomos a posta en marcha dun **verdadeiro plan Renove** para modernizar establecementos e instalacións hoteleiras e de servizos co obxectivo de-aumentar os servizos ofertados.

Os **recursos humanos** son o principal activo para valorizar o patrimonio e as riquezas do país. A súa **calificación** naquelas materias específicas desta actividade é fundamental para mellorar a calidade dos servizos.

O **turismo de masas** é un gran consumidor de recursos naturais. A regulación da carga turística debe ser un principio que oriente e poña freo ao crecemento descontrolado destas actividades nos espazos máis sensibles do territorio (Parques Naturais, Espazos Protexidos,etcétera).

Desenvolveremos o potencial turístico e cultural do mar en Galicia a través do apoio a novos proxectos vinculados á actividade pesqueira e marisqueira, ás actividades culturais nas localidades costeiras e portos, as escolas de verán de ciencias e artes do mar, a pesca deportiva e a recuperación de contornas urbanas e etnográficas vinculadas ás actividades pesqueiras, o chamado turismo mariñeiro. Paralelamente, seguiremos apostando polo turismo de interior, dende unha prestación de servizos cada vez de maior calidade.

As accións de información e divulgación dos nosos atractivos tanto naturais, como patrimoniais e culturais deben estar presididas pola **calidade** como atributo diferencial. Estas vantaxes competitivas son a chave para diferenciar os destinos galegos fronte a outros territorios. Debemos apostar polas nosas potencialidades en materia de **turismo náutico, mariñeiro, termal, rural, de natureza, de aventura, golf ou enolóxico**.

En colaboración co sector impulsaremos o desenvolvemento de novos produtos turísticos, a formación e a promoción no exterior que deberá atender aos principais mercados emisores cara a Península, en coordinación cos organismos do Estado.

Cooperaremos coas grandes cidades na definición de liñas de actuación prioritaria, incorporando ao comercio e os operadores turísticos, propoñendo ofertas desestacionalizadas e curta estancia.

Prestaremos axuda ao desenvolvemento do **turismo de cruceiros**, coas Autoridades Portuarias e as empresas consignatarias, para mellorar a oferta de servizos, a información en orixe e incrementando as escalas.

### 1.4.6.3

## O CAMIÑO DE SANTIAGO

A utilización turística do patrimonio histórico, antropolóxico, etnográfico, arqueolóxico, arquitectónico, paisaxístico, relixioso, migratorio, ou o inmaterial da zona trasfronteiriza do galego- portugués, debe ser potenciada ao máximo. Nesta liña, reforzaremos o papel do **Camiño de Santiago** como referente universal da cultura, dende a incorporación da ruta as tecnoloxías da información e a comunicación e o compromiso de ampliar o seu coñecemento e, como consecuencia, o efecto chamada que ten que levar asociado.

A potenciación do Xacobeo como factor de atracción cultural desestacionalizado, precisa da súa atención permanente e require da incorporación de todos os camiños ao tratamento outorgado ao Camiño Francés.

#### 1.4.7

### **COMERCIO**

Aprobaremos un Plan integral de mellora da competitividade das micropemes comerciais, con financiamento específico para mellorar a imaxe do comercio, incorporar novas tecnoloxías e fomentar o asociacionismo e a formación.

Poremos en marcha medidas de concienciación e incentivación do uso do comercio electrónico por parte das empresas galegas para a promoción e comercialización dos seus produtos e servizos, ou a utilización das redes sociais para manter un contacto máis estreito con clientes e provedores.

Impulsaremos a colaboración neste ámbito comercial cos concellos a través da constitución e o desenvolvemento das Mesas locais de comercio, onde estean presentes os sectores representativos do sector.



# Defensa do estado do benestar\_

---

***Pachi***  
**VÁZQUEZ**

**PSG**   
**PSOE**

Candidato do PSdeG-PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia.

**2.1**

# **ATENCIÓN SOCIAL\_**



## 2.1.1

## POLÍTICAS DE CORRESPONSABILIDADE

A evolución da poboación é un determinante estratéxico no noso futuro. Resulta imprescindible tratar a demografía como interdependente da evolución socioeconómica de Galicia. Pódese influír sobre o número de nacementos a través de variables intermedias como a taxa de ocupación ou a política de apoio á conciliación laboral.

O incremento da poboación en Galicia nos derradeiros dez anos foi de pouco máis de 60.000 habitantes (un 2,2%) mentres que en España no mesmo período superou os 6 millóns de persoas (un 15,2% máis). Unha **poboación moi envellecida**, cunha taxa de fecundidade moi baixa e cunha inmigración feble, fan que o panorama non sexa moi alentador nin a curto, nin a longo prazo.

A combinación de **maiores taxas de ocupación feminina**, e unha mellora nas condicións laborais das mulleres, serán liñas fundamentais de actuación á hora de analizar medidas de cara á revitalización demográfica.

Nesta situación as liñas de actuación política deben dirixirse a acadar **máis traballo, máis igualitario, máis flexible e de mellor calidade**. Cando falamos de **flexibilidade laboral**, falamos da necesidade de facilitar que tanto os homes como as mulleres poidan incorporarse ou reincorporarse con facilidade ao mercado de traballo, ou ben permanecer nel, sen que as necesarias medidas de conciliación familiar e laboral impliquen unha perda de dereitos ou limitacións na súa carreira profesional. Isto só é posible cun **gran compromiso entre todas as forzas políticas, sociais e os axentes económicos**.

**Os incentivos fiscais** serán unha vía máis de actuación do goberno socialista, sempre despois dunha avaliación coidadosa dos seus efectos, garantindo a súa compatibilidade coa equidade.

É fundamental a **ampliación do número de prazas de entre 0 e 3 anos**, ata acadar o nivel sinalado pola Unión Europea de 33% de prazas en centros públicos, incrementando ademais o número de centros escolares que dispoñan de atención antes e despois do **horario lectivo**, así como incrementar o número de prazas de comedor. Tendo en conta as características da dispersión da poboación galega, é moi importante dedicar un especial esforzo nesta liña de actuación a o mundo rural.

O PSdeG porá en marcha sistemas de prestación de **servizos nos bancos do tempo**, unha magnífica ferramenta para pequenos núcleos de poboación e distritos de grandes urbes.

## 2.1.2

## A RIQUEZA EN TERMOS DE XUSTIZA SOCIAL

A prosperidade dun país non se mide só polo seu **PIB**, senón tamén polo benestar, incluso a felicidade das persoas que o habitan. Iso tamén é riqueza. **Educación** para todos, traballo, **sanidade** universal, **xustiza** para todos, significa tamén **eficiencia económica**. No proceso de modernización e redefinición do Estado de Benestar, os socialistas manteremos sempre un sistema baseado na solidariedade e na redistribución da riqueza, sen renunciar á universalidade, gratuidade e á condición de servizo público de educación, sanidade e servizos sociais, na procura da equidade e da xustiza social. A outra alternativa é o PP.

Para que a política social contribúa a mellorar a competitividade, hai que aumentar os ingresos fiscais, facer máis eficiente a xestión e abordar reformas estruturais. É fundamental prover de **medidas de entendemento e mediación** aos servizos sociais. O obxectivo é corrixir as **desigualdades na orixe**, orientar á inclusión social.

Unha elevada taxa de **desemprego** implica un altísimo risco de perda dos elementos de cohesión social. Iso abócanos a un maior empobrecemento e á **infelicidade persoal** e social. **A máxima prioridade do PSdeG é a creación de emprego**. Os servizos sociais deberán actuar como elemento de contención e solución das necesidades persoais elementais.

As Universidades galegas, teñen que xogar un papel fundamental no impulso de políticas de innovación aplicadas ao campo da atención ás persoas. Impulsaremos acordos para que os estudos universitarios contemplan con amplitude a realidade social e que xeren proxectos de investigación que contribúan a engadir valor na prestación dos servizos sociais.

É preciso tamén incrementar a utilización das novas tecnoloxías e as inversións en investigación e desenvolvemento na área de servizos sociais de maneira que todos os concellos traballen cun expediente único e se apliquen programas de auto axuda a través de liña móbil, tutorías en liña, etcétera.

### 2.1.3

## **UNHA ESTRATEXIA GALEGA PARA A INCLUSIÓN**

Vivimos **circunstancias económicas excepcionais**. Estamos noutro tempo social, económico e político. O PSdeG debe adaptarse ás cambiantes circunstancias de cada momento, por iso a proposta hoxe, en Galicia, pasa por un **novo enfoque de loita contra a exclusión** conxuntamente entre os tradicionais **servizos públicos de emprego e os servizos sociais**. Precisamos unha “**estratexia galega**”.

A **caridade**, como propón a dereita, non é a solución. Nós propoñemos dereitos e **o cumprimento efectivo dos dereitos recoñecidos** para dispor dun sistema de protección social sustentable que permita unha vida digna en tanto se consegue un emprego. **Hai que fortalecer valores como a liberdade**, a integración e a seguridade, esenciais para a cohesión social.

Propoñemos un **acordo pola inclusión** que, liderado pola Xunta, integre aos **concellos**, os **sindicatos** e as asociacións **empresariais**. Un acordo que se inscribirá, ineludiblemente, na **Estratexia Galega polo Emprego**. Non se ataca a exclusión sen crear emprego.

É preciso un especial esforzo para a protección de **colectivos con riscos** especiais de exclusión como mulleres de etnia xitana, mulleres vítimas de malos tratos, colectivos homosexuais, ou drogodependentes. En idéntico sentido, debemos perseverar na integración da poboación estranxeira, non por iso desprovista de dereitos.

Afondaremos nas medidas de loita contra a pobreza e a vulnerabilidade, tendo en conta as novas necesidades. Nun contexto de deterioro da cohesión social, urxe a elaboración de programas para a prevención, a atención e a inserción das **persoas sen teito**.

Un dos colectivos ao que cómpre dar a maior atención posible é a infancia, fondamente afectada polo incremento da pobreza. Para iso desenvolveremos o **Pacto Galego pola Infancia**.

Apostamos por facer unha política que informe e **cree conciencia** sobre o **uso responsable** dos servizos públicos, a educación, a sanidade, a atención á dependencia, a xestión de subvencións e as bolsas. O PSdeG impulsará unha transformación profunda do Consello Galego de Servizos Sociais para convertelo nun auténtico instrumento de participación real.

Baixo a coordinación entre administracións, procuraremos o funcionamento dos servizos sociais comunitarios como centro do sistema, co financiamento suficiente. Unha medida urxente será a **derrogación do actual decreto de servizos sociais comunitarios**, que deixa sen financiamento aos concellos de **menos de 20.000 habitantes**. Incrementaremos o **gasto por habitante** en materia de servizos sociais ata achegarse a **media estatal**.

#### 2.1.4

### **CONVIVENCIA INTERXERACIONAL E VIDA ACTIVA**

As políticas sociais do PSdeG sempre prestaron a máis intensa atención as **persoas maiores**. Hai que favorecer a súa permanencia no seu lugar de residencia en condicións socioeconómicas dignas. Por iso, proporemos un **Plan Especial de Sobrevivencia**, para a atención aos maiores de 85 anos que vivan sos (50.000 persoas en 2020, 2/3 mulleres).

É preciso o apoio a **proxectos de emprendemento social** que xeren beneficios económicos e sociais; e o fomento de prácticas que optimicen a competitividade e ao mesmo tempo melloren as condicións sociais e económicas da comunidade, cunha aposta decidida polo desenvolvemento do terceiro sector na sociedade galega.

Por outra banda, debemos propiciar espazos de aprendizaxe durante toda a vida: o cuarto grao da universidade, alfabetización tecnolóxica, etcétera. Na mesma medida, debemos impulsar programas de saúde para a promoción do envellecemento activo e a convivencia interxeracional.

Os homes e as mulleres socialistas fomentaremos un maior protagonismo das persoas maiores, e o desenvolvemento de espazos de participación social e política, e seguiremos a fomentar o maior benestar posible, a fin de favorecer a permanencia no seu lugar de residencia dos galegos maiores.

## 2.1.5

# IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E AUTONOMÍA

A falta de autonomía condiciona o desenvolvemento dun gran número de persoas e das súas familias. A igualdade de oportunidades esixe, xa que logo, o desenvolvemento efectivo da **Lei de Autonomía Persoal**. En idéntico senso, é recomendable facer un seguimento do axeitado cumprimento doutras leis e normas, como a Lei galega de servizos sociais ou o Plan concertado. Isto permitirá impulsar a atención a dependencia en condicións de xustiza social e dignidade, o que se traducirá á súa vez na creación de máis postos de traballo e tamén en máis liberdade para as persoas coidadoras, función que na actualidade exercen as mulleres.

Unha mellor prestación de servizos públicos pasará por potenciar a colaboración cos concellos, facilitando as tarefas que corresponden aos servizos sociais municipais. Iso acádase derivando os recursos necesarios a tal fin, eliminando trámites burocráticos innecesarios, e procurando en todo momento unha axeitada coordinación dos servizos sociais comunitarios cos sistemas sanitario e educativo.

Nunha liña paralela, cómpre que potenciar o Servizo de Axuda no Fogar que procure atención de calidade ás persoas nas súas entornas familiares e sociais evitando o illamento.

O PSdeG cre nun modelo de servizos públicos e de calidade, eficientes, que impulse a autonomía de todas as persoas na súa **diversidade** funcional, con especial énfase na adaptación dos servizos públicos para asegurar o acceso **en igualdade de condicións**. Debemos avanzar na procura de contornas universalmente accesibles, mediante o desenvolvemento de políticas activas públicas e da normativa que garanta a accesibilidade universal, a cohesión social e a efectiva igualdade de oportunidades en todos os campos.

Hoxe máis ca nunca ten vixencia o reto avanzar cara á plena integración das persoas con discapacidade. Unha maneira de facelo é dende o eido laboral, elaborando itinerarios personalizados de emprego baseados nas capacidades das persoas. O PSdeG reforzará o Foro para a inclusión educativa dos alumnos e alumnas con discapacidade. É fundamental incrementar o nivel formativo das persoas con discapacidade, de acordo cós compromisos internacionais asumidos por España.

En colaboración coas organizacións representativas das persoas con discapacidade, promoveremos accións específicas para incrementar a súa inclusión no emprego ordinario. Entre outras, estará a de garantir o cumprimento da obriga legal de empregar un 2% de persoas con discapacidade en empresas de máis de 50 traballadores e traballadoras. Igualmente, propiciaremos un cambio normativo para incrementar o nivel mínimo de contratación ao 4 % en empresas de 25 ou máis traballadores.

**2.2**

# **SANIDADE\_**



## 2.2.1

**UNIVERSAL E GRATUÍTA, SEMPRE**

Hai cousas que os cidadáns necesitamos saber que mañá seguirán sendo igual ca onte. Non poden cambiar. Velaí a sanidade. A sanidade pública galega só pode ser **universal, gratuíta e solidaria**. É dicir, coma onte. Caso contrario, non será sanidade pública. Ata agora o sistema sanitario deste país foi un refuxio seguro para os cidadáns. Hai tempo, porén, que provoca angustia, incluso medo. A razón é que o PP converteuno nun factor de preocupación coa súa política de pagos, copagos e repagos. Grazas a isto, vivimos nun país peor.

Nun momento de por si crítico, o servizo de saúde non pode xerar inquietude, senón certeza. Por iso, **deixaremos sen efecto as medidas de recorte de dereitos** á cidadanía e ás persoas traballadoras da sanidade levada a cabo pola dereita.

Defendemos a revalorización do público. Non permitiremos confundir a reforma da administración co seu desmantelamento. Se debilitamos o público, aparecen as desigualdades na sociedade. Non todo é mercado: antes está a igualdade. Se non hai sanidade universal e gratuíta, non hai cohesión. A fórmula é fácil. Precisamente porque cremos neste sistema e somos conscientes de que temos que garantir a súa sostibilidade a medio e longo prazo, os socialistas consideramos que é fundamental **a posta en marcha dun Acordo Social** amplo que garante a permanencia dun Sistema Público de Saúde de Galicia de calidade e sostible.

Imos garantir a estabilidade económica do sistema sanitario, acabando cas elucubracións sobre a súa su viabilidade financeira e a súa sostibilidade. Impulsaremos a tramitación dunha **Lei de Sostibilidade Sanitaria** que consolide o carácter do sistema, de titularidade pública, universal, de acceso gratuíto no momento da necesidade de asistencia sanitaria, reforzando o dereito da cidadanía á protección da saúde e blindando o sistema contra a privatización. Isto obríganos a opoñernos aos copagos. Son inxustos e ineficaces.

Racionalizaremos o **gasto sanitario**, pero impediremos pagar dúas veces por el. Isto obrigaranos a asinar convenios para pagar todas as débedas a provedores. Pero non permitiremos que a sanidade se precipite nun modelo privado. **Excluiremos**, mediante lei, **o uso dos modelos de contratos de colaboración público- privada** e concesión de obra pública e de servizos do financiamento de infraestruturas sanitarias públicas, polo seu maior custo. Por primeira vez, os centros asistenciais estarán obrigados a publicar a súa memoria de xestión, incluíndo balances económicos, obxectivos e plans de inversións, no primeiro trimestre de cada ano..

O actual goberno promoveu un modelo de financiamento público - privado para a construción e xestión do **novo Hospital de Vigo** co que os socialistas non estive-  
mos nin estamos de acordo, polo que **promoveremos a súa reversión a un sistema de construción e xestión exclusivamente financiada con fondos públicos.**

## 2.2.2

## LISTAS DE ESPERA E ACTIVIDADE ASISTENCIAL

Non hai saúde sen dilixencia. Cómpre abordar a **diminución dos tempos de espera**. Por iso aprobaremos unha **Lei de garantía de tempos máximos de espera**, que estableza estándares de demora pactados coas sociedades científicas. En caso de **incumprimento** deses tempos, o usuario poderá dirixirse a calquera outro centro para que atendan da forma máis inmediata as súas necesidades.

Implantaremos un Plan Estratéxico para reducir os prazos máximos de atención para consultas especializadas, procedementos diagnósticos, probas asistenciais e intervencións cirúrxicas. O obxectivo é acadar **diagnósticos clínicos antes de 30 días** e **intervencións cirúrxicas antes de 90**. Asegurarase que a asistencia non urxente en Atención Primaria non supere as 24 horas en días laborais.

Garantiremos o **acceso á información actualizada**, vía Internet e en tempo real, **das listas de espera**, tanto estrutural como non estrutural.

**Igualaremos as carteiras de servizos dos hospitais comarcais**, recuperando os servizos asistenciais e as prestacións que lles foron retiradas nos últimos anos co goberno do PP. Estableceremos o mapa de derivacións aos diferentes centros asistenciais para **equilibrar as desigualdades territoriais**.

Capítulo especial merece a **atención urxente**. O obxectivo será asegurar un tratamento óptimo dos pacientes nos catro niveis da asistencia urxente: A Atención Primaria, o 061, as portas de Urxencia e as Unidades de Vixilancia Intensiva. Comprometémonos á **completa execución dun Plan Integral de Urxencias e Emerxencias**, que reformando a organización aumente os recursos empregados.

Os socialistas queremos un sistema que evolucione dende uns obxectivos de actividade, cara a uns obxectivos de saúde comúns para todo o sistema, reducindo o número de contactos, axilizando o diagnóstico e o tratamento, e **implantando protocolos de actuación nos procesos máis frecuentes**, para garantir unha atención de calidade, digna e comfortable.

### 2.2.3

## A PRIORIDADE É UNHA BOA SAÚDE

Comprometémonos a presentar unha nova **Lei de Saúde Pública** orientada á prevención da enfermidade e á promoción da saúde que dea resposta aos problemas de saúde prioritarios. Por iso, fortaleceremos os programas específicos sobre enfermidades cardiovasculares, cancro, enfermidade pulmonar crónica e loita contra as toxicomanías.

O actual modelo sanitario, baseado en contactos presenciais episódicos cos pacientes, está orientado as patoloxías agudas. Pero hoxe en día o que predominan son as **enfermidades crónicas**. A orientación cara aos crónicos implicará unha importante xestión do cambio no sistema sanitario.

Estableceremos acordos cos concellos para desenvolver **plans locais de saúde**, arbitrando as medidas necesarias para impulsar a **Rede galega de “ciudades saudables”**. Cómpre acometer programas específicos de promoción da saúde mental e prevención da enfermidade mental nas escolas e no lugar de traballo.

Retomaremos o desenvolvemento do **Plan de mellora de Atención Primaria** para a súa modernización, incremento da capacidade de resolución, desburocratización, e mellora da calidade asistencial. Asemade volveremos poñer en marcha o **Plan de Saúde Mental e o Plan da Atención integral á muller**.

É tamén importante acadar unha **relación paciente- persoal sanitario** de calidade. Potenciarase a figura do **médico responsable do paciente hospitalizado**, cuxa función será asegurar unha permanente información da evolución do proceso patolóxico

## 2.2.4

**SAÚDE INFANTIL. ATENCIÓN AOS MAIORES**

En estreita colaboración con educación, cos concellos e cos pediatras e expertos, elaboraremos un **Plan de saúde infantil** que incluirá: o seguimento prenatal e posnatal, un programa de atención dental infantil e un plan de saúde escolar para loitar contra os novos problemas dos nosos nenos (obesidade, falta de exercicio físico, etcétera).

O envellecemento require máis atención sanitaria. Por iso, a coordinación dos servizos sociais e sanitarios, xunto cas outras medidas de política social que impulsará o goberno socialista, contribuirán de forma significativa a mellorar a calidade de vida da xente maior.

## 2.2.5

# O PERSOAL SANITARIO

Os socialistas consideramos **que a política de persoal** posúe importancia estratéxica. Por iso, propoñemos unha nova relación entre os traballadores e o Servizo Galego de Saúde. Cómpre adecuar o número de profesionais ás demandas asistenciais reais. Hai que asegurar a estabilidade laboral, desenvolvendo periodicamente as Oferta de Emprego Público.

A base da organización dos centros asistenciais serán as **Unidades de Xestión Clínica**, que se estenderán ao 100% da organización, e permitirán incrementar a corresponsabilidade, a descentralización e a autonomía dos profesionais.

Promoveremos a **avaliación** no desenvolvemento profesional, de acordo coas melloras na actividade, a mellora na saúde e os dereitos dos cidadáns, incluíndo a avaliación da competencia profesional. O mantemento da carreira profesional paréce-nos unha ferramenta fundamental para este obxectivo. Vincularase o desempeño das xefaturas de servizo e sección á **dedicación exclusiva**.

O **papel profesional** da enfermería e do resto dos profesionais sanitarios, auxiliares de clínica, celadores e asistentes sociais será cada vez máis preponderante no sistema sanitario. Comprometémonos a seguir impulsando o desenvolvemento profesional e a incorporación de novas competencias prácticas avanzadas e acreditadas de enfermería, así como abrir espazo asistencial para o desenvolvemento das especialidades oficialmente recoñecidas para a profesión.

## 2.2.6

### O SISTEMA É SOSTIBLE

O sistema sanitario galego, tal como o disfrutamos, é sostible. Pese ao que diga a dereita. Fronte á crise económica, o noso reto é acadar servizos públicos de alta calidade a un custo asumible, onde os criterios de austeridade e eficacia sexan relevantes.

O gasto sanitario é un **investimento** en saúde, en emprego, en tecnoloxía, en coñecemento e en desenvolvemento, e non debe considerarse unha simple política de gasto. O sector sanitario público represente un 3,3% do total do emprego de todos os sectores económicos en Galicia. Ademais, cada emprego xera un valor engadido á economía galega de 31.670 euros, o que significa unha achega á economía superior á que realizan outros sectores produtivos.

## 2.2.7

### GASTO FARMACÉUTICO

O control do **gasto farmacéutico** sempre foi unha prioridade para nós. Demostrámolo cando tivemos responsabilidades de goberno. Pero debemos seguir tomando medidas: hai marxe suficiente para mellorar a eficiencia neste terreo sen ter que recortar dereitos nin facer pagar aos pensionistas nin incrementar a porcentaxe que os traballadores activos pagan polas súas medicacións. Tomaremos as medidas necesarias para que os **pensionistas non teñan que pagar nada polas medicinas** que lles prescriben os seus médicos.

Temos que **adaptar a dosificación dos envases** aos tratamentos prescritos e envasados en monodoses que posibiliten a adquisición segundo as necesidades. Nese senso, incrementaremos a **compra centralizada de fármacos** e a contratación por poxa para as farmacias hospitalarias. Potenciaremos a **prescripción por principio activo**.

É necesario regular o **marco de relación** entre os **profesionais e a industria farmacéutica**, establecendo entre outros aspectos, uns **límites éticos**, normas básicas para a visita médica e fronteiras ao papel da industria na formación médica continuada.

**2.3.**

# **DEPORTE\_**



### 2.3.1

## UN NOVO MODELO ORGANIZATIVO

Na sociedade actual, o deporte é un factor cultural que favorece a educación, a saúde e unha ocupación activa do tempo libre. Tamén mellora a calidade de vida e promove o emprego, o respecto ao medio ambiente e a autoestima persoal. Cando se alcanzan certas cotas de éxito, fortalece a imaxe exterior dun país. Somos conscientes de que a crise obríganos a priorizar, pero é urxente definir un **Plan Integral do Deporte Galego** baseado no carácter humanista e educativo do deporte e froito duha ampla participación.

A **organización administrativa** do deporte en Galicia esixe unha **descentralización** cara ás **entidades locais**. Proporcionará eficacia. Todos estamos concernedos co fomento da máxima participación e transparencia nas organizacións deportivas. Con especial atención aos segmentos sociais máis desfavorecidos. E eliminando a medio prazo as asimetrías en relación ao xénero, tanto na práctica deportiva das mulleres como no ámbito da xestión e dirección do deporte.

### 2.3.2

## UN DEPORTE ESCOLAR FORMATIVO E SAUDABLE

O deporte escolar debe constituír un obxectivo prioritario e reorganizarse en torno ao centro de ensino, orientando a actividade deportiva (adestramento e competición) cara á participación de todos os escolares. No seu desenvolvemento deberán colaborar os municipios, as AMPAs e, no seu caso, as federacións e outras entidades deportivas.

### 2.3.3

## **OUTRO MODELO ASOCIATIVO**

**Revisaremos o actual réxime xurídico das federacións deportivas**, establecendo garantías dun funcionamento democrático e dunha xestión transparente para formular un plan de deportes en cada centro. A actividade deportiva en idade escolar estará baixo o control e seguimento do **Comité Galego de Deporte Escolar**, onde estarán representados todos os estamentos afectados. Velará para que os plans, programas e actividades constitúan unha práctica deportiva ordenada que garanta o mellor acceso á competición. Asemade, constituiremos o **Comité Galego do Deporte Universitario**, como órgano colexiado de asistencia e asesoramento de acordo coas Universidades galegas. Tamén favoreceremos un **servizo permanente de asistencia e asesoramento ás entidades e asociacións deportivas, en colaboración coas entidades locais**.

O modelo federado debe ampliarse coa agrupación de clubs, para tutelar modalidades minoritarias e a **Unión de Federacións Deportivas Galegas** para unir esforzos e minimizar custos. Recoñeceremos unha **Asociación Galega de Xogos e Deportes autóctonos ou tradicionais**. Promoveremos a vertebración do Deporte para Todos no ámbito galego, mediante asociacións de segundo e terceiro grado en distintos ámbitos territoriais (autonómico, comarcal e local).

### 2.3.4

## UNHA CUALIFICACIÓN NECESARIA

O Plan de cualificación debe asentarse nun **gran acordo** coas **universidades** e as **federacións deportivas** para un aproveitamento eficiente dos recursos dispoñibles e potenciar a formación, investigación e documentación no sector.

O persoal responsable da dirección e o persoal técnico das instalacións deportivas de uso público, de titularidade pública e privada, deberá estar en posesión das **titulacións** que se determinen para os distintos profesionais. Crearase un Rexistro de Profesionais do Deporte para garantir as cualificacións necesarias.

O proceso de tecnificación **deberá promover una estrutura descentralizada**, coas entidades locais e federacións deportivas unha **Oficina de apoio e asesoramento os deportistas de alto nivel**, coa participación das Universidades e Federacións deportivas, co fin de mellorar as condicións de adestramento, a compatibilidade co estudo ou traballo, ademais de prever o futuro profesional.

### 2.3.5

## UNA PRÁCTICA DEPORTIVA MÁIS UNIVERSAL

A universalización da actividade física e do deporte, garantindo o dereito de acceso sen discriminación, esixe desenvolver Programas de deporte para todos, coordinados coas entidades locais, federacións e asociacións deportivas e no seu caso cos centros privados. Como colectivo cidadán maioritario, promoverase un plan especial dirixido aos **maiores** e programas singulares nos ámbitos escolar, universitario, laboral, de discapacidade e da muller. Promoveremos a superación das asimetrías actuais tanto na práctica deportiva das mulleres como no ámbito da xestión e dirección do deporte.

## 2.3.6

# INFRAESTRUTURAS SUSTENTABLES

Aprobaremos un **Plan Director da infraestrutura deportiva galega**, que contemple os investimentos necesarios a medio e longo prazo para que Galicia teña infraestruturas diversificadas territorialmente.

Hai que potenciar o uso sustentable dos espazos naturais (mar, montaña, río, etcétera) e urbanos (prazas, parques), para o desenvolvemento cidadán da actividade física e o deporte. O investimento público, unha vez superada a actual crise económica, deberá exporse baixo dúas finalidades. Por unha banda, cubrir a necesidade de instalacións e espazos deportivos singulares e, por outro, facilitar que as asociacións deportivas poidan construír **instalacións propias**.

Para un mellor aproveitamento das instalacións deportivas públicas e, en especial, as situadas nos centros públicos de ensino, facilitarase que as entidades e asociacións poidan utilizalas para as súas actividades.

Impulsaremos a Axenda 21, aplicando criterios de sostibilidade na planificación, deseño, construción e xestión de instalacións así como na organización de actividades e eventos deportivos.

## 2.3.7

**ASISTENCIA MÉDICA EFECTIVA**

Os cidadáns que realizan unha actividade deportiva teñen que recibir a asistencia necesaria no marco do Sistema Público de Saúde e no seu caso nos servizos concertados polas federacións deportivas. A Unidade de Medicina do Deporte encargase da asistencia e control dos deportistas de alto nivel e dos que formen parte dos plans de tecnificación, ademáis de realizar tarefas de formación, documentación e investigación.



# Un pulo á formación e á creatividade\_

---

***Pachi***  
**VÁZQUEZ**

**PS<sup>DE</sup>G**   
**PSOE**

Candidato do PSdeG-PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia.

**3.1**

# **CULTURA\_**



### 3.1.1

## **LIBRES, COMPETITIVOS E INFLUINTES NO MUNDO**

O PSdeG considera os conceptos de lingua e cultura de xeito conxunto pois que forman un todo que se desvaloriza se se divide. Son o valor central e unha vantaxe engadida para á nosa **marca país**, entendida como expresión, creación, difusión e goce da cultura e da lingua propias, para recoñecérmonos entre nós e para nos manifestar e identificar cara ao exterior.

Para nós, como socialistas, este é un ámbito irrenunciable da nosa acción política, porque define e da razón á nosa existencia, e porque procede e retorna a unha sociedade á que pertencemos e á que representamos. Galicia compréndese e realízase a traveso da súa cultura e lingua, coma un **espazo identitario**.

Desexamos abordar a xestión cultural aproveitando as súas enormes capacidades de xerar actividade económica e benestar, apoiando os emprendementos empresariais nos eidos da produción, creación, investigación, protección e disfrute cultural: editorial, artes escénicas e musicais, patrimonio, audiovisual, e aos creadores, mediadores e públicos.

### 3.1.2

## LIÑAS DE CRÉDITO Á CREATIVIDADE

A función emprendedora e a actividade empresarial nas industrias de matriz cultural, son decisivos para avanzarmos na creación de riqueza. É preciso fomentar a constitución dun tecido empresarial cultural sólido, de alta produtividade, con capacidades innovadoras, coas raíces no país e con extensións en todo o mundo.

Procuraremos **liñas de creto especiais** para as industrias **culturais e creativas** –audiovisuais, artes escénicas e musicais, plástica, literatura, de conservación do patrimonio, etcétera– tanto para a execución de proxectos como para a innovación tecnolóxica e a creación de novos empregos, mediante créditos de baixo interese, e/ou o financiamento de intereses ou o aval bancario.

Estableceremos un sistema de control e **auditoría dos cartos destinados a cultura**, onde queden reflectidos con total transparencia os criterios de rendibilidade social.

A **suba do IVE** do 8 ao 21% no sector da cultura suporá un atranco para o acceso da cidadanía a este dereito. Demandaremos ao goberno central a súa rebaixa e no seu caso dende as nosas competencias. Estableceremos medidas tendentes a que a suba non supoña un freo á actividade cultural nin ao seu disfrute.

Levaremos adiante un proxecto de integración **da moda, o turismo, a arquitectura, a gastronomía** e en xeral todos aqueles sectores produtivos relacionados co deseño e a creación no desenvolvemento das ICC.

Estamos abertos ao debate sobre a incorporación de fórmulas alternativas na **xestión dos dereitos de autor**. O Copyleft e as licencias Creative Commons, son dous puntos quentes en canto a chegada dos produtos culturais os seus destinatarios.

### 3.1.3

## O AUDIOVISUAL, SECTOR ESTRATÉXICO

O Audiovisual volverá a ser un sector estratéxico para o noso país. Potenciaremos e desenvolveremos a industria dos contidos audiovisuais para os diferentes e múltiples soportes existentes no mercado (televisión, cine, telefonía móbil, videoxogos, internet, etcétera). Asemade, facilitaremos o acceso das empresas audiovisuais aos **contidos multiplataforma**, mediante un proxecto sostible de diversificación e presenza nos xacementos de negocio e abordar un plan coherente e sostible de contratación de contidos e servizos dende a TVG, que contribúa a ordenación do sector.

O gran peso no sector audiovisual da **CRTVG** e a forte demanda de contidos xerada pola canle autonómica, convértena no verdadeiro motor que impulsa este sector en Galicia. Diante desta situación, procuraremos resposta axeitada a un dos retos máis urxentes que afronta o sector audiovisual galego no canto é a ocupación do mercado exterior.

### 3.1.4

## A INDUSTRIA EDITORIAL

Reforzaremos o papel estratéxico da industria editorial pola súa importancia no fomento do uso do noso idioma e tamén para a nosa economía xa que é a primeira industria cultural en volume de negocio. Neste senso é necesario impulsar o seu fortalecemento e a mellora substancial das súas condicións industriais e mercantís.

Reforzaremos a fortaleza e potencialidade das nosas pemes culturais para que poidan competir eficazmente en mercados cada vez máis amplos e esixentes.

Levaremos a cabo una estratexia conxunta cos escritores e editores galegos para a incorporación da creación e a produción as dinámicas comerciais do libro electrónico.

### 3.1.5

## **ARTES ESCÉNICAS**

Creemos posible a transformación das artes escénicas e musicais nun sector produtivo non necesariamente dependente, capaz de xerar riqueza, benestar e emprego. Para elo, coordinaremos coas demais administracións públicas e institucións de carácter público- privado unha acción institucional para potenciar políticas de formación, creación, exhibición e distribución, sen esquecer accións igualmente substantivas como a documentación, a información, a divulgación ou a investigación.

### 3.1.6

## **UNHA FIESTA AOS NOVOS CREADORES**

Garantiremos redes de servizos culturais públicos de proximidade con calidade que permitan á cidadanía o acceso á cultura e ao lecer en todo o territorio. Abriremos aos novos creadores os edificios e instalacións públicas concibidas para as manifestacións culturais, non só para dar cabida a espectáculos ou iniciativas xa rematadas senón para a creación no proceso previo á súa exhibición. As bibliotecas, os museos e os centros de manifestación artística, como entidades prestadoras de servizos públicos, funcionarán como centros de información e cultura, lugares para a aprendizaxe autodidacta e institucións preservadoras e divulgadoras do patrimonio histórico e cultural.

## 3.1.7

**A CIDADE DA CULTURA**

Non faremos novos investimentos nos vindeiros anos. No estado actual dese proxecto compre controlar o seu gasto de funcionamento e darlle contido

As iniciativas culturais **galegas** (exposicións, eventos, espectáculos, foros, etcétera, impulsadas por empresas e/ou creadores galegas) terán un trato preferente e prioritario na hora de ser desenvolvidas nas instalacións da Cidade da Cultura. Pensamos que os usos que debe propiciar esta instalación cultural deben pórse ao servizo dos axentes culturais do noso país.

**3.2**

# **LINGUA GALEGA\_**

### 3.2.1

## O SINAL DE IDENTIDADE DUN POBO

A lingua galega constitúe o **distintivo da identidade dun pobo** e dunha cultura. Somos galegos e galegas en parte porque temos unha lingua que nos diferencia dos falantes doutras comunidades lingüísticas, e dispomos dunha cultura que se expresa nunha lingua que lle confire a singularidade. A nosa lingua é máis ca unha linguaxe: **a nosa lingua somos nós**.

Despois de máis de vinte anos de autonomía conseguimos que o galego dispoña dunha aceptación plena por parte da cidadanía, que sexa amplamente coñecida grazas ao labor do sistema educativo, da formación de adultos e dos medios públicos de comunicación, e que fose obxecto dun proceso de institucionalización sen precedentes na súa longa historia.

A situación social actual da lingua galega é positiva nalgúns indicadores pero preocupante noutros. O nivel de coñecemento do galego avanzou considerablemente en toda a poboación. Unha ampla parte da cidadanía ten capacidade para expresarse sen maiores dificultades en galego. Tamén avanzou considerablemente a presenza pública do idioma.

Porén, seguimos observando **indicadores preocupantes**. Por unha banda, mantéñense algunhas opinións e actitudes pouco favorables á presenza social do galego; por outra, certas ámbitos e áreas sociais, algunhas delas de fonda transcendencia para a cidadanía, mostran un compromiso escaso ante as demandas dun maior nivel de galeguización; finalmente, a transmisión da **lingua galega no fogar e na familia** e o seu uso entre a **mocidade urbana** é outro elemento sociolingüístico que nos move á preocupación.

### 3.2.2

## UNHA LINGUA A SALVO DE PARTIDISMOS

En Galicia temos un soa comunidade lingüística, sen segregacións xeográficas ou sociais, conformada polo galego, a lingua propia e histórica, e máis polo castelán, lingua empregada diariamente por moitos galegos e galegas. As linguas deben ser tamén un punto de encontro, pero nesta lexislatura o PP promoveu o enfrontamento. En realidade, **desprezou o galego** para facer política con el.

A desaparición, baixo o actual mandato do PP, de todos os medios de prensa escrita en galego, e a práctica desaparición de textos en galego nos demais medios de difusión, é o máis claro síntoma do illamento que está a sufrir a nosa lingua.

A política lingüística non pode ser obxecto de controversias partidistas. Os galegos e galegas acreditamos o amor pola nosa lingua nas manifestacións de reacción ao aldraxe do Goberno do PP. Deixámoslle claro que o galego é un dereito dunha cidadanía que reclama a súa presenza social.

Na próxima lexislatura, o obxectivo do PSdeG será a revitalización social continuada da nosa lingua. Pretendemos **frear o proceso de substitución social do galego polo castelán** e garantirlle ao galego unha vitalidade lingüística suficiente que asegure o seu futuro.



## 3.2.3

**PENETRAR EN TODOS OS ÁMBITOS**

A revitalización debe basearse en desfacer as actitudes negativas que aínda persisten, en estimular a transmisión do galego na familia e en fomentar o seu uso en todo tipo de situacións e ámbitos. Débese facer, asemade, un esforzo suplementario para achegar o galego a **certos sectores sociais e institucionais**: a **xudicatura**, o mundo da **empresa**, a sanidade, os **medios de comunicación privados**, a publicidade, etcétera

Hai que dotar aos individuos e á propia lingua galega das ferramentas, dos recursos e das capacidades para que calquera poida usala en calquera circunstancia da súa actividade profesional e da súa vida, pública ou privada.

Para todo o que acabamos de sinalar asúmese a posta en marcha, cos recursos orzamentarios, materiais e humanos precisos, do **Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega**, aprobado no **Parlamento no ano 2004**.

A posta en marcha do PXNLG debe sustentarse na realización dunha planificación lingüística decidida. Non pode haber política lingüística sen planificación, do mesmo xeito que a planificación é inútil se non hai principios políticos claros e explícitos.

### 3.2.4

## **A LINGUA GALEGA FÓRA DE GALICIA**

O recoñecemento pleno do carácter plurilingüe de España debe constituír un obxectivo que recolla unha realidade ao tempo histórica e plenamente actual: sendo Galicia unha parte de España e tendo unha lingua propia, esta debe necesariamente formar parte do **patrimonio lingüístico español**.

Ese recoñecemento deberá conter **unha dimensión simbólica e outra práctica** ou aplicada. Trátase de que a cidadanía poida utilizar o galego en certas actividades relacionadas coas institucións centrais do Estado e trátase de que o Estado visibilice nitidamente a existencia doutras linguas históricas en España diferentes do castelán.

Nunha liña semellante, debemos perseverar nos avances feitos polos socialistas dende as **institucións nacionais e europeas**, e conseguir que a lingua e a cultura galegas teñan maior presenza nas comunidades europeas, e, na medida do posible, avanzar no recoñecemento do galego como lingua válida para que os cidadáns se comuniquen coas administracións comunitarias.

**3.3**

# EDUCACIÓN\_

### 3.3.1

## EN CASO DE CRISE, NON RECORTAR

A educación é o antídoto perfecto contra as dificultades. Canto máis críticas, máis posibilidades de que a educación contribúa a superalas. É un factor de crecemento económico, cohesión social e igualdade. Naturalmente, nos últimos anos tamén é un ámbito para facer recortes co ánimo de facilitar o **negocio** dalgunhas persoas. A educación non é un gasto senón una **inversión**. O sistema educativo galego debe ser sinónimo de equidade e excelencia, factores indisolubles para acadar unha verdadeira educación de calidade xunto ao seu carácter universal.

A escola **inclusiva, laica, democrática e de calidade** considérase necesaria para que a formación sexa garantía de igualdade de oportunidades, igualdade social e igualdade de xénero. Para iso, os orzamentos contemplarán todas as necesidades da educación en Galicia, **sen recortes** que prexudiquen ás persoas. Asemade, os **centros concertados**, como parte do sistema público, **someteranse** ás necesidades de planificación integral da ensinanza, tendo en conta, en calquera caso, os postos escolares necesarios na educación obrigatoria e no seu caso na Formación Profesional. A súa **xestión ha ser transparente e controlable**.

Traballarase con forza para tentar acadar, dentro das competencias da comunidade autónoma, un pacto social en materia de educación na comunidade autónoma.

Impulsaremos, un modelo de escola baseado na atención á diversidade e na calidade da educación para todos, transformando os centros educativos en espazos coeducativos e democráticos, que proxecten os seus fins, xestión, currículo e proxecto de convivencia desde o recoñecemento da diversidade e a aplicación de políticas de igualdade. Os proxectos educativos potenciarán o emprego dunha lingua inclusiva, a reelaboración e transmisión crítica dos saberes e valores desde a perspectiva de xénero, así como a integración do mundo dos afectos e do coidado no currículo, co fin de fomentar a aprendizaxe do coñecemento científico e a autonomía persoal.

Reforzase a participación social e democrática como unha das principais características da escola galega.

### 3.3.2

## MODELO DE ESCOLA

O PSdeG defende un modelo de escola dotada de todos os medios dos que se pode dispoñer na actualidade (entre eles ocupan un lugar destacado as TIC). Unha escola, dende logo, con capacidade de transformación da sociedade e de mellora da convivencia pacífica. O modo de acadalo é cun proxecto baseado na atención á **diversidade** e na cualidade da educación para todos. Só se conseguirá evolucionando cara a comunidades escolares sostidas con **fondos públicos** na súa meirande parte, con autonomía para adecuarse á súa contorna sociocultural.

É o noso propósito promover a transformación dos centros educativos en espazos coeducativos e democráticos, que proxecten as súas fins, xestión, currículo e proxecto de convivencia, dende o recoñecemento da diversidade e a aplicación de políticas de igualdade.

Porase gradualmente en marcha nas cidades e vilas **un transporte circular** que leve ao mediodía ao alumnado de centros sen servizo de comedor a aquel ou aqueles outros que dispoñan del. Tenderase a facer o mesmo para que todo o alumnado da educación obrigatoria que o desexe poida asistir a actividades extraescolares.

Colaboraremos coas administracións na organización servizos de atención ao alumnado antes do inicio da xornada (infancia madrugadora).

Consideramos os valores dunha educación plural e igualitaria incompatibles coa **segregación do alumnado por sexos**, de modo que **eliminaremos os concertos** cos centros educativos segregacionistas.

Avogamos tamén pola modificación da contratación do **profesorado de relixión** nos centros de ensino públicos pasando a ser por concurso público de méritos a través de listaxes elaboradas pola Consellería de Educación.

Recuperaremos o Programa “Preescolar na casa”, como forma de atención singular no medio rural, garantindo a accesibilidade nos lugares onde non exista unha rede pública de centros infantís.

### 3.3.3

## ESCOLA EN GALEGO

Esta escola ha de ter un papel relevante na formación das cidadás e dos cidadáns do século XXI, de modo que nela se aprenda a vivir na diversidade e na pluralidade social, cultural e lingüística. Neste senso, o **galego**, lingua oficial de Galicia, é lingua oficial da escola e, en consecuencia, é lingua vehicular, polo que non pode limitarse a súa ensinanza ao ensino da Lingua e Literatura Galega como meras materias do currículo.

### 3.3.4

## BOLSAS E LIBROS GRATUÍTOS

Na institución escolar o alumnado contará coas axudas necesarias para desenvolver ao máximo as súas capacidades. Sobre todo aquelas persoas que precisan apoios pedagóxicos específicos.

Defendemos un **sistema de bolsas e axudas ao estudo** que, se ben con diferenzas en función da etapa educativa da que se trate e tendo en conta o esforzo, sirva para garantir que a carencia de medios non sexa para ningún causa de abandono dos estudos. É inadmisíbel a continua diminución orzamentaria neste aspecto.

**Restableceremos a gratuidade dos libros de texto** iniciada polo goberno Touriño e restrinxida polo goberno Feijoo. Paralelamente, promoveremos un plan piloto para impulsar o **libro electrónico** así como a elaboración **de recursos dixitais** que rebaixen os gastos das familias, e ao mesmo tempo abran novos paradigmas na escola.

### 3.3.5

## **O PROFESORADO**

En catro anos de Goberno popular perdéronse 2.500 postos de profesorado en Galicia, con especial incidencia onde máis se necesita: reforzo e atención á diversidade. Menos profesores e menos recursos é a receita da dereita.

Galicia precisa un profesorado con formación inicial e continua. Seleccionarase mediante un sistema acorde cos tempos e conforme aos principios de obxectividade e competencias. Farase un esforzo para impulsar e mellorar no seu caso o proceso de avaliación na formación teórico práctica da titulación de Maxisterio. Fomentarase a formación en igualdade de xénero e non discriminación de forma transversal

Impulsarase o proceso de avaliación e mellora nos mestrados para secundaria, diferenciando segundo as distintas especialidades e prestando especial atención aos correspondentes a Formación Profesional específica e o orientación psicopedagóxica.

### 3.3.6

## A FORMACIÓN PROFESIONAL

O impulso da **Formación Profesional**, en tanto que eixo estratéxico do noso sistema educativo, debe ser un instrumento básico cara a un novo modelo de desenvolvemento económico. Por iso potenciaremos o Consello Galego de FP coa participación e implicación dos axentes sociais na busca dunha progresiva integración dos dous subsistemas da FP (Regrada e para o Emprego). **Impulsaremos unha Estratexia de Innovación da FP Galega** que desenvolva programas de I+D+i coa participación conxunta de empresas, Universidades e centros de FP.

Estableceranse os controis necesarios para que a formación que se adquira na FP recolla aqueles aspectos relativos ao autoemprendemento e o desenvolvemento de competencias correspondentes á formulación, defensa e implementación dun proxecto de empresa propia. Asemade, garantirase a preparación para a inserción e o progreso laboral a partir dunha efectiva orientación profesional de todas as persoas.

Elaborarase una normativa actualizada en materia de formación en centros de traballo que contribúa a resolver os problemas de comunicación e traballo conxunto entre os centros, as empresas e a administración que, no seu caso, poida corresponder.

Regularase a formación continua dos profesorado de FP de xeito que se xestione tendo en conta, como principio fundamental, a adecuación dos currículos ás necesidades de cualificacións existentes en cada momento nos respectivos ámbitos.

Estableceranse **controis** para que a formación que se adquira na FP recolla aqueles aspectos relativos ao **autoemprendemento** e o desenvolvemento de competencias correspondentes aos proxectos de **empresa propia**.



## 3.3.7

## O SISTEMA EDUCATIVO

Tenderemos a que **un 85%** das persoas comprendidas entre os 18 e os 24 anos conten co título de Bacharelato ou de Formación Profesional de grao medio. Asemade, hai que contribuír a que todas as persoas dispoñan de competencias lingüísticas básicas polo menos nun **idioma estranxeiro**. Nesta medida, potenciaremos o **intercambio de alumnos** con outros países e, sobre todo, a incorporación de **profesores nativos** aos centros en Galicia.

A redución dos índices de fracaso escolar será un obxectivo prioritario. Debemos situalos na media dos países máis adiantados e facelo co compromiso dos centros educativos. Con estratexias de reforzo educativo, de atención temperá dos problemas de aprendizaxe, co impulso da titoría e da orientación. Tamén abordando unha revisión do currículo para potenciar o dominio das destrezas básicas.

Afondaremos no ensino de idiomas con enfoque comunicativo e coa incorporación de profesores nativos e co aproveitamento da televisión pública.

## 3.3.8

## ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS CENTROS

As administracións incentivarán a participación efectiva dos membros da comunidade educativa nos órganos de goberno dos centros, procurando que os cargos de dirección e toma de decisión tendan a ser **paritarios**. Levarase a cabo coa máxima urxencia a actualización dos regulamentos orgánicos existentes. Para facelo é necesario contar cos colectivos de profesorado afectados en cada caso a través de sindicatos, asociacións, xunta autonómica de directores e movementos de renovación pedagóxica.

A función directiva nos colexios, institutos e escolas require dispor de profesorado que conte coas adecuadas competencias. Deseñárase un **modelo de avaliación de directores** para asegurar a maior obxectividade posible. Á vista da problemática existente no sector da dirección dos centros, **revisarase a contía dos complementos por cargo directivo**.

### 3.3.9

## REVISIÓN DA REDE DE CENTROS

Correspóndelle á Administración educativa, ademais da creación e a posta en marcha dos centros e a súa dotación conforme ás necesidades de cada momento e currículo, impulsar a innovación pedagóxica e mellorar a calidade da educación. Farase unha **reestruturación da actual rede de centros**, que é de comezos dos anos noventa.

Dende a Xunta de Galicia deberán levarse a cabo as previsións necesarias para un funcionamento axeitado dos **servizos de transporte e comedores** que se demandan nos centros públicos e que requiren unha rede coa cobertura suficiente. As AMPAS veñen prestando un conxunto de servizos de apoio de grande interese para o ensino. Cómpre axudalas e abordar, nos casos onde así se demande, a xestión pola Administración do servizo de comedor.

Tamén é urxente levar a cabo unha regulación **legal do catering** nos centros onde este servizo exista, así como que se efectúe o correspondente control do seu correcto funcionamento.

O PSdeG fará unha aposta decidida pola **escola rural**, proponendo programas de dinamización cos concellos rurais para impulsar actividades nos centros educativos e dotalos de vida tamén polas tardes.

Promoveremos a coordinación tanto dos **Conservatorios Superiores** como no caso das **Escolas Superiores de Artes**. Retomaremos o proxecto inicial de construción da Escola Superior de Artes Escénicas a fin de implantar os estudos superiores de Danza.

Promoveremos a implantación de Masters nas Escolas Superiores fomentado acordos de colaboración coas Universidades Galegas.

Garantiremos a oferta suficiente das EOI adecuándoa as necesidades e demandas.

## 3.3.10

**PROGRAMA DE EXCELENCIA EDUCATIVA**

Na procura dun modelo de educación máis eficiente e completo, capaz de atallar o fracaso escolar, este programa revisará e deseñará os currículos das materias dos distintos cursos da educación obrigatoria, promovendo a elaboración de materiais didácticos diversos, especialmente nas áreas de maior fracaso. Identificará os puntos críticos do fracaso escolar para abordalos con plans específicos. O **Programa de Excelencia Educativa** contará co asesoramento das facultades de educación e do Consello Escolar de Galicia.

## 3.4

# UNIVERSIDADE\_

## 3.4.1

**UNIVERSIDADE, CIDADANÍA E SOCIEDADE**

A **conexión da Universidade coa sociedade e o seu sistema produtivo** constitúe un obxectivo básico. O PSdeG orientará a súa estratexia política e educativa a reforzar o contacto entre a **Universidade** e os **cidadáns**, entre a **Universidade** e a **Xunta de Galicia**, entre a Universidade e toda a rede institucional, empresarial e de entidades coas que urxe articular actuacións concretas.

Partimos do principio de que a ensinanza universitaria posúe como finalidade promover o pensamento crítico, o progreso da ciencia e o desenvolvemento tecnolóxico, a mellora da calidade de vida da cidadanía, así como a consecución dunha sociedade tolerante e igualitaria. Ha ser quen de capacitar ás persoas para que poidan acceder en condicións adecuadas ao mercado laboral e xerar fluxos de coñecemento.

Acadar estes propósitos esixe **incrementar progresivamente a inversión** na proporción equivalente ao que supón no Estado **o 1.5 % do PIB**, para poder igualarnos así ao resto de países do noso ámbito. Cómpre que Xunta e universidades procedan á **reestruturación das titulacións** existentes na Comunidade.

Urxe aprobar un Plan Xeral de Actuación para apoiar ás universidades, que dea prioridade ao fomento da **participación social** e unha tendencia progresiva á **internacionalización** da Educación Superior. Necesitamos unha colaboración permanente cos axentes universitarios, así como cos grupos de investigación, para favorecer o **debate aberto** e o apoio a **iniciativas que conecten a Universidade coa realidade galega**.

A Universidade require modelos baseados en procesos participativos e de creación de **rexións de coñecemento interprovinciais e interrexionais**, coidando en especial os eixos estratéxicos intercampus.

O proxecto socialista defende sistemas de **transporte sustentable** que permitan racionalizar as políticas de mobilidade de estudantes, profesores e investigadores entre universidades e entre cidades. Asemade, apoiamos **políticas conxuntas de emprego** en xeral, que fomenten o talento entre emprendedores e titulados. Conscientes do mundo no que participamos, promoveremos políticas coordinadas en materia de **investigación e innovación**.

A Xunta colaborará coas universidades galegas na **definición dos seus ámbitos estratéxicos**, no **apoio á consecución de recursos** y na eliminación dos obstáculos que dificulten a integración da Universidade nos programas que potencien o desenvolvemento e a **colaboración institucional**.

### 3.4.2

## **O CIDADÁN COMO FOCO DE ACTUACIÓN**

O PSdeG contribuirá solidariamente coa Universidade á construción dunha resposta institucional á necesidade de abordar cambios en innovación, e a facer que a función universitaria se desenvolva nun contexto de responsabilidade social que considerará ao **cidadán como centro de actuación**. Necesitamos un desenvolvemento científico e tecnolóxico, e este prodúcese na Universidade. Esta ten que abrirse á sociedade, onde se atopan os cidadáns que a sosteñen a través das súas contribucións por medio dos impostos.

Dado que a perspectiva transcende o ámbito de Galicia, dada a dimensión internacional das universidades, o PSdeG asume o compromiso da **innovación** e da **orientación global** para a cobertura das necesidades que a sociedade lle demanda.

A política universitaria galega ten que ser, por outra banda, **estrutural**. Todo está conectado e as fronteiras cada vez resultan máis permeables aos distintos fluxos de capitais, cidadáns e cooperación. Os problemas sociais tamén transcenden as fronteiras galegas, e iso require estratexias **globais de comunicación**, criterios comúns de adquisición de coñecemento e a **eliminación de fronteiras intercomunitarias**, fomentando o **apoio aos consorcios interrexionais**, a través de convenios con CC.AA.

**3. 5**

# **A INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA\_**

### 3.5.1

## UNIFICACIÓN DAS POLÍTICAS

A política de I+D ten o seu punto de inflexión histórico no ano 2008 cando acadou o 1'08% do PIB. Iso situounos como a sexta comunidade de España. Co goberno de Núñez Feijoo descendemos ao 0'95% do PIB é ao posto undécimo. Ademais foi dividida entre dúas consellerías, rachando cos modelos máis eficaces. Nós unificaremos as políticas de investigación e desenvolvemento da Xunta nun órgano de xestión único.

Conforme ao valor de que o coñecemento é progreso, hai que incluír a **I+D+i entre os sectores prioritarios de inversión** para propiciar o cambio de **modelo social e de crecemento** cara un **baseado no coñecemento e a tecnoloxía**, que impida no futuro situacións de crise coma as que estamos a padecer. Apostaremos decididamente por este modelo, potenciando a investigación de excelencia nas universidades do Sistema Universitario Galego (SUG) e os Organismos Públicos de Investigación (OPIs) a través do Plan Galego de I+D+i.

Urxe pór en marcha un **programa de investimento de I+D+i progresivo** co obxectivo de acadar á media española nos próximos catro anos. Esta planificación permitirá desenvolver a transferencia tecnolóxica, tanto ás empresas como á sociedade en xeral. As universidades galegas xogarán un papel fundamental adaptando a investigación ás necesidades das empresas.



### 3.5.2

## **AXENCIA DE INVESTIGACIÓN DE GALICIA**


Crearemos unha **Axencia de Investigación de Galicia** (AIG). Será unha estrutura organizativa, non física. Esta axencia, plenamente autónoma- independente do poder político, estará encargada da xestión científica e tecnolóxica de Galicia, dos programas de financiamento de proxectos, bolsas pre- e post- doutorais, e da selección de persoal científico e tecnolóxico. Ademáis, definirá as necesidades de política científica e tecnolóxica. Estará rexida por un **Consello Científico-Tecnolóxico** de expertos e o seu director será elixido por concurso público internacional.

Fomentaremos un modelo de universidade en liña cos das universidades internacionais máis prestixiosas. Dito modelo ten como elementos inseparables **a docencia e a investigación e innovación de excelencia**. Polo tanto, a calidade do I+D+i levado a cabo nas universidades será un indicador importante para o reparto do financiamento destinado ao SUG.

Apoiaremos a consolidación dos **Campus de Excelencia Internacional** da nosa comunidade, como o **Campus Vida** e o **Campus do Mar**, aportando o necesario financiamento para que manteñan e melloren a súa posición de referencia internacional.

A política de I+D+i incluírá un **plan de retención, recuperación e captación de investigadores** para os nosos centros. Promoveremos a incorporación de científicos ás universidades e OPIs a través de **programas competitivos de captación de recursos humanos** autonómicos, estatais e europeos (como Parga Pondal ou Ramón y Cajal). A captación deste persoal debe ir asociado a un **compromiso de estabilización efectiva** para aqueles que pasen con éxito as avaliacións de excelencia asociadas aos seus respectivos programas. Desta maneira, garantirase a captación e retención de talento na nosa comunidade para atender así as necesidades docentes e investigadoras dos próximos anos.

Co fin de aumentar a **transferencia de tecnoloxía ao medio productivo**, crearanse unhas **axudas especiais “proof of concept”** destinadas a axudar a que os resultados das investigacións básicas xeradas con fondos públicos (galegos ou externos) cheguen á fase de aplicación inmediata ó tecido productivo.



# Territorio equilibrado e sostible\_

---

***Pachi***  
**VÁZQUEZ**

**PSG**   
**PSOE**

Candidato do PSdeG-PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia.

**4.1**

# **MEDIO AMBIENTE\_**

## 4.1.1

**MELLORAR O PRESENTE, SEMENTAR O FUTURO**

Os problemas ambientais xerados polo modelo de crecemento insostible que nos abocou á crise actual, (quecemento global, extinción de especies, deforestación, contaminación das augas, xeración de residuos, esgotamento de recursos, etcétera) teñen unha extensión planetaria. E Galicia non é allea a esta circunstancia. Curiosamente, a Xunta de Feijoo si. **Reduciron en 312 millóns de euros**, dende 2009, as partidas destinadas a políticas ambientais. Nesta mesma etapa, **aumentaron a desprotección do medio ambiente**, cunha lexislación ambigua e discrecional, no momento de eliminar a obrigatoriedade da avaliación ambiental estratéxica ou permitir que proxectos industriais con forte impacto saísen adiante sen condicionamentos ambientais.

En Galicia tócanos aos socialistas perseverar na **loita contra a contaminación** nos medios urbanos e rurais, así como deseñar unha política rigorosa na xestión de **residuos**. Por non falar da prevención dos **incendios** forestais ou a mellora da calidade das augas continentais e marítimas.

Na tarefa de acadar unha Galicia máis sostible, a **educación** dos cidadáns e a súa implicación resulta crucial. Os socialistas consideramos que Galicia é quen de afrontar os retos ambientais e darlle as solucións axeitadas. Debemos promover estratexias de adaptación ao cambio climático nas que dar solucións as manifestacións do problema (períodos de seca prolongados, choivas máis intensas, etcétera) e tamén de loita contra ese cambio. Retomaremos, actualizándoo, o Plan Galego de Acción fronte ao Cambio Climático posto en marcha polo goberno progresista.

Nada o anterior será posible sen modificar o modelo de crecemento especulativo que xa fracasou e transitar cara a unha visión da sostibilidade a longo prazo na que o desenvolvemento económico, a protección social e a protección do medio ambiente vaian da man.

## 4.1.2

# ESPAZOS NATURAIS

Os espazos naturais constitúen un seguro de futuro para a natureza, pero tamén deben ser unha garantía de calidade de vida para a xente que os habita. Estableceremos mecanismos económicos para que as persoas que viven ou teñen propiedades nos espazos protexidos poidan recibir beneficios desta circunstancia.

E necesario **ampliar a rede de espazos protexidos**, recuperando a proposta de chegar ao 18% do territorio protexido pola Rede Natura 2000. Na mesma liña, establecemos máis mecanismos de **“custodia do territorio”**. Queremos comprometer a creación do Parque Natural Ancares- Courel, entre outras figuras de protección.

O desenvolvemento social e económico dos espazos protexidos pasa polo seu aproveitamento sostible dos recursos naturais endóxeos, o **turismo** de natureza ou a creación dunha imaxe corporativa dos Parques Naturais de Galicia, entre outras accións.

A promoción de **emprego verde**, asociado á explotación sostible dos nosos espazos protexidos, é a mellor garantía dunha economía diversificada e harmónica.

É importante ordenar os espazos da Rede Natura 2000 e establecer os seus usos. Segue pendente de publicación o Plan Director da Rede Natura 2000, e o que coñecemos del resulta, como toda a lexislación ambiental do goberno de Núñez Feijoo, discrecional e ambiguo. Comprometemos á súa modificación, concertada coas ONG’s, organizacións sindicais agrarias, concellos, etcétera, para que toda a sociedade coñeza cales poden ser as actividades a levar a cabo nestes espazos protexidos.

Cómpre que os municipios conten nos seus plans xerais de ordenación urbana cun modelo intensivo de sostibilidade, tomando en conta os criterios ambientais para a concesión de licencias de construción e apertura. Nos concellos, onde existan espazos naturais protexidos, os plans de ordenación municipais deberán harmonizarse cos **plans de ordenación de recursos** deses espazos.

## 4.1.3

**XESTIÓN DE RESIDUOS. SUPERAR SOGAMA**

A realidade social de Galicia amósanos que a xeración de residuos por habitante, no caso dos residuos sólidos urbanos, é inferior á doutros países da Unión Europea, e mesmo doutras comunidades autónomas. O actual Goberno desbotou o anterior Plan de Residuos para substituílo polo Plan de Residuos 2010- 2020 onde a incineración e o vertedoiro, as últimas opcións na xerarquía comunitaria, son as liñas prioritarias, apostando polo mantemento do **modelo Sogama**.

Fronte a isto, propomos a **complementariedade** dos distintos sistemas de tratamento de residuos. O obxectivo é estabilizar e reducir a produción de residuos, fomentar a recollida selectiva en orixe, minimizar o vertido final en depósitos controlados e implicar ás persoas nas actuacións de xestión de residuos. “Redeseñar, Reducir, Reutilizar e Reciclar”: velaí os nosos principios. Modificaremos o Plan de Residuos de acordo con estes principios e rexeitando construír novas incineradoras no país.

Mención aparte merecen os **residuos agrarios**. Ademais do perigo que presentan pola súa composición química, prodúcense en grandes cantidades. É, polo tanto, importante elaborar plans de xestión de fácil aplicación para os habitantes do medio rural. Os **residuos pesqueiros/portuarios** tamén deben ser abordados con plans específicos para conseguir a súa redución, reutilización e reciclaxe.

#### 4.1.4

### **AUGA, UNHA OPORTUNIDADE**

A auga e os ríos seguen a ser en Galicia, malia todo o que leva acontecido nas últimas décadas, unha oportunidade de desenvolvemento. A xestión do PP fixo que hoxe Galicia estea máis en **risco de ser sancionada** por incumprir a normativa comunitaria polo non saneamento e depuración de augas residuais que se verten nos seus ríos e rías.

Cómpre acadar o **“bo estado ecolóxico”** dos nosos **ríos**, revisar as vellas concesións para adaptalas ao marco legal actual, deixar Galicia libre de novos aproveitamentos hidroeléctricos, paralizar definitivamente a construción de novas centrais, esixir o **pago dun canon verde** polo “dano continuado” que están a producir nos nosos ríos e na diversidade biolóxica que sustentan e rematar o saneamento das rías.

Modificaremos a vixente **Lei de Augas** para adaptala a Directiva Marco da Auga e dialogaremos coas comunidades de traídas veciñais para establecer as medidas a levar a cabo na modernización destes sistemas de abastecemento que son maioría no rural galego.



**4.2**

# **URBANISMO E VIVENDA\_**

## 4.2.1

# UN MODELO EQUILIBRADO

Durante o último século e medio Galicia gañou un millón de habitantes. Neste tempo, perdeu o seu carácter eminentemente rural para converterse nunha comunidade con centros urbanos conxestionados e unha hibridación do medio rural acompañada dun despoboamento en amplas zonas. O eixe atlántico, conformado por un sistema policéntrico de cidades, vilas e pobos, concentrou o desenvolvemento social e económico. O resto do territorio non viviu o mesmo proceso e consolidouse o **desequilibrio territorial**.

O eixo atlántico Ferrol- Tui, referente do crecemento máis forte, concentra o 70% da poboación total, cando en superficie non representa nin o 20%. Esta distribución desequilibrada tradúcese nunha importante **degradación da paisaxe**. É necesario establecer, de común acordo, un modelo territorial mellor adaptado ás nosas necesidades e que axude a vertebrar o país. A Galicia de dúas velocidades non é un modelo válido.

Galicia, cunha ampla poboación concentrada nunha pequena parte do territorio, ten neste **desequilibrio** un factor de problemas ambientais e desigualdades sociais. É necesario **“repensar o país”** e optar por un desenvolvemento sostible do territorio.

Pero se o territorio é un recurso a xestionar, a **paisaxe** non o é menos. A paisaxe é o que vemos pero tamén o que sentimos, o que nos representa como pobo; é a nosa carta de presentación onde poder ler o que fomos, o que somos, e o que pretendemos ser.

Galicia reclama unha **nova lexislación de “ordenación do territorio”**. As actuais normas de ordenación do territorio e de ordenación do litoral non definen claramente os usos permitidos e prohibidos, nunha **ambigüidade calculada** que fai da **discrecionalidade** o seu sinal de identidade. É necesario establecer unha nova cultura do territorio. As leis que fagan referencia á ordenación sobre o territorio, deberán contar co apoio dunha maioría reforzada no Parlamento de Galicia dos 2/3 dos deputados e deputadas.

Porén, **non só se trata de cambiar o marco legislativo**, senón tamén de garantir a súa execución e cumprimento. Consideramos imprescindible manter unha liña estable de colaboración económica e técnica cos concellos para a elaboración do planeamento, e posibilitar o desenvolvemento pleno por parte dos concellos da súa competencia sobre o deseño ordenado do seu futuro.

Co mesmo obxectivo, tamén estimamos preciso reorientar a actual estrutura da **Axencia da Protección da Legalidade Urbanística**, potenciando as súas funcións de inspección, reposición da legalidade e sanción en materia de urbanismo, así como as competencias en materia de política urbanística encomendadas.

Necesitamos, en fin, un **Pacto polo Territorio** que cohesione o país, e teña en conta o papel protagonista dos axentes e institucións locais, que fortaleza a rede de grandes cidades e fomenta a súa interrelación coas cidades intermedias, as vilas e os núcleos rurais.

## 4.2.2

# FREAR A ESPECULACIÓN

Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística deben facilitar as actividades tradicionais e aquelas outras vinculadas ao disfrute do patrimonio ambiental, natural e cultural. A política que defende o socialismo galego rexeita a **barra libre que propón o PP**, onde a crise é unha escusa para deixar o territorio ao azar do mercado e dos intereses especulativos. Pola contra, a política territorial debe orientarse a harmonizar o desenvolvemento das cidades e prever a urbanización difusa. Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral, e pór en valor o territorio. Mellorar a accesibilidade e mobilidade no territorio. Protexer o patrimonio natural e cultural.

A modificación da Lei de Costas que o PP pretende levar a cabo elimina as posibilidades de poñer a disposición da cidadanía o dominio público marítimo-terrestre hoxe ocupado por industrias coma Ence- Elnosa.

O PSdeG mantén o seu compromiso de **retirar Ence da Ría de Pontevedra antes do 2018**, data na que expira a concesión administrativa outorgada, aínda que a modificación da Lei de Costas por parte do goberno de España abra outras posibilidades. Conscientes do extraordinario momento de dificultades laborais nos que nos atopamos, consideramos imprescindible levar a cabo un Plan de reubicación destas instalacións na nosa comunidade autónoma, no entorno de Pontevedra e a súa área, para contribuír ao mantemento do emprego e ao peche do ciclo produtivo do papel en Galicia.

Dos 315 concellos galegos, nin a metade conta cun documento global de planificación, e moi poucos deles dispoñen dun planeamento adaptado á lexislación vixente. O resto réxense por normas xenéricas ou instrumentos de planeamento para parte do seu territorio. É, por tanto, necesario que os **municipios** conten cun documento no que se deseñe unha **estratexia de planificación** e se marquen obxectivos onde a protección da riqueza ecolóxica e paisaxística sexa compatible co desenvolvemento económico.

A planificación ten que ser medible e avaliable. Por iso teremos que fixar na nova lexislación indicadores de planeamento e de seguimento.

## 4.2.3

**CIDADES E VILAS SOSTIBLES**

As cidades galegas viviron procesos de “desarrollismo” similares ás capitais medias e grandes do Estado. A **emigración dende o rural** consolidou o desenvolvemento de barrios que trazaron unha nova malla urbana e que protagonizaron o progreso social e económico das nosas cidades; barrios humildes que foron dotándose de servizos educativos, sociais, urbanos, etcétera, e que hoxe deben ser rehabilitados e recuperados por economía de recursos e aproveitamento de solo.

Nas periferias, as conurbacións construíron **sistemas metropolitanos** que non tiveron o recoñecemento legal malia ser unha realidade de dinámicas sociais, económicas, laborais... Os cidadáns das nosas urbes son metropolitanos nos seus comportamentos e nas súas relacións cotiás. O retraso na consolidación de distintas fórmulas de gobernanza ou de xestión intermedia imposibilitaron –salvo algunha excepción– un maior e mellor aproveitamento das sinerxías destas áreas.

As áreas urbanas viven hoxe un momento de grandes retos que transformarán as súas capacidades e a súa competitividade: o desenvolvemento de importantes vías de **comunicación terrestre**, o novo modelo de **xestión aeroportuaria**, a construción de **infraestruturas portuarias** de primeira orde, a chegada do **AVE** ou o desenvolvemento de centros singulares (estacións intermodais, fachadas portuarias, centros comerciais, humanizacións da malla urbana...).

Nós comprometémonos a fixar un marco que posibilite a posta en marcha e o funcionamento real de **Áreas Metropolitanas en Galicia**, para o que resulta necesario proceder á modificación da actual Lei da Área Metropolitana de Vigo, buscando o acordo cos concellos implicados e axeitando as súas estruturas de gobernanza á realidade económica e demográfica da mesma.

#### 4.2.4

## **POLÍTICAS URBANÍSTICAS**

As nosas prioridades nas políticas urbanísticas das cidades serán a **rehabilitación** e **conservación do patrimonio construído**, coa erradicación da infravivenda e a posta en valor dos **cascos históricos**, depositarios de parte da memoria urbana dun pobo.

Os distintos sectores da cidade buscarán comunicarse mediante **sendeiros verdes** e **carrís bici**, configurando un **cinto verde** que rodee o tecido urbano e, dende alí, penetre nel. A **peonalización** de amplas zonas urbanas, co consenso dos afectados, mellorará a calidade de vida.

É necesario superar os límites municipais para percibir con maior claridade os **problemas supramunicipais** e buscar solucións aos mesmos, cunha clara delimitación territorial intermedia, que permita asociar territorios e influencias urbanas, dando lugar a rexións urbanas, áreas metropolitanas ou áreas intermedias de planificación.

#### 4.2.5

## **POLÍTICA DE VIVENDA: ALUGUER E REHABILITACIÓN**

A vivenda é unha competencia exclusiva da comunidade autónoma que estivo absolutamente esquecida durante a etapa do goberno de Núñez Feijoo. Foi obxecto de drásticos recortes que supuxeron unha diminución de fondos públicos superior aos 280 de millóns de euros en toda a lexislatura.

Fronte a política exclusivamente liberalizadora do solo do Partido Popular, seremos proactivos **co dereito á vivenda**. Propugnamos que un maior porcentaxe de solo público sexa dedicado a vivenda protexida, ao tempo que propiciaremos unha política financeira concertada para lograr un aumento das súas promocións.

Adaptaremos o mercado da vivenda protexida á demanda real existente mediante a aprobación dun Plan concertado de vivenda e solo. Asemade, apoiaremos a construción de vivendas en **réxime de cooperativas**, particularmente entre a mocidade.

Fórmulas como a **dación en pago** para defender ás persoas propietarias de vivendas que teñan problemas de financiamento, recibirán o aval do PSdeG.

Un dos sinais da crise actual é o **exceso de oferta do sector inmobiliario**, que xunto coa restrición do crédito provocaron a parálise do sector da construción. Mentres non sexa reconvertida a bolsa de vivendas existentes non é previsible a recuperación do sector. Así, faise necesario apostar pola **rehabilitación**, unha actividade menos desenvolvida no noso país que na Unión Europea.

Reforzaremos os programas de axudas que teñan como obxectivo o establecemento de axudas para a promoción de rehabilitación do parque residencial existente, principalmente as dirixidas ás familias e persoas de rendas medida e medias e baixas, así como para a mocidade, as familias monoparentais, as mulleres en condicións de desprotección ou os colectivos con risco de exclusión social.

As **políticas de aluguer** e rehabilitación poden dinamizar a actividade construtiva, engadindo outros sectores como a eficiencia enerxética ou as novas tecnoloxías. Dende o PSdeG impulsaremos un **Plan de Rehabilitación Urbana** que mellore os servizos de xestión e tramitación de axudas, en colaboración cos concellos. Facilitaremos a colaboración co sector privado na xestión das axudas.

Nunha liña semellante, aprobaremos a figura de **Declaración Responsable** na solicitude de licencias de obras para reformas ou melloras nas vivendas, sempre que non afecten a elementos estruturais nin á configuración arquitectónica.

Potenciaremos a execución concertada entre Administración, propietarios e empresas para desbloquear a rehabilitación, a edificación e a rexeneración urbana. Ao mesmo tempo, perseveraremos na colaboración **público-privada**, no tocante á xestión da rehabilitación e a rexeneración. No noso compromiso co crecemento sostible, impulsaremos medidas de **aforro enerxético**, fomentando o uso das novas tecnoloxías en seguridade, telecomunicacións, autoconsumo, insonorización, etcétera.

**4.3**

# **MOBILIDADE\_**



## 4.3.1

**COMPLETAR OS GRANDES RETOS**

As infraestruturas de transporte son un elemento de competitividade estratéxico para calquera territorio. En Galicia, cun espazo económico periférico en relación cos polos de crecemento da Unión Europea, aínda máis. Somos un país complexo, unha mestura e un equilibrio de realidades moi distintas.

Hai dúas liñas de actuación preferentes. En primeira instancia, finalizar as **infraestruturas en marcha**. Non hai gasto máis inútil que un reto a medias. Falamos de completar o **AVE** a Galicia, a conexión **ferroviaria cos portos**, as melloras acometidas nos **aeroportos** e a continuidade nas infraestruturas viarias internas e de conexión exterior.

En segundo termo, cómpre unha **explotación** eficiente de todas estas infraestruturas. Non abonda construílas: hai que poñelas a funcionar. Son un capital público que se debe facer render social e economicamente.

### 4.3.2

## A NOSA ESTRUTURA VIARIA

Na nosa estrutura viaria conviven diferentes tipoloxías de estradas, con diversos anchos, trazados e niveis de mantemento; de distintas titularidades; e nun territorio caracterizado pola dispersión da poboación e cunha incidencia significativa da meteoroloxía, así como do conxunto das actividades económicas e sociais. Cómpre un esforzo, na medida que o permitan os orzamentos de crise, para contribuír ao seu mantemento e mellora.

A **redución da sinistralidade** nas estradas de titularidade nacional e autonómica pon de manifesto que actuacións concertadas entre as diversas administracións, así como a posta en marcha de medidas como a do carné por puntos, produciron un recorte significativo do número de mortes. Podemos, e debemos, deseñar medidas que reforcen esta andaina.

A posta en marcha do **Plan Galego de Seguridade Viaria** supuxo un avance nesta dirección xa que articulou un conxunto de políticas horizontais (a eliminación dos tramos de concentración de accidentes, as barreiras de protección de motoristas ou as campañas de sensibilización dos peóns “faite ver”) tendentes á redución dos riscos.

Revisaremos a política de **peaxes**, desequilibrada no conxunto do territorio. Comprometémonos **a non impoñer** en ningunha estrada ou vía de comunicación **novos peaxes directos** aos cidadáns e **procurar a rebaixa das actuais tarifas** sobre as de titularidade do Estado, especial a Autopista do Atlántico, que como arteria de conectividade entre as principais áreas urbanas galegas está sometida a unhas peaxes moi elevadas.

Actualizaremos o documento planificador que en materia de estradas realizado o actual goberno, que representou un fracaso tanto nos prazos como no financiamento. Afondaremos na coordinación e colaboración de todas as administracións competentes en materia de estradas. Serán actuacións prioritarias as dirixidas á redución da sinistralidade e á mellora da comunicación nas áreas máis afastadas das redes de alta capacidade.

## 4.3.3

## O SISTEMA FERROVIARIO: MELLORA PARA AS PERSOAS E PARA O MOVEMENTO DE MERCADORÍAS

Consideramos prioritaria a posta en marcha no menor tempo posible do eixo atlántico ferroviario entre A Coruña e Vigo, que posibilite frecuencias e tempos de recorrido inferiores aos existentes.

Demandamos a instauración de **trens de proximidade** para os grandes núcleos metropolitanos. Nese senso, iniciaremos conversas co Goberno central para unha maior participación nas decisións a este respecto que conclúan **no traspaso das competencias** á comunidade galega sobre os mesmos.

O carácter estratéxico das comunicación da alta velocidade ferroviaria con Madrid require dun **calendario** de execucións pendentes perfectamente coñecido e que poida ser contrastable, a vez que demanda unha contratación o máis inmediata posible das cuestións pendentes.

Reivindicamos a realización das estacións intermodais ferroviarias nas principais cidades galegas coa máxima colaboración e coordinación entre as administracións central, autonómica e local.

#### 4.3.4

### MOVIMIENTO DE MERCADORÍAS

A vantaxe competitiva da posición dos portos galegos de interese xeral na rede do tráfico internacional debe completarse co establecemento das plataformas loxísticas necesarias nas áreas próximas. Consideramos fundamental a conexión ferroviaria cos **portos exteriores de interese xeral do Estado** a fin de rematar a súa disposición como porta de entrada e distribución do tráfico internacional de contedores, principalmente para aproveitar mellor as novas facilidades que se están a rematar no Canal de Panamá.

É necesario encaixar as redes portuarias Vigo- Marín- Vilagarcía e A Coruña- Ferrol-San Cibrao nos eixes intermodais. Neste sentido, cómpre a potenciación internacional da **Autoestrada do Mar** do Arco Atlántico con sede no porto de Vigo.

No PSdeG consideramos imprescindible contar cunha rede específica para o **transporte de mercadorías por ferrocarril**, para o que deben deseñarse plans de transporte ligados aos portos galegos, tanto con España (vía León e Val do Ebro, sobre todo, para as conexións europeas) como con Portugal, onde unha nova plataforma ferroviaria entre a PLISAN, Vigo e Porto sería un obxectivo prioritario.

É preciso fomentar unha **xestión portuaria** que permita a concentración e xestión de mercadorías para situar o noso sistema como a principal plataforma de intercambio entre Sudamérica e Europa. Para facer isto, precisamos de políticas de atracción de mercadorías doutras rexións, así como reducir custes con intercambiadores que reduzan ao mínimo o tempo e o prezo de fricción do cambio modal.

Un dos grandes problemas dos portos de interese xeral, ante a **falta de solo dispoñible nas proximidades**, pode resolverse coa creación de plataformas loxísticas na área de influencia e outras intermedias no interior de Galicia, estratexicamente situadas nos nós de confluencia de comunicacións.

## 4.3.5

**UNHA SAÍDA AOS NOSOS AEROPORTOS**

Os nosos aeroportos teñen a súa propia razón de ser, que responde ás necesidades de desenvolvemento das súas áreas de influencia. As políticas promovidas dende a Xunta de Galicia deben procurar a súa máxima expansión e a non discriminación no tratamento aos aeroportos da comunidade. A complementariedade dos mesmos reside no **servizo combinado** que ofrecen.

Dende un punto de vista máis xeral, faise necesario **mellorar os accesos** para facilitar os desprazamentos mediante conexións coas redes de alta prestación, incrementando os servizos públicos, accesibles e cómodos; mellorando, pois, a interconexión entre si e con outros medios de transporte.

É preciso coñecer con claridade os plans de **Aena** sobre futuro dos aeroportos galegos e procurar unha participación máis activa da comunidade autónoma na toma de decisión que afecte aos mesmos.

#### 4.3.6

### TRANSPORTE PÚBLICO

A taxa de utilización dos transportes públicos é extremadamente baixa, acadando un 3,9% dos pasaxeiros o uso do transporte urbano e un 2,8% o do interurbano. Consideramos prioritario crear un auténtico transporte público, metropolitano, intermodal, eficiente, fiable, seguro e para todos, e que ademais mellore a mobilidade nas contornas rurais ou de baixa demanda.

O retraso no desenvolvemento de sistemas de transporte público metropolitano ten lastrado as posibilidades destas áreas e dificultado a vida dos cidadáns. O uso masivo do **transporte privado** supón ao tempo un problema de conxestión das entradas e saídas das cidades, un malgasto enerxético, unha agresión ambiental e unha pésima xestión do tempo das persoas. Ao respecto, deseñaremos e elaboraremos un **Plan de Transporte público metropolitano** de características intermodais. Estará adaptado ás principais areas urbanas e contemplará a **interconexión coas comarcas limítrofes**.

Galicia arrastrou nestes catro anos un déficit de compromiso co impulso de sistemas de transporte. Non se conseguiu cambiar as dinámicas de masivos desprazamentos individuais por unha oferta variada e complementaria de transporte **de curta e media distancia**: consorcios metropolitanos de transporte, transporte **ferroviario de proximidade**, billete único, **aparcamentos disuasorios**. Cómpre apostar dun xeito máis decidido polo transporte público e acometer medidas cara a súa potenciación.

Promoveremos cos concellos e as asociacións empresariais plans de transporte colectivo que faciliten o acceso dende as áreas urbanas e residenciais ao lugar de traballo, mellorando a seguridade viaria e facilitando o tráfico.

**Mellor  
democracia e  
participación.  
máis cidadanía\_**

---

***Pachi*  
VÁZQUEZ**

**PS<sup>DE</sup>G   
PSOE**

Candidato do PSdeG-PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia.

**5.1**

# **CALIDADE DEMOCRÁTICA**

**E REVALORIZACIÓN DA POLÍTICA**



## 5.1.1

### **PROPORCIONALIDADE DO SISTEMA ELECTORAL**

O PSdeG entende que o Goberno galego debe abrir máis espazos de diálogo e participación coa cidadanía. A vitalidade e o dinamismo da nosa sociedade non só veñen determinados polo crecemento económico. Os espazos de coexistión e a fortaleza das organizacións sociais e cívicas son piares fundamentais, de xeito que adquirimos o compromiso de reforzar a **calidade da democracia** para poñela en **mans da cidadanía**, non dos mercados.

En consonancia con este valores, avogamos por unha **maior representatividade e proporcionalidade do sistema electoral**, con mecanismos que conecten mellor entre os representantes públicos os representados. Co obxecto de procurar o maior consenso posible entre todos os grupos políticos, proporemos a creación dunha Comisión parlamentaria de estudo tanto no que respecta á posible reforma da Lei electoral de Galicia, como para poder abordar a reforma do Regulamento da Cámara galega.

## 5.1.2

### **TRANSPARENCIA E EFICIENCIA NO GASTO**

Baixo unha esixencia ética máxima, loitaremos contra a **corrupción**, para o que desenvolveremos as previsións da **Lei de transparencia** e o **código de conduta** dos responsables públicos. Revisarase o **sistema de incompatibilidades** dos altos cargos e funcionarios tanto durante como despois de prestar os seus servizos.

O Goberno do PSdeG estenderá as prohibicións de contratar coa finalidade de impedir a confusión entre intereses particulares e o interese público. A plataforma de contratación dará **acceso** aos **documentos e follas de cálculo** dos que deriven as puntuacións obtidas por cada un dos participantes nos concursos de contratación.

Promoveremos a total transparencia nos procedementos dos distintos niveis da Administración vinculados á contratación de servizos, de persoal, á licitación de obra pública e outros, que deben estar sempre a disposición de todos os cidadáns na Internet. Incluídas, especialmente, as facturas de obras e servizos exoneradas do procedemento de licitación e que, por parte da dereita, teñen representado un foco de corrupción e fraude.

### 5.1.3

## **REBAIXA NO GASTOS EN ASESORES**

Estableceremos **un Plan de Racionalización do sector público institucional** que elimine duplicidades innecesarias e simplifique o número de entes, sociedades e empresas dependentes da Xunta, co obxecto de facer máis áxil o funcionamento da Administración e diminuír os seus gastos correntes. A necesidade de procurar un gasto eficiente dos recursos públicos, afrontaremos á diminución orzamentaria do custe total do Parlamento de Galicia, incluídas as retribucións dos seus membros.

Na mesma liña, traballaremos para a **eliminación de gastos superfluos e ineficaces** no orzamento da Administración, como publicidade, investimentos inmateriais, consultoría ou **asesores**. No caso destes últimos e outro persoal eventual de gabinete, **ademais de reducirse o seu número**, as súas retribucións serán homologables ás dos funcionarios de igual nivel, debendo figurar actualizadas en todo momento na páxina web da Xunta. O Presidente da Xunta informará ao Parlamento da estrutura dese colectivo e das súas funcións.

O acceso á función pública seguirá estritamente os criterios previstos no artigo 103 da Administración, mediante probas en libre concorrência, con tribunais profesionais e ponderando fundamentalmente os resultados das probas

Será obrigatorio publicar na web oficial as **retribucións, o patrimonio** e os intereses de todos os altos cargos, directivos de empresas públicas, organismos autónomos, e Administración consultiva, así como de asesores e demais persoal eventual.

## 5.1.4

**ESTRATEGIA DE INTEGRIDADE PÚBLICA**

Son moitas as mensaxes que apuntan a que a política precisa abrir as fiestras para crear un marco común de valorización da política a través da ética. Por iso, estas e outras medidas quedarán fixadas unha **Estratexia Galega de Integridade Pública** que incorpore a todos os protagonistas do eido público, os medios de comunicación, axentes sociais, concellos e outras institucións que se estimen oportunas. Esta Estratexia incorporará **códigos éticos** baseados na defensa do interese xeral e de adhesión voluntaria.

Todas as institucións recollidas ou derivadas do Estatuto de Autonomía de Galicia incorporarán ademais un **Código do bo goberno** e unha **Oficina de conflito de intereses** que faga un seguimento estrito das incompatibilidades.

## 5.2

### **PARTICIPACION: MENOS PALABRAS E MÁIS FEITOS**

Reformaremos a **Comisión de Peticións** do Parlamento galego e converterémola nun auténtico espazo institucional de participación cidadá, na que a sociedade civil poida dar conta das súas demandas e reivindicacións, tamén debatendo directamente cos membros electos da Cámara. Regularemos a posibilidade de participación dos cidadáns nos procedementos legislativos máis importantes.

Desexamos poñer en marcha os **Consellos de Participación Sectorial**, con carácter consultivo e conformados polas organizacións sociais, o tecido económico, persoas expertas e as propias administracións en todos os niveis. Elaboraremos o **Libro Branco da Participación en Galicia**.

Facilitaremos a presentación de Iniciativas Legislativas Populares (ILP) no Parlamento de Galicia, creando o/a **deputado/a 76**, representante e defensor desa ILP e que intervirá ao longo de todo o proceso na Cámara con voz e sen voto, co apoio dos servizos técnicos do Parlamento. As ILP terán prioridade na tramitación parlamentaria e deberán substanciarse nun prazo inferior a cen días logo do seu rexistro.

Proporemos que os Grupos Parlamentarios dispoñan dunha **oficina parlamentaria de atención os cidadáns** en cada unha das **circunscricións** con representación, sen incremento do gasto público.

## 5.3

**UN GOBERNO ABERTO, EFICAZ E AXIL**

Para conseguirmos que a Xunta de Galicia e as outras administracións públicas acaden eficazmente estes fins, o PSdeG adoptará, entre outras medidas, a idea de **Goberno Aberto**. Trátase dunha nova forma de entender as administracións públicas, baseada en tres piares:

**Transparencia** nas súas actuacións, en particular a relación entre os resultados acadados pola acción pública e os recursos investidos nelas. A información debe resultar fácil e accesible á cidadanía a través das webs institucionais. Profundaremos no camiño trazado pola Lei de Transparencia e Boas Prácticas impulsada polo Goberno de Pérez Touriño en 2006.

**Participación** da cidadanía na definición das políticas públicas, beneficiando a acción pública do coñecemento e a experiencia espallado na sociedade galega.

**Colaboración** para fortalecer as redes económicas, sociais e culturais. Así lograremos que a acción do Goberno se constrúa tamén sobre as contribucións dos cidadáns e os grupos sectoriais.

A xeración de confianza, colaboración e compromiso institucional, empresarial e cidadán, en definitiva, a calidade democrática das interaccións sociais, son os principios nos que se basea este modo de gobernar.

Dotaremos á Administración autonómica dunha **estrutura moderna, eficaz e áxil**, comezando por identificar as áreas nas que por razóns obxectivas e demostrables resulta máis acaída a acción da Administración xeral ou das súas entidades instrumentais. A **Xunta retomarará o control sobre as fundacións** cuxos fondos procedan maioritariamente do orzamento público.

Transformaremos a organización do traballo na xestión, negociando cos representantes dos empregados e empregadas novos modelos de organización e definición de postos de traballo, que faciliten e incentiven a mobilidade dos traballadores entre os distintos servizos, para atender os incrementos puntuais de carga de traballo e contribuír á axilización da atención ao cidadán e á resolución dos procedementos.

Estableceremos os mecanismos obxectivos de **avaliación e control dos servizos** pola cidadanía, tanto dos que presta a Administración directamente como aqueles confiados á xestión indirecta.

Na mesma liña, os procesos administrativos máis habituais, como o mecanismo que facilita as iniciativas emprendedoras da sociedade, serán reducidos a **un só trámite**.

Na contratación administrativa facilitarase a participación das Pemes proponendo lotes cun prezo de licitación axeitado, garantindo prazos de presentación suficientes, eliminando cláusulas restritivas ou de competencia desleal.

O Goberno impulsará a Compra Pública Innovadora nas áreas de sanidade, TIC, servizos da Administración, Medio Ambiente e transportes entre outras, incorporando aos pregos de contratación cláusulas tecnolóxicas, de I+D, de sostibilidade e de responsabilidade social.

## 5.4

## UN BO GOBERNO PRECISA DUNHA GRAN FUNCIÓN PÚBLICA

No PSdeG cremos na fortaleza do **público** como **garantía de igualdade**. A dereita, tanto en España como en Galicia, ten aproveitado a crise como pretexto para dismantelar ese dominio e desprestixiar aos seus empregados e empregadas. Nós propomos a transformación eficaz da organización pública, que pode xerar aforros. E que encontra a súa eficiencia fundamentalmente nun **mellor deseño da organización**, nunha mellor **asignación de recursos** e nunha función pública profesional, formada e incentivada para o cambio e a mellora continuas.

Galicia non pode caer na trampa de confundir a necesidade permanente de adaptar as estruturas e os procesos das súas administracións co seu dismantelamento. As administracións públicas galegas deben transformarse ao tempo que o fai a sociedade á que serven. Nun momento de crise é preciso reorientar o labor administrativo e combinar as tradicionais funcións reguladoras e controladoras cunha función dinamizadora das iniciativas da sociedade.

Asemade, as administracións deben contribuír tamén ao fortalecemento **do sistema democrático**, procurando un funcionamento máis participativo. Iso acádase coa apertura do proceso de decisión política, cun maior nivel de integración e responsabilidade, unha mellor conexión coa cidadanía e maior eficacia. As tecnoloxías da información e a comunicación permítieno.

Analizaremos todos os contratos de prestación de servizos actualmente existentes, para reducilos aos imprescindibles, evitando a contratación externa das funcións que poden ser realizadas polos traballadores públicos.

Abriremos o diálogo cos sindicatos da Función Pública para revisar e modificar a lexislación do Goberno de Feijoo, lesiva para o sector público e prexudicial para os dereitos dos cidadáns e interpiremos un recurso de inconstitucionalidade contra o Real Decreto Lei 20/2012, contrario á capacidade da Comunidade Autónoma para ordenar a súa Administración.

Non haberá despedimentos de empregados laborais fixos nos servizos públicos autonómicos.

## 5.5

### **OS CONCELLOS: O VALOR DO PROXIMO**

O municipalismo forma parte da identidade dos socialistas, que consideran os concellos unha auténtica **escola de democracia**. Nada en política local se explica sen a idea de servizo á cidadanía. Máis que nunca, precisamos un proxecto político local e galeguista. Debemos continuar o camiño iniciado na transparencia da vida pública, e loitar para que todos os nosos concellos sexan exemplo de **transparencia**, facendo públicas en internet as **declaracións de bens** e as actividades e rendas dos responsables institucionais.

Tamén serán publicados nas webs oficiais todos os documentos de planificación urbanística, os trámites de adxudicación de contratos de provisión de bens e servizos, o orzamento e os acordos dos órganos de goberno das corporacións locais.

O PSdeG defenderá unha **estrutura salarial por tramos** para os **alcaldes**, segundo censo e orzamento municipal, semellante ao que se aplica nas retribucións dos cargos da Administración autonómica.

A realidade demostra que, aínda nun contexto de crise, a cidadanía reforza a súa demanda de servizos públicos e de cobertura doutras prestacións no ámbito local. E todo isto ocorre nun marco de debilidade do poder institucional municipal, debido, sobre todo, á carencia dunha **actualización das competencias** que lle son propias, así como, especialmente, á carencia de medios e recursos para afrontalas. Esta será unha das prioridades do PSdeG no goberno, é dicir, dotar de medios suficientes á administración local para poder responder ás demandas dos seus veciños.

Despois de 30 anos de democracia local é necesario reformulala. Non parece sensato que sigamos sen **esclarecer cales son as competencias dos gobernos locais** e ata que punto teñen que prestar os servizos que realizan. Os municipios, sen recibir ordenadamente nin unha soa competencia do Estado nin das comunidades autónomas, tiveron que asumir moitas delas pola vía dos feitos, ante a ausencia de prestacións dende outras administracións competentes.

Nos 315 municipios galegos, cada un coa súa particularidade, existe unha situación **financeira precaria**, pendente de resolver nunha Lei de Facendas Locais. Nós asumiremos a responsabilidade do seu impulso. A atomización municipal galega non pode ser unha escusa permanente para manter unhas condicións que fixan aos gobernos locais nunha posición **política moi subordinada**.



O goberno actual apostou por manter o minifundismo municipal a través de políticas de desmantelamento do público. É o noso labor restituílas e poñelas en valor.

Fronte aos que abandeiran a negación institucional do municipio, defenderemos que os gobernos locais superen a etapa de meros prestadores de servizos e executores das políticas formuladas por administracións de nivel máis amplo, para transformarse en auténticos **gobernos con liderado político**.

Reivindicamos unha serie de reformas legais xa que a nova política local non é só un problema de xestión, senón de marcos normativos que a apoiem. É preciso fixar un calendario legislativo pactado para aprobar novas textos legais. Falamos da **Lei da Administración local galega**, a **Lei de Facendas Locais**, a Lei do Solo, a Lei de Desenvolvemento sustentable ou a Lei de Montes.

É inaprazable unha superación da actual política municipal, revisando o marco legislativo vixente, do Goberno central e da comunidade autónoma para reforzar a lexitimidade e a eficiencia dos concellos, e acrecentar a confianza dos cidadáns nas súas institucións máis próximas.

O desafío máis urxente dos concellos galegos é dotarse dunha **intermunicipalidade** forte, que multiplique o rendemento político con economías de escala no desempeño das súas competencias. Aí estará o PSdeG. A prestación conxunta de servizos debe ser o primeiro paso cara a unha visión estratéxica do noso país. Por iso, **a fusión dos concellos** debe comezar pola cirurxía funcional en lugar da cirurxía territorial.

Pactaremos coa Fegamp un **marco de incentivos** dirixidos aos concellos, que impulse a prestación conxunta de servizos locais, na procura de economías de escala, homoxeneidade e calidade nas prestacións, así como sustentabilidade financeira. Os servizos susceptibles de prestación común serán os de mantemento e pavimentación de vías públicas e estradas, abastecemento de auga, saneamento, recollida de residuos sólidos, alumeados, protección civil, servizos sociais, urbanismo, recadación, vivenda, emprego, turismo, etcétera.

Elaboraremos un Libro Blanco sobre a reforma das Administracións, coa meirande participación pública. O obxectivo será **revisar, simplificar e reducir as estruturas administrativas**, baixo o principio dun único nivel de goberno para cada competencia e co menor custo posible.

## 5.6

# IGUALDADE REAL E EFECTIVA: DEREITO FUNDAMENTAL E VALOR DE XUSTIZA E CRECIMENTO

Dende o PSdeG seguiremos promovendo a igualdade efectiva de mulleres e homes, porque está nos nosos **valores**, pero tamén por **razóns de eficiencia económica**. A experiencia internacional demostra que as sociedades máis igualitarias son tamén as máis eficientes.

Máis alá da obriga ética, confirmouse que a igualdade de xénero supón un impacto positivo no incremento do PIB. O aproveitamento de todo o talento dispoñible dun país leva consigo importantes rendementos sociais.

O contexto económico está sendo aproveitada pola dereita para desmantelar os piares asentados na construción da igualdade. Núñez Feijoo acometeu drásticos recortes, desmantelando parte dos servizos de apoio integral ás mulleres (Servizo Galego de Igualdade) e lexislando en contra dos seus dereitos. Todo isto significou a destrución do emprego de 40.500 mulleres, cun incremento do 48,6% do paro, e un drástico incremento no número de abortos.

Entre as medidas estratéxicas a tomar por un goberno socialista estará **unha prestación por nacemento ás familias monomarentais** que se atopen no paro ou con todos os seus membros desempregados. Paralelamente, elaboraremos o VI Plan de Igualdade de Mulleres e Homes, que marcará as liñas estratéxicas a seguir en materia de Igualdade para toda a lexislatura.

A ausencia total de planificación, a desfeita das estruturas de apoio e o desleixo no seu funcionamento, os drásticos recortes nos orzamentos da Xunta de Galicia nas partidas de Igualdade, así como o impulso de normativas que afondan aínda máis nas discriminacións, poñen ás mulleres de Galicia nunha situación de maior vulnerabilidade.

En xeral é evidente que nas últimas décadas foron moitos os avances, pero é moito aínda o que queda por conquistar, especialmente despois do retroceso da última lexislatura. Dende o socialismo galego buscaremos recuperar o espírito co que avanzamos na lexislatura de Pérez Touriño. Aproveitaremos os **Centros de Información ás Mulleres** (CIM) para consolidar unha estrutura institucional capaz de garantir a aplicación das políticas de igualdade en todos os niveis. Asemade, impulsaremos o **Observatorio de Xénero e Equidade**.

Dotaremos de contido e maior operatividade e transparencia ao Consello de Participación da Muller, como un verdadeiro órgano consultivo e de control das políticas de igualdade.

No plano laboral, coa fin de fomentar o emprego feminino, impulsaremos unha rede que aglutine a mulleres empresarias, directivas e profesionais para a igualdade no traballo, que difunda entre o empresariado a súa experiencia, mostre o seu potencial e reforce a posición e valía das mulleres como directivas.

A **Lei do Traballo en Igualdade** será unha ferramenta estratéxica, despois do freo que lle impuxo o goberno do PP, para acabar coa fenda salarial que sofren as mulleres galegas, de xeito que aumente a súa ocupación, ata chegar ao 50 % do emprego, e diminúa a súa taxa de desemprego, tamén ata o 50%.

Crearemos un distintivo de igualdade nas empresas galegas. O programa EMEGA, dirixido ao emprendemento feminino, verase incrementado nun 50%.

Traballaremos especificamente para fomentar a igualdade entre homes e mulleres nas microempresas e nas explotacións agrarias familiares. Nos centros de traballo, a figura dos **axentes de igualdade**, coa implicación de sindicatos e empresarios, favorecerá que nas empresas con máis de cen empregados se elaboren plans de igualdade a partir de acordos colectivos.

Contribuiremos á implementación da Lei de titularidade compartida das explotacións agrarias, e prestaremos especial atención ás políticas de igualdade para as mulleres rurais.

Os gobernos socialistas teñen promovido unha avanzada lexislación sobre a loita contra a **violencia de xénero**. Desta vez, impulsaremos os órganos consultivos e de participación da **Lei 11/2007** para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, de xeito que: cada uno destes órganos estará regulado de forma independente, para garantir a súa comprensión e facilitar o control das súas actividades; poidan incorporarse á súa composición representantes de asociacións profesionais de igualdade, persoal técnico especializado neste eido e profesionais que estean traballando no ámbito do tratamento da violencia de xénero. Na mesma liña, afrontaremos o reto de acabar con calquera forma de **explotación sexual**.

No eido xudicial, incidiremos en mecanismos para que as mulleres non se vexan forzadas a **retirar a denuncia**. Para iso traballaremos no proceso de fortalecemento persoal, que debe darse ao mesmo tempo que o proceso xudicial. Abundando neste espazo, **publicaremos as sentencias contra os maltratadores** como elemento de sensibilización e prevención.

No ámbito educativo, impulsaremos novas actuacións para dotar ao alumnado e ao profesorado de instrumentos adecuados que lles permitan previr e detectar a violencia de xénero en todo os niveis educativos.

O PSdeG considera crucial a implicación dos **medios de comunicación** na mellora do tratamento informativo das situacións de violencia contra as mulleres. Por outra parte, impulsaremos a responsabilidade social corporativa das empresas a fin de lograr unha alianza empresarial contra a violencia.

Reforzaremos os servizos de atención a menores vítimas directas e indirectas da violencia de xénero na súa atención e a recuperación das súas secuelas, ao obxecto de romper o círculo da transmisión interxeneracional da violencia.

No socialismo galego reivindicamos o valor social da maternidade e a paternidade, comprometéndonos a promover políticas públicas que favorezan esa opción. Por esta razón recuperaremos o Plan de Atención Integral á Saúde da Muller de Galicia, defenestrado polo goberno de Feijóo. Instaremos ao Goberno do Estado a retomar as bonificacións para as empresas que contraten ás mulleres trala maternidade.

O novo goberno impulsará unha convocatoria propia de axudas, na que se terán en conta os ingresos familiares, á que se destinarán como mínimo dous millóns de euros anuais. Ademais, dobraremos os orzamentos para a **redución de xornada** de pais e familias monomarentais. Complementaremos progresivamente o permiso de paternidade para que se poida ir equiparando co permiso de maternidade.

Traballaremos por un efectivo dereito á maternidade desexada, garantindo o acceso sen demora aos máis axeitados tratamentos da infertilidade.

Garantiremos a asistencia da **interrupción voluntaria do embarazo**, segundo a norma legal. Namentres, *instaremos ao Goberno central a manter a Lei Orgánica 2/2010 de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo. Pola nosa parte*, derogaremos a Lei de Apoio á muller Embarazada que, baixo ese título aparentemente solidario, foi impulsada polo PP coa única finalidade de subvencionar con cartos públicos ás redes ultraconservadoras.

O PSdeG favorecera a superación dos obstáculos que impiden a participación das mulleres en todos os ámbitos da sociedade. Para iso, propondrá modificar a Lei 8/1985 de eleccións ao Parlamento de Galicia para garantir a presenza equitativa de homes e mulleres, polo cal as listas serán en alternativa (**listas cremalleira**).

Asemade, promoveremos a presenza equilibrada de mulleres e homes **nos postos de decisión** e de responsabilidade no **sector público** e favoreceremos cambios legislativos oportunos para fixar cláusulas de preferencia na adxudicación dos contratos públicos, para empresas que teñan a marca de **Excelencia en Igualdade**.

## 5.7

# NOVOS DEREITOS E LIBERDADES PÚBLICAS

Os dereitos civís son dereitos naturais, pero deben recibir a súa consagración das leis. Aínda hoxe, moitas persoas son tratadas inxustamente, e néganselle as mesmas oportunidades que a outras, polo feito de crer en determinadas ideas, por vivir cunha discapacidade, por pertencer a unha determinada etnia, ou simplemente por expresar con normalidade a súa orientación sexual. Na nova etapa, en Galicia temos que seguir conquistando espazos de liberdade e igualdade.

O PSdeG aposta por abordar cunha lexislación galega a regulación dos dereitos das persoas no **proceso final das súas vidas**, asegurando o respecto das institucións sanitarias, sociais e das propias familias á vontade individual do cidadán en todos os momentos da mesma.

A recuperación da memoria das vítimas da Guerra Civil e da ditadura é un avance moral e político, pero agora toca garantir o acceso aos arquivos **e fondos documentais da memoria histórica** en Galicia. Por iso, aprobaremos **unha Lei galega de memoria e reparación coas vítimas** que facilite a plena accesibilidade aos arquivos oficiais de investigadores e persoas interesadas.

Aprobaremos unha **Lei galega de igualdade de trato** e contra a Discriminación. Esta Lei prohibirá todo xeito de discriminación no eido laboral, educativo, a atención social, acceso á vivenda, etcétera.

Promoveremos a creación dunha Fiscalía especializada contra a discriminación e pola igualdade.

A laicidade é **consustancial á idea de liberdade e igualdade**, e a maior parte das persoas cre na liberdade persoal fronte ás imposicións relixiosas. Por esa razón, a **concesión dos concertos** con centros educativos de Galicia irá vinculada ao respecto e liberdade de todo o alumnado para escoller ou non a **opción de ensino relixioso**.

O novo goberno galego asegurará a **neutralidade relixiosa en todos os actos** e espazos públicos.

Aprobaremos unha **Lei galega de Visibilidade** e para a non discriminación das persoas **LGTB**, que, entre outras cuestións aborde a situación deste colectivo nos eidos da educación, a cultura, o benestar social, a sanidade, o emprego e os medios de comunicación.

Garantiremos unha atención integral e adecuada ás necesidades médicas, psicolóxicas e xurídicas do **colectivo transexual**. Poñeremos en marcha, conxuntamente cos concellos, os Puntos de mediación e información para o colectivo LGTB, con especial atención á **diversidade familiar** e a loita contra a homofobia. Introducirase no currículo escolar as novas realidades familiares e afectivas.

Poñeremos en marcha, conxunta, ente cos Concellos, os Puntos de Mediación e Información para o colectivo LGTB, con especial atención á diversidade familiar e a loita contra a homofobia.

**5.8**

# **UNHA POLÍTICA PARA A MOCEDADE\_**



## 5.8.1

## ATENDER Á DIVERSIDADE DE PERSPECTIVAS

A mocidade galega vive hoxe asediada por unha política de desprestixio e desvalorización orquestrada por unha dereita que non cre na xuventude como **un valor engadido**, senón que pensa nela como unha simple etapa de transición cara á vida adulta. Isto trouxo consigo anos de políticas públicas nas que a mocidade era tratada como un elemento “negativo”, obxecto de protección social. Na actualidade é un dos colectivos máis abandonados por parte de Núñez Feijoo.

A falla de un plan específico que mellore o emprego xuvenil e a ausencia de políticas específicas que faciliten a autonomía dos nosos mozos e mozas, obrigan prestar unha atención prioritaria e urxente os problemas da nosa xuventude. Só pode conseguirse a través dun diálogo directo no que se trate aos máis novos como cidadáns con plenos dereitos e non simplemente como menores de idade.

Pero tamén compre un novo enfoque do tópico “ámbito xuvenil”, derivado da consideración social da mocidade como “etapa de transición”. En consecuencia, debe racharse coa uniformidade das políticas públicas dirixidas aos máis novos que non dan resposta á diversidade de perspectivas xuvenís. Pero todo isto debe facerse cunha implicación real dos novos nos **ámbitos de decisión política**. Cómpre o fomentar espazos de coparticipación nos que a xuventude sexa un actor que medie na detección, análise, implementación e avaliación das políticas que van dirixidas a ela.

## 5.8.2

# UN COLECTIVO IMPLICADO COA SOCIEDADE

Fomentaremos unha cultura participativa dende a infancia xerando unha conciencia social de democracia activa. Comprometeremos o fortalecemento e dinamización das asociacións xuvenís e o apoio a proxectos innovadores de participación social.

Apostaremos pola creación de foros de debate sobre temas de actualidade relacionados coa mocidade. Promoveremos novos plans de participación centrados no ámbito municipal. Faremos un Libro Branco sobre políticas para a xuventude e daremos pulo á figura da transversalidade política.

Modificarémos a vixente **Lei de Xuventude** coa participación da mocidade asociada e non asociada. Crearemos un espazo web de recepción de iniciativas sociais do mozos e mozas. Asemade, impulsaremos os Centros Xuvenís Municipais para que sexan útiles e aporten información que abarque o ocio, a educación ou as posibilidades laborais.

Aprobaremos unha **Lei de mellora da convivencia e o desenvolvemento saudable do ocio nocturno**. Retomaremos as condicións máis axeitadas para o servizo de **Noitebús**.

## 5.8.3

**EMPREGO, FORMACIÓN  
E UN NOVO MODELO ECONÓMICO**

Estamos convencidos da necesidade de ter en conta a perspectiva xuvenil en aspectos claves do funcionamento da sociedade como poden ser o emprego e a economía. A mocidade galega é hoxe obxecto dunha especial precariedade laboral e temporalidade na contratación.

Estableceremos axuda e asesoramento ao emprendemento novo, de maneira que aqueles mozos que decidan crear unha empresa contarán co apoio da Xunta a través dun **Protocolo Júnior de Asesoramento Empresarial**.

Crearemos o **selo “Empresa Nova”**, similar a outros tipos de certificacións de calidade, ao que se poidan acoller as empresas que teñan un determinado número de mozos ou cuxo conxunto de accionistas sexa maioritariamente novo. Promoveremos o establecemento de cláusulas de preferencia na adxudicación dos contratos públicos deste tipo de empresas.

Facilitaremos o proxecto de vida autónoma co establecemento de vivendas públicas en aluguer social para menores de 35 anos.

Na valoración da **Responsabilidade Social Empresarial** terase especialmente en conta a contratación de menores de 30 anos en procesos de substitución de persoas xubiladas.

A través da combinación de bolsas- contrato e de programas mixtos de formación e emprego melloraremos a empregabilidade e a inserción laboral tanto dos mozos e mozas que non puidesen aínda desenvolver a súa carreira profesional como daqueles que rematasen con éxito ciclos formativos superiores de formación profesional ou Universidade.

#### 5.8.4

### SAÚDE E SEXUALIDADE

O ámbito da saúde e a sexualidade dos máis novos é onde se vén producindo un maior número de estereotipos arredor do feito de ser “mozo ou moza”. Estamos ante unha xuventude que vive rodeada de **información**, pero esta non chega en moitas ocasións de xeito efectivo. Os métodos de aproximación informativa tradicionais percíbense como obsoletos, dado o paternalismo dende o que se configuraron.

Creemos necesario apostar decididamente por programas que se baseen nos principios de equidade, heteroxeneidade, integridade e participación, apostando ademais pola educación arredor da responsabilidade e a prevención.

Urxe, ademais, abordar a realidade dos **trastornos da alimentación e o adelgazamento extremo** como unha consecuencia dos patróns de moda imposta na sociedade. Debemos facerse especial fincapé no tratamento preventivo destas condutas dende o ensino infantil.

**Modificaremos a Lei de prevención de consumo de alcohol** entre menores para dotala dunha perspectiva preventiva e non sancionadora. Elaboraremos un Plan de prevención da **anorexia** e a bulimia dende os centros educativos.

Promoveremos unha estratexia de educación sexual baseada no respecto á diversidade, a tolerancia e a responsabilidade

## 5.9

**AUTOGOBERNO**

Galicia é unha comunidade con rango de nacionalidade histórica. Non podemos permitir a redución da nosa capacidade de autogoberno nin a vulneración do sistema institucional de equilibrios entre a función executiva e a función de control. O Goberno responde ante os cidadáns a través do Parlamento, onde se fiscalizan as súas decisións, o gasto público e se aproban as iniciativas legislativas. Podemos controlar os custos de funcionamento da democracia pero **non dinamitar as institucións representativas**. As normas sobre o funcionamento democrático das institucións só poden ser modificadas por medio do consenso, nunca baixo a imposición de parte, como pretende o PP.

A dereita española, e nomeadamente a dereita galega, quere aproveitar a crise para rachar co acordo social, alicerce democrático: nin convenios colectivos, nin estado de benestar, nin control democrático. Non hai democracia sen fiscalización do goberno, sen transparencia, sen dación de contas. Estaremos en contra de calquera intento de reducir a capacidade democrática de Galicia baixo falsos pretextos e con argumentos inconsistentes.

O futuro de España non pode ser discutido exclusivamente polo nacionalismo catalán e o centralismo do PP, representado por Núñez Feijoo, que nin asume, nin defende a posición propia de Galicia, por estar subordinado ós intereses do seu partido. Cremos que **Galicia, pode facer unha notable contribución á gobernação do Estado**, dende o diálogo e a utilización intelixente das posibilidades do autogoberno. **Rexeitaremos tanto as posicións dogmáticas como as excluintes.**

Os socialistas propugnamos na pasada lexislatura a constitución dunha Comisión parlamentaria na que acadar os consensos necesarios para proceder á **reforma do Estatuto de Autonomía** de Galicia. A maioría do Partido Popular impediu tal proposta, de xeito que elevamos ao Parlamento de Galicia unha proposición de Lei no mesmo sentido. Tamén contou ca oposición do Grupo Popular.

Os socialistas continuamos a defender a **aprobación dun novo Estatuto de Autonomía para Galicia** que nos permita, ao igual que xa fixeron outras comunidades, avanzar no autogoberno para dispoñer de mecanismos institucionais máis potentes cos que superar a actual crise económica, e avanzar nos dereitos das novas xeracións e no impulso dun modelo democrático máis avanzado.

## 5.9.1

# **MEDIOS PÚBLICOS DE COMUNICACIÓN**

Garantimos uns medios públicos de comunicación independentes, obxectivos e veraces, lonxe da utilización partidaria que o actual goberno realiza da radio e da televisión públicas de Galicia e que da lugar a unha información caracterizada pola manipulación e que deforma ata límites increíbles a realidade económica, social ou política do noso país.

Si na actual Lexislatura e grazas ao impulso dos socialistas, logrouse aprobar unha nova Lei de medios públicos audiovisuais de Galicia, nos comprometemos a súa posta real en vigor, intensificando o seu desenvolvemento efectivo e aprobando o Mandato – Marco, a vez que garantindo a profesionalidade e independencia dos seus responsables cara a lograr un modelo de medios públicos máis eficiente na Corporación da RTVG.

## 5.10

**XUSTIZA**

A cidadanía demanda unha Xustiza de calidade, prestada nun tempo razoable, e adaptada á realidade galega. No momento actual, iso require culminar a implantación da **Nova Oficina Xudicial**, un modelo que suporá a definitiva modernización da Administración de Xustiza e un profundo cambio na súa organización e mentalidade. Calquera tentativa modernizadora esixirá a aprobación da **Lei de uso das novas tecnoloxías da comunicación en Galicia**.

A fin de procurar un servizo dilixente, e que as decisións xurisdicionais sexan efectivas no menor tempo posible, crearemos a **Oficina xudicial de execución de sentencias**, dependente do TSXG. Na mesma liña, poremos en marcha a **Oficina de orientación** para a asistencia ás **vítimas**.

O PSdeG oporase, como goberno, á reforma proposta recentemente polo Consello Xeral do Poder Xudicial para a modificación das **plantas xudiciais**, claramente prexudicial para os intereses de Galicia, e que suporía o afastamento da Xustiza respecto dos xusticiables.

Impulsaremos e melloraremos o funcionamento da **Oficina Xudicial Virtual**, que permita aos profesionais presentar os seus escritos e recibir as notificacións con todas as garantías da defensa e representación dos dereitos dos cidadáns. Isto facilitará, asemade, que os propios cidadáns poidan consultar os expedientes, incluso realizar directamente trámites para os que non é preceptiva a intervención de letrados e procuradores.

Aprobaremos unha **Lei galega de asistencia xurídica gratuíta**, acorde coa situación económica actual, e respectuosa cos dereitos dos cidadáns e os profesionais. Escoitaremos a opinión das asociacións xudiciais e dos colexios de avogados e procuradores de Galicia.

Baixo o propósito de aliviar a carga xudicial, aprobaremos a **Lei galega de mediación** no ámbito do Dereito Privado, como alternativa ou complemento da vía xudicial.

Executaremos e desenvolveremos unha **nova organización** para os **Xulgados de Paz**, agrupando as secretarías dos pequenos municipios limítrofes e dando formación aos seus profesionais.

## 5.11

# COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

No PSdeG somos conscientes de que as decisións que se toman nos países máis desenvolvidos, coma o noso, repercuten noutros nos que a fame, a morte por enfermidades curables, ou a carencia do máis básico como é a auga potable, é o día a día de millóns de persoas. Cando falemos de cooperación, e alguén intente cuestionala, lembremos que o **80 % da poboación do mundo malvive co 20 % dos recursos** do planeta.

Dende o PSdeG apostamos por **manter**, aínda coa crise económica e a necesaria **austeridade** orzamentaria, a cooperación galega ao desenvolvemento. Os nosos compromisos políticos víronse xa reflectidos no impulso do I Plan Director da Cooperación para o Desenvolvemento 2006- 2009, e nos orzamentos da Xunta de Galicia pasando de 6,1 millóns no 2005 a 11,6 no 2009. Pola contra, na lexislatura presidida por Feijoo sucedeu todo o contrario.

Queremos poñer a disposición doutros pobos a experiencia e a solidariedade de Galicia. Abandonar a cooperación exterior, como fai a dereita, é unha irresponsabilidade, un acto inhumano. Por iso, revisaremos o II Plan Director da Cooperación Galega ao Desenvolvemento (2010-2013), para presentar **un calendario de financiamento** da cooperación baseado na realidade.

O PSdeG promoverá a sinatura de **Pactos Locais contra a Pobreza** que introduzan nos orzamentos dos concellos e deputacións galegas partidas económicas destinadas ao financiamento da cooperación ao desenvolvemento.

En paralelo, crearemos a **Mesa Sectorial da Cooperación Galega ao Desenvolvemento**, con representación e participación da Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento e do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Un dos seus principais obxectivos será o seguimento e control do II Plan Director da Cooperación Galega.



A nosa contribución ao desenvolvemento social e económico estará baseada nas **potencialidades endóxeas** dos países receptores da axuda, cun absoluto respecto aos seus valores ambientais, única forma de garantir un desenvolvemento harmónico e sostible. Xa que logo, incidiremos na loita contra o cambio climático, na igualdade de xénero e no fortalecemento da muller. Unha axuda que busca propiciar a igualdade de oportunidades, debe garantir que as mulleres participan na definición destas políticas de cooperación e que se benefician dos resultados.

Unha cooperación planificada e dirixida dende a Administración, en estreita colaboración con todos os axentes de cooperación, aumentará o impacto e a calidade da axuda galega. Elaboraremos un **plan de comunicación** das actuacións en materia de Cooperación contando coa colaboración de ONGD's e os concellos do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Coa finalidade de sensibilizar á sociedade e facerlle ver que apostando pola cooperación ao desenvolvemento, non só estamos facendo solidariedade senón que o que investimos fóra nos vai a repercutir favorablemente dentro.

5.12

## **A CIDADANÍA NO EXTERIOR: GALEGOS DE PRIMEIRA**

Os galegos e as galegas que viven fóra de Galicia son depositarios de valores esenciais da **nosa identidade como país**. Están comprometidos coas raíces e a orixe galega. Por razóns puramente biolóxicas os emigrantes nados en Galicia serán cada día menos. O seu lugar está sendo ocupado polos seus fillos e netos, que aspiran a seguir vinculados coas súas orixes.

A modificación da lexislación que permitirá a moitos descendentes de galegos acceder á **nacionalidade española** é unha magnífica oportunidade de estender, a través deles, a nosa capacidade de proxección no mundo enteiro.

Galicia, sen esquecer os aspectos asistenciais dirixidos os galegos de orixe que se atopan en especiais dificultades, debe apostar por **vincular aos fillos e aos netos cos proxectos da Galicia do futuro**. Para iso son esenciais políticas tendentes a fomentar as relacións e o encontro entre os empresarios de aquí e de acolá, os vínculos culturais, o fomento do idioma como sinal de identidade, a aposta por converter Galicia en terra onde os fillos e os netos dos galegos estuden e se formen en todos os sentidos.

Repudiamos aquelas políticas que vinculan os dereitos da emigración aos **resultados electorais**, non dubidando en demandar recortes de dereitos fundamentais cando estes non son favorables.

O PSdeG propugna unha relación coa nosa emigración en igualdade de condicións que a existente cos que vivimos en Galicia. Os galegos que residen fóra deben ter dereitos e obrigas, como os que vivimos na Galicia territorial.

Propoñemos, nesa medida, a creación de **redes educativas e culturais** que vinculen aos descendentes dos emigrados co sistema educativo galego en todos os seus niveis, como fórmula que permita a unión destas novas xeracións de galegos coa terra de orixe e cos seus proxectos colectivos.

Fomentaremos que os fillos e netos de emigrantes poidan estudar en calquera dos **centros educativos públicos galegos**, así como os intercambios de docentes e estudantes entre centros educativos galegos e estranxeiros en países de forte presenza de emigrantes.

Promoveremos a **difusión da lingua e cultura galegas** entre a cidadanía residente no exterior. Deseñaremos, a ese propósito, actuacións de inmersión lingüística e un novo programa de teleformación en lingua galega, preparatorio para a obtención dos certificados CELGA.

A creación de redes empresariais que vinculen as empresas e os emprendedores galegos entre si, con independencia da radicación física das mesmas, será unha liña prioritaria. Asemade, crearemos o **Foro Económico da Galicia Emprendedora no Mundo** (FEGEM), como instrumento de coordinación e punto de encontro entre as empresas e os empresarios galegos do exterior e os radicados en Galicia e España.

Defendemos o dereito que ten a Galicia Exterior a deseñar, a través do seu voto libre, directo e segredo, a Galicia do futuro en igualdade de condicións que os galegos que residimos en Galicia. Neste senso, promoveremos as **modificacións lexislativas** que sexan precisas para que os galegos do exterior poidan expresar o seu voto en urna e en condicións democráticas idénticas as esixibles no territorio galego.

Os galegos e galegas residentes no exterior atesouran un gran patrimonio cultural, etnográfico, inmobiliario, sanitario e de todo tipo. Cómpre xa integralo nun gran proxecto colectivo que garanta a súa preservación, rehabilitación se fose o caso, e posta ao servizo do gran proxecto colectivo de proxectar a Galicia no mundo.

Crearemos a **Rede de Centro Galegos no Mundo** para a súa rehabilitación, promoción e integración cultural. Urxe a **integración** das entidades galegas no exterior, sobre todo as máis pequenas e menos sostible.

Retomaremos as labores de inventariado, catalogación e dixitalización de imaxes do patrimonio arquitectónico, artístico e documental, titularidade dos Centros Galegos, coa finalidade de poñer en valor e difundir o legado artístico e cultural e configurar a Rede Virtual do Patrimonio Galego no Exterior.

Xunto coa inxente labor en materia socio- cultural, os emigrantes construíron unha grande rede de centros sociais e sanitarios que prestan atención a milleiros de compatriotas nosos. Debemos poñelo en valor e modernizalo adaptándoo aos novos tempos. Para iso, crearemos un órgano de coordinación no que participarán as distintas administracións e os axentes sociais.

Acometeremos un plan **integral de optimización e mellora das infraestruturas** e equipamentos da áreas hospitalarias no exterior e propiciaremos un acordo en materia de formación de profesionais sanitarios con intercambio de profesionais sanitarios.

Reformaremos o programa de axudas **económicas individuais** para adecualo ás novas necesidades da cidadanía galega residente no exterior.

5.13

## **ACCIÓN EXTERIOR: REGRESO A EUROPA E AXENDA PROPIA**

O Goberno de Núñez Feijoo renunciou a unha acción exterior sostida no tempo, con obxectivos nidios, orientada ás necesidades económicas do país. A principal actividade da Xunta en materia exterior foi o Comité das Rexións, un órgano consultivo comunitario onde non se adoptan decisións. En paralelo, a Fundación Galicia-Europa careceu de actividade relevante. Galicia segue a ser unha das poucas comunidades autónomas que non conta cunha mínima presenza institucional e funcional en Bruxelas. Esa eiva está dificultando unha visión máis incisiva da nosa capacidade nas políticas comunitarias. No Parlamento é habitual comprobar como, nas políticas sectoriais, os altos cargos da Xunta demostran vivir alleos á política comunitaria.

Como consecuencia da ausencia de estratexia exterior, a participación territorial na elaboración normativa da UE non está funcionando. A Xunta rexeitou fixar posición previa en cada iniciativa, e o Parlamento carece dos axeitados medios humanos de apoio. O Presidente fuxe dos asuntos exteriores. Os seus conselleiros tamén. Bruxelas é percibida como unha fonte financeira, non como unha oportunidade. En relación con Portugal, a AECT, que cumpre dous anos, está amosando un funcionamento burocrático.

Nós definiremos unha **axenda exterior para Galicia** en cooperación cos axentes económicos, culturais e sociais, e contando coa colaboración do Goberno do Estado e das súas institucións no exterior. No ámbito económico, modificaremos a rede **de oficinas no exterior** para incorporar os servizos que demandan as empresas: promoción, contactos, seguimento, asesoramento técnico, xurídico e comercial.

Promoveremos unha **imaxe de marca** de Galicia asociada aos valores emerxentes da sociedade: creatividade, competitividade, singularidade, carácter de seu. En turismo, facilitaremos a sinerxía coas accións comerciais dos organismos estatais especialmente nos mercados emerxentes. Promoveremos a cultura galega no exterior aproveitando as institucións culturais existentes.

Facilitaremos a presenza das institucións públicas e privadas de Galicia nos foros internacionais e o desenvolvemento en Galicia de eventos promovidos por entidades multinacionais.

A Fundación Galicia- Europa será transformada nunha estrutura de acción comunitaria, facilitando as necesidades de interlocución das empresas e institucións galegas, efectuando o seguimento das iniciativas, coordinando a posición galega coa REPER española e cos demais países membros e desempeñando un labor eficaz de xestión e representación.

Igualmente traballaremos por consolidar e aumentar as vinculacións entre Galicia e o Norte de Portugal, así como cas Comunidades Autónomas limítrofes co noso país.



**GALICIA  
QUERE,  
GALICIA  
PODE.**



@pachivazquez  
facebook.com/PachiVazquez.PSdeG  
www.pachivazquez.com



***Pachi***  
**VÁZQUEZ**

**PSG<sup>DE</sup>**  
**PSOE**